

Endesa retrasa as probas e pacta a marcha de cen traballadores

Endesa anunciou que as probas con biocombustibles, claves para determinar o futuro da central pontesa, se celebrarán finalmente no mes de setembro. Nestas probas estudarán a viabilidade de dous tipos de mesturas, nas que se empregará en distintas proporcións carbón importado de Kazaxistán e de emendas orgánicas fóra de especificación, popularmente mal chamadas lodos. Ademais, están a tramitar a saída voluntaria dun máximo de 577 empregados afectados polo peche das súas centrais. Nas Pontes aceptaron o ofrecemento un centenar de empregados. **Pax. 3**

200 números de Terrachaxá

Logo de máis de 16 anos, o noso xornal sitúase no panorama periodístico como un referente informativo da comarca sendo unha edición gratuíta

Hai máis de 16 anos vía a luz o primeiro número do xornal gratuíto e mensual Terrachaxá, unha publicación que nacía co claro obxectivo de ser un referente da información da comarca chaira. Foron estes tempos de cambios que se viron reflectidos nas páxinas deste periódico que tamén modificou a súa propiedade, a súa redacción, maquetación e deseño aumentando tamén o servizo nos últimos anos cunha web que se actualiza diariamente e con redes sociais nas que manter unha relación máis directa cos lectores. Moitas grazas a todos e seguiremos ao voso carón. **Pax. 2**



EXEMPLAR GRATUÍTO

vilalba. O Concello prepárase para contratar seis grandes obras. **Pax. 4**

friol. O Concello adxudica obras por valor de 400.000 euros. **Pax. 10**

castro de rei. O Concello anuncia exencións nas taxas polo covid-19. **Pax. 12**

guitiriz. Parga Non Se Divide denuncia as listas de espera. **Pax. 14**

outeiro de rei. Aprobán unha subida de taxas e os orzamentos. **Pax. 18**

begonte. O Concello dará axudas aos afectados pola pandemia. **Pax. 25**

terra chá. Os gromos de Mariña, Vilalba e O Saviñao, controlados. **Pax. 28**

Novas bandas para o Parga Rock 2020




A celebración do festival será o 5 de setembro. **Pax. 14**

Un Encontro de Torneiros diferente



A reunión xermadesa será este ano virtual. **Pax. 24**

O Galibudo achega o seu lado solidario



Os vilalbeses terán o seu encontro en setembro. **Pax. 33**

Aprobada a distribución por concellos do Plan Único

O último pleno ordinario aprobou por unanimidade a relación de actuacións e proxectos que os concellos propuxeron para executar ao abeiro do Plan Único 2020. Os municipios priorizan os investi-

mentos, seguido de iniciativas para a creación de emprego e de medidas sociais e económicas para combater a covid-19, unha nova liña que decidiron incluír para axudar a facer fronte á crise sanitaria. **Pax. 27**



NOVALUX

óptica & centro auditivo

VILALBA
C/Plácido Peña 9

604 03 20 92

Nº R.S. E-27-000351 / E-27-000333

AS PONTES
Av. de Galicia 91

604 02 21 80

Nº R.S. E-15-000024 / E-15-001170

novaluxoptica.com



200 números e... seguimos!

Este mes de agosto facemos a edición número 200 do Xornal TERRACHÁXA, e dicir, levamos case que 20 anos informando de forma gratuíta na comarca. Dirixo o Xornal fai case 5 anos, foi unha casualidade a forma na que caeu nas miñas mans tal responsabilidade pero a verdade, cando me propuxeron a posibilidade de facerme cargo da edición dun xornal na comarca onde nacín e me criei, non me resultou difícil dicir que si e afrontar esta aventura empresarial e sobre todo cultural.

Durante os últimos 5 anos foron moitas as variacións que sufrimos nos nosos modos de vida, pero seguramente ningunha tan brusca como as acontecidas este ano 2020. A chegada da Covid-19 marcou un antes e un despois en moitas das nosas rutinas diarias. Algúns dos cambios a curto ou medio prazo sen lugar a dúbidas desaparecerán, outros viñeron para quedarse.

Fóra de tódalas medidas hixiénico-sanitarias que implantamos destaca tamén a nova metodoloxía de relacionarse e interactuar. Refírome a chegada definiti-

va das tecnoloxía da información e comunicación (TIC) de forma case que obrigatoria para a práctica totalidade das persoas.

Sen lugar a dúbidas grazas aos avances tecnolóxicos moitos dos parámetros que determinan a calidade de vida do ser humano na actualidade víronse mellorados, é algo en termos xerais difícilmente rebatible. Isto non priva de que estamos ante unha nova forma de actuar en moitas situacións como pode ser a laboral, a da educación ou a sanitaria para o que non fomos educados nin temos conformada unha escala de valores clara sobre como comportarse e como absorber a información recibida.

Desde o Xornal TERRACHÁXA apostamos fai tempo pola suma dun medio tradicional (en formato papel) xunto coas novas TIC'S. Para nós as ferramentas dixitais deben ter os mesmos valores que o papel, e dicir, utilizar fontes fiables, contrastadas, veraces e plurais.

O equipo que conforma este xornal queremos dar as grazas en primeiro lugar a tódolos lectores que nós seguen con asiduidade, un medio de comunicación non

pode perdurar se non ten un público a quen orientar a información. O noso compromiso para con vós será o de seguir ofrecendo un medio gratuíto con unha gran tirada e distribución que sirva como medio de comunicación da actualidade máis próxima coa



garantía de que leredes unha información de calidade e esperamos que útil.

Tamén desde o equipo de redacción traballaremos no futuro en temáticas sociais facendo públicas as demandas dos diferentes

colectivos que traballan na zona, así como actuando de megáfono das necesidades da poboación en xeral e das súas reivindicacións mantendo a nosa independencia informativa.

En segundo lugar agradecemos a colaboración das persoas que de xeito altruísta nós fan chegar as súas aportacións e coñecementos cada mes, xente coma Breixo, Miriam, Pablo, Raúl, Moncho (que continúa a labor comezada por seu pai Ramón), Marco, José Antonio, Lara, Marta, Barcala... Facedes que coas vosas aportacións coñezamos un pouco mellor o mundo que nós rodea.

Por último agradecer as entidades públicas e aos comerciantes, a maior parte deles pequenos negocios locais, que confiades en nós como medio de difusión da vosa imaxe e actividade. Grazas a vós temos os recursos necesarios para continuar dando vida a este humilde e pequeno xornal.

O pequeno comercio está pasando por un momento complicado onde bastantes autónomos se xogarán a súa supervivencia, e canda eles moitos empregados por conta allea. Sen a tradicional actividade comercial, con orixes

bastantes máis ancestrais que o actual capitalismo e co que non debemos mesturar conceptos, a sociedade non tería avanzado. Debemos entre todos ser conscientes da importancia que representa ter un rural con servizos, e moitos deles son impensables sen profesionais próximos que nós proporcionen servizos, produtos e atención de calidade difíciles de atopar noutro tipo de comercio como poden ser os de masas ou a distancia.

Para nós é o momento de apostar pola comarca, temos moitas potencialidades que ofrecer, somos referencia no sector primario e no de transformación industrial, así mesmo aínda somos descoñecidos no sector turístico pero temos unha historia colectiva e un patrimonio cultural envexable en calquera outro territorio europeo por non dicir mundial. Desde TERRACHÁXA seguiremos dando cumprida cobertura informativa a tódalas actividades e novidades que afonden no desenvolvemento da comarca e a súa área de influencia.

Sen vós, este proxecto non sería posible.

Diego Elías García Puente

200
NÚMEROS

terracháxa

xornal independente da chaira www.terrachaxa.com

Grazas a tódolos lectores,
colaboradores e clientes porque sen vós
este xornal non sería posible.
Seguiremos ao voso carón!



NOVAS

vilalba

O comedor da escola infantil será de xestión municipal o próximo ano



A escola infantil municipal de Vilalba

O Concello de Vilalba xestionará de forma directa o comedor da Escola de Educación Infantil (nenos e nenas de 3 a 6 anos), un novo servizo que porá en marcha no próximo curso académico 2020/21.

O comedor terá 49 prazas e o concello impulsa o servizo "para favorecer a conciliación da vida familiar e laboral, a pesar de non ser unha competencia que pertenza ao concello", explica a concelleira de Servizos Sociais, Marta Rouco.

A xestión deste comedor foi un dos asuntos que o grupo de goberno local levou ao pleno municipal conseguindo o respaldo unánime. O concello tramitará un expediente para asumir esta competencia e o servizo terá un custo de 50.000 euros.

Parte do orzamento necesario

para o comedor será sufragado pola Xunta mediante un convenio de colaboración co concello e as familias pagarán tamén algo ou non en función do seu nivel de renda (o custo do menú diario, que será de catering, oscilará entre a gratuidade e os 4,5 euros dependendo dos ingresos do fogar).

A xestión incluírá todos os protocolos de seguridade e saúde necesarios para que os nenos e nenas fagan uso do comedor de forma segura, tendo en conta a actual situación derivada do coronavirus.

Por outra parte, o concello garante a gratuidade do segundo fillo ou filla na gardería municipal (0 a 3 anos), independentemente da idade do irmán, para o que modificará a ordenanza reguladora.

O Concello prepárase para contratar 6 grandes obras

O Concello de Vilalba acometerá nas próximas datas seis actuacións no casco urbano e nas parroquias do municipio para mellorar a vida diaria dos veciños e veciñas.

As obras, cun investimento conxunto de 519.000 euros, irán a próxima semana á comisión de urbanismo e o pleno municipal, co obxectivo de que saian a licitación de forma inminente.

O concello fará dúas obras no casco urbano valoradas en 261.000 euros. Por un lado, a humanización da zona das Pedreiras (167.000 euros), e por outra unha actuación para o cambio de beirarrúas, abastecemento de auga e novo cableado na rúa Xosé María Chao Ledo (94.000 euros).

No rural de Vilalba, o concello rexenerará dúas pistas nas parroquias de Codesido e Árbol (89.000 euros); fará melloras en varios accesos nas parroquias de Codesido e Santaballa (30.000 euros); pavimentación do vial que une Goiriz coa N-120 (48.000 euros), e o aglomerado da pista que vai de Sancovade a Oleiros (94.000 euros).

Nas últimas semanas remataron tamén as obras de renovación do alumeadado público en Buxibán e Cotoriña, con tecnoloxía LED para mellorar a calidade da luz e reducir a contaminación.

FROUXEIRA. O Concello de Vilalba acometerá a mellora dos accesos ao barrio da Frouxeira, situado na parroquia de Sancovade, una obra que contará cun orzamento de 103.000 euros. As obras previstas contem-



O Concello acometerá a obra de humanización nas Pedreiras

plan un tramo de 2.375 metros de longo e 4,70 de ancho da vía municipal que vai desde a estrada Vilalba-Paraxes (LU-120) ata a intersección con outra vía local en O Cotarón, tamén en Sancovade, pasando polos barrios da Teixeira e Padronelo.

En principio, os traballos terán un prazo de execución dun mes e consistirán nos labores de limpeza de noiros, regularización da superficie da calzada e a execución dunha nova capa de rodadura a base de aglomerado en quente de cinco centímetros de espesor. Completarse a intervención coa instalación da correspondente sinalización.

PARQUE INFANTIL. O goberno de Vilalba licitou esta semana o proxecto de ampliación e mellora do parque infantil situado na praza da Constitución, que será subvencionado nun 70% pola Xunta de Galicia. Do orzamento total de 48.380,63 euros,

co que saíu a licitación, a Xunta fará fronte ao pago de 36.866,44 euros, quedando a diferenza baixo a responsabilidade da entidade local.

A execución deste proxecto permitirá ampliar este parque creando un espazo adaptado a todas as idades e necesidades de nenas e nenos. Colocaranse xogos inclusivos e adaptarse esta zona á normativa vixente en materia de parques infantís, ademais de renovar o pavimento.

En concreto, o proxecto proposto polo goberno local recolle a renovación e colocación de pavimento amortiguador de seguridade, a retirada e recolocación dos xogos infantís existentes, a supresión de elementos de risco e a colocación de novos xogos homologados. Tamén se contemplan bancos de madeira e un peche perimetral que impida a saída accidental dos pequenos e pequenas sen a vixilancia da persoa adulta a cargo.

PROMEDISA®
SUMINISTROS MÉDICOS

tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

AYUDAS TÉCNICAS • ORTOPEdia

- AYUDAS PARA LA VIDA DIARIA
- DESCANSO
- ASEO DIARIO
- MOVILIDAD
- GRÚAS
- EMERGENCIAS
- DIAGNÓSTICO

COMPRA ONLINE
www.promedisa.com

AVENIDA DE LA CORUÑA, 104 BAJO - LUGO T. 982 245 715
AVDA. TERRA CHÁ, 50 BAJO - CASTRO RIBERAS DE LEA T. 982 310 374

O aparcadoiro público da praza da Constitución pasará a estar regulado

O Concello de Vilalba avanzou as súas conclusións sobre o futuro do aparcamento público gratuito dos subterráneos da praza da Constitución. Así, este pasará a ser un estacionamento regulado, fixando un tempo máximo gratuito tralo que empezará a cobrarse.

Para poñer en marcha este proxecto, o Concello destinará un total de 67.500 euros, para os busca financiamento co obxectivo de sacar este proxecto adiante canto antes. A obra realizarase en tres fases. Na primeira instalarase a maquinaria e unhas barreiras para poñer en marcha un sistema de cobranza por tempo para os usuarios. Así, colocaranse un posto de cobranza automática, unha máquina de entrada expendedora de ticket ISO en código de barras e outra de saída, dúas barreiras, dous cámaras de captura de matrícula e un cartel luminoso para indicar se está libre ou completo.

O obxectivo é tamén facerse cun equipo informático e software de



Entrada ao aparcadoiro da praza da Constitución

captura de matrículas e farase a conexión coa sala adaptada para o servizo de control, que está previsto que se sitúe na casa do Concello. A segunda fase contempla a mellora e adecuación da instalación de iluminación de emerxencia e a mellora da seguridade, mentres que a terceira centrarase en adecuar á normativa os roteiros peonís, a sinalización horizontal e a reorganización dalgunhas prazas de aparcamento, xa que teñen previsto

suprimir tres.

O subterráneo, que agora mesmo é un aparcamento libre e gratuito abriuse en 2004. Malia que sufriu cambios e adaptacións foi en 2009 cando quedou na súa forma actual, ao establecerse 96 prazas sinalizadas para turismos, das que tres son adaptadas, e nove para motos. O antigo equipo de Goberno tamén tiña feitas algunhas propostas co obxectivo de regular este servizo, pero non chegou a facerse.

Récord de participación no certame literario

O Concello de Vilalba informa de que o XLVI Premio do Certame Literario de Vilalba batiu este ano o seu récord histórico de participación.

Unha vez rematado o prazo para presentar os orixinais o pasado venres 17 de xullo, un total de 90 obras optan ao concurso nesta edición do tradicional certame literario, triplicando a participación de anos anteriores.

“É unha satisfacción saber que a creación poética está en pleno auge e que o tan recoñecido certame de Vilalba medra en participación e renome ano tras ano, a cultura é para nós unha prioridade de goberno”, sostén a alcaldesa, Elba Veleiro.

O Certame Literario de Vilalba é un premio de poesía en galego que naceu no ano 1975 e a entrega de premios celébrase tradicionalmente cada 30 de agosto no Concello de Vilalba. Está dotado con 7.000 euros en metálico e



a publicación da obra premiada para o mellor poemario inédito escrito en lingua galega.

Nos seus 45 anos de historia, nomes propios da literatura galega como Helena Villar Janeiro, Darío Xohán Cabana, Xavier Alcalá ou Yolanda Castaño xa recolleron o premio, un dos máis destacados do panorama poético de Galicia.

O Mupav pecha temporalmente por unha inundación

Unha inundación foi a causa de que o Museo de Prehistoria de Vilalba tivese que pechar ao público por terceira vez no que vai de ano.

Este peche produciuse poucos días despois de que reabrise tras permanecer fóra de servizo durante o tempo de confinamento por mor da pandemia. Nesta ocasión foi a rotura dunha tubaría o que motivou o peche temporal mentres se volve a adecuar o edificio.

Sete Pontes impartirá obradoiros aos seus socios para a transformación dixital

A Asociación de Empresarios Polígono Sete Pontes de Vilalba prepara a presentación para a posta en marcha dos obradoiros dixitais ao abeiro da liña de axudas da Xunta de Galicia para a dixitalización Industria 4.0

Trátase dun proxecto pioneiro na comarca chairega, no que o principal obxectivo que se persegue é o de axudar aos asociados na súa trans-

formación dixital de xeito que sexan capaces de determinar cales son as súas prioridades e o camiño a seguir para poder modernizar as súas empresas e os seus modelos de negocio, chegando a construír o seu propio Plan de Transformación Dixital.

O prazo para inscribirse como empresa candidata nos Obradoiros de Dixitalización xa está aberto.



Violencia de xénero. A subdelegada e a alcaldesa tiveron un recordo para a veciña de Vilalba Mari Carmen Vázquez Cereijo, que foi asasinada hai un ano pola súa exparella, e consideraron que as administracións están obrigadas a traballar man con man, con todos os medios posibles, contra a violencia machista. Na xuntanza, aprobouse un novo protocolo de coordinación e colaboración entre a Garda Civil e a Policía Local de Vilalba para a protección das vítimas de violencia de xénero.

Este verán volve para conectar co que amas!

#VuelveParaConectar

INTERNET FIBRA DE 1.000 Mb

+ **MÓBIL 9GB**

21€/MES durante **3 MESES**

42,99€/MES

PAGA SÓ A METADE!

Chama ao GRATIS 900 651 679

www.adamo.es

Queres gañar unha cámara GoPro?

Participa xa, só tes que rexistrarte en www.adamo.es/gopro

adamo

INTERNET | TELEFONIA | MÓBIL

Oferta válida para novos clientes que contraten entre o 15/06/2020 e o 31/08/2020, ambos incluídos. Non se pode combinar con outras promocións. Fibra FAST! + Móbil ilimitado 9 GB PVP total 42,99 €/mes, coa promoción, durante os primeiros 3 meses, só pagarás 21 €/mes. Prezo final con IVE e cota de liña incluídos. Promoción suxeita a permanencia cos servizos Adamo de 12 meses. Alta e instalación gratuítas. Consulta as bases legais do sorteo da cámara GoPro en: <https://adamo.es/bases-legales-sorteo-go-pro-hera-7>

O Lois Peña Novo entra no programa de idiomas Cuale

Así, o IES Lois Peña Novo contará co B1 de inglés ao entrar a formar parte do programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado da Xunta de Galicia (Cuale). Un total de 5 centros da provincia participarán o vindeiro curso nesta iniciativa, a través da que o alumnado de centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade pode preparar as probas de certificación das Escolas Oficiais de Idiomas dos niveis das ensinanzas especializadas de idiomas. A formación que recibirá o alumnado é gratuita e realizárase fóra do horario lectivo.

Vilalba Aberta saca adiante as súas propostas para o colectivo LGTBI e o cheque da conciliación

Vilalba Aberta presentou no Pleno varias mocións, na primeira pediu a posta en marcha do marco de reivindicacións do colectivo LGTBI e tamén a execución dun sistema de cheques para a conciliación. Ambas as dúas medidas foron aprobadas coa abstención do PP e os votos a favor do grupo de Goberno. Pola contra, foron rexeitadas outras dúas, unha na que se pedía que os cartos do canon eólico reverteran directamente nas parroquias, e a que pedía que se puxeran en marcha as axudas aos afectados polo covid-19 aprobadas na sesión anterior. Nos dous casos o PP abstívose e o PSOE

votou en contra.

Na moción do canon eólico Vilalba Aberta defendía que se trata dunha proposta “prioritaria e de xustiza” con vistas á próxima lexislatura. No relativo á moción da posta en marcha das axudas aprobadas no Pleno anterior, o PSOE votou en contra aínda que a moción en si non tiña importancia “xa que había un acordo do pleno anterior por poñer en marcha as axudas que o que conta”, explica Modesto Renda. Tamén presentou unha moción de urxencia para que non fose necesario o consenso dos 2/3 para os nomeamentos, pero foi rexeitada.

Arriva limpa a estación de autobuses tralas protestas

A empresa concesionaria da estación de autobuses de Vilalba, Arri-va, finalmente acometeu as tarefas de limpeza e desinfección esixidas pola Xunta de Galicia tralas continuas demandas tamén por parte da veciñanza e dos diferentes partidos políticos entre os que se atopa tamén o goberno municipal. Os traballos realizáronse tanto nos espazos interiores de uso común como no exterior das instalacións, con especial intensidade na zona de acceso principal, vestíbulo de espera e nas distintas dársenas, ademais dos aseos, segundo informaron dende o Goberno autonómico. A limpeza incluíu a reitarada de cascos e outros elementos almacenados que xa non tiñan utilidade e se



Estado no que se atopaba

desinfectou con técnicas e produtos específicos aconsellados para espazos públicos para a prevención de posibles contaxios por coronavirus. A administración autonómica requiriu á firma concesionaria que intensifique o coidado e mantemento das instalacións que, aínda que teñen poucos viaxeiros, seguen abertas ao público.

Vixilancia municipal para maiores

O Concello de Vilalba quere mellorar a atención que reciben as persoas maiores empadroadas no municipio, un colectivo vulnerable e cada vez máis amplo polo proceso de envellecemento do conxunto da sociedade.

Desde hai uns días, o concello comezou a enviar unha carta ás seiscentas persoas de máis de 70 anos que vi-

ven soas en Vilalba, co obxectivo de facerlles un seguimento e explicarlles a onde poden dirixirse ante calquera necesidade.

Unha vez rematada esta primeira fase do novo programa de atención aos maiores, o concello remitirá tamén a mesma comunicación aos fogares nos que vivan dúas persoas de máis de 70 anos.

“O noso obxectivo é que saiban a onde dirixirse se teñen algún problema, alguna necesidade ou urxencia na súa vida diaria, facilitarlles as cousas desde o concello e facerlles un seguimento especial”, engade Rouco. O colectivo de persoas maiores é cada vez maior e ten ademais que ter un especial coidado polo coronavirus.

O PP urxe a aprobación do orzamento e tomar medidas económicas contra o covid-19

A moción presentada polo Partido Popular sobre os orzamentos centrou unha boa parte do último Pleno. Nesta ocasión, tanto os populares como os de Vilalba Aberta criticaron a xestión municipal neste punto reclamando as contas xa que están a traballar cos orzamentos dos anos pasados prorrogados. O voceiro do PP, Agustín Baamonde, afirmou que “esta situación é unha mostra máis da inacción do equipo de Goberno e outra consecuencia da ruptura do pacto de Goberno”. Segundo engadiu o PSOE “non se da conta da situación na que se queda en minoría, e que para gobernar ten que ter as contas arranxadas polo que só lle quedan como alterantivas negociar os presupostos ou ben deixar o Goberno”. O PSOE, por boca do seu edil de economía, defendeuse das acusacións alegando que o orzamento estaba xa deseñado pero a pandemia obrigou a facer modificacións antes de presentalo para a súa aprobación. Baamonde dí que eso non é certo “porque segundo eles nos reclama-

ban a nós cando estabamos no Goberno, tiñan que telo aprobado en decembro”. O PP acusou tamén ao Goberno local de seren o único partido que non foi quen de tomar medidas de ningún tipo sobre a reactivación económica tralo covid-19. A razón de fondo segue a ser para os populares a carencia de presuposto e a carencia da capacidade de aprobar as contas. Os populares aseguraron que agora mesmo seguen a gobernar cos orzamentos que elaborou o PP para o ano 2019 “e iso non ten sentido xa que non foi apoiado por eles cando se aprobou”. Asegura tamén o ex alcalde de Vilalba que a falta de orzamento está tendo moitos prexuízos na paralización dos grandes proxectos da campaña como o centro de día, a estación depuradora, a canceira e o “rife e rafe que hai coa estación de autobuses. Tamén acusou o “serio problema de seguir sen RPT. A intervención municipal quedou sen persoal e non as substituíron xerando graves problemas nos procesos de contratación”.

Alumnos vilalbeses, os mellores na Abau

O Concello de Vilalba celebrou un acto institucional de recoñecemento ao alumnado do IES Santiago Basanta Silva polos seus bos resultados nas probas da Abau.

En concreto, estiveron os 15 alumnos do centro que se atopan entre os mellores expedientes académicos de Galicia tralas probas da Abau, onde obtiveron unha puntuación superior ao nove na fase xeral.

Por outra banda, unha moza de



Alumnos do IES o día da homenaxe por parte do Concello

Vilalba obtivo a mellor nota da provincia de Lugo nas probas de acceso á universidade. Eva San-

martín Vázquez do IES Santiago Basanta Silva de Vilalbalogrou un 9,9.



Tex

SERVICIO ATENDIDO

De luns a sábados: 7:30 a 22:30 h. Domingos de 7:30 a 15:00 h.

AUTOSERVICIO (noites e domingos tarde).

R/ Cidade de Viveiro, 70 - 27800 Vilalba - T.: 982 191 259 / estaciontex@yahoo.com



Remata a instalación do novo alumeado no barrio de Buxibán


O Concello de Vilalba informa á veciñanza de que xa están rematadas as obras de renovación do alumeado público no barrio de Buxibán, na parroquia de Codesido, cun investimento de 29.000 euros.

O grupo de goberno da resposta a unha demanda veciñal cun proxecto que ademais reduce o custo enerxético e económico mediante a substitución das antigas luminarias, de baixo rendemento e alto consumo, por tecnoloxía LED.

Debido ao mal estado dos postes, foi necesaria a renovación completa da instalación, cun alumeadado máis eficiente que tamén mellora o impacto visual e reduce a contaminación lumínica, xerando as mínimas emisións de CO2.

“Remataron uns traballos que mellorarán de forma considerable o alumeadado da zona, impulsado ademais coa tecnoloxía LED o respecto ao medio ambiente e o aforro económico”, afirma Luís Fernández, concelleiro de Infraestruturas.

As obras supuxeron a posta en marcha de 21 novos puntos de



Novo alumeadado en Buxigán

luz e o concello acometerá actuacións similares noutros puntos do municipio a curto e medio prazo, cumprindo co obxectivo de mellorar o conxunto do alumeadado público na lexislatura.

SETE PARROQUIAS. O Concello de Vilalba comeza coa renovación do alumeadado das parroquias de Codesido, Tardade, Gondaísque, Mourence, Distriz, Boizán e Santaballa, cambiando todos os puntos de luz por tecnoloxía LED.

Esta medida enfocada ao entorno rural da localidade vén motivada pola necesidade de renovar o alumeadado antigo destas sete parroquias.

“Este cambio suporá unha mellora considerable na calidade lumínica e un aforro no custe da electricidade de 25 euros anuais por cada punto de luz” afirmou o tenente de alcalde, Rodrigo Pavón, “uns 25.000 euros de aforro no cómputo global para as arcas municipais”.

As parroquias mencionadas serán as primeiras nas que se realizará o cambio, pero “de xeito progresivo iremos renovando o alumeadado de todas as parroquias do Concello”, unha medida necesaria que se sustenta “no coidado e atención ao noso rural”.

Aproveitando esta actuación, o goberno local elaborará un inventario de puntos de luz de todo o Concello para futuras melloras, “pensando sempre nos nosos veciños e veciñas, nunha boa dotación de servizos e na optimización e aforro dos recursos do Concello”.

Vilalba honrará a Concha da Reina cunha estatua

Vilalba ten unha débeda pendente coa súa memoria. Así o traladou o goberno local ao pleno municipal, onde solicitou unha homenaxe pública á matrona pola que pasaron tres xeracións de vilalbesas e vilalbeses, Concha da Reina, proposta que foi aprobada por unanimidade.

Esta vilalbesa nacida a comezos do século XX foi a primeira comadroua titulada da capital chairega, unha recoñecida e apreciada profesional que o Concello de Vilalba quere lembrar e poñer de relevo na historia da localidade. No pleno, se falou tamén dunha proposta de distinción honorífica impulsada polo grupo de goberno para o poeta Manuel María, polo que se quería poñer o seu nome á casa da cultura. A proposta foi rexeitada coa abstención do Partido Popular que asegura “que non son partidarios de dar nomes de persoeiros a edificios”.

Con respecto a Concha da Reina, foron moitos os persoeiros que resaltaron a súa figura “como unha muller dedicada e entregada a outras mulleres e ás súas crianzas nun momento tan especial como o nacemento, incluso chegando a denominala como o anxo da garda das mulleres”, comentan desde o Concello.



Concha da Reina

Agora, moitos anos despois e tras diversas peticións de persoas con arraigamento na vila, “o que xa supón un clamor social evidente”, o goberno vilalbés fará “unha homenaxe a través dunha escultura simbólica do seu labor e profesión que se situará no parque infantil da gardería municipal, un espazo que pode recoller e albergar a importancia dunha vida dedicada á infancia e ás familias, especialmente ás mulleres”.

Este recoñecemento “estaba pendente despois de manter varias conversacións coa familia, así como con persoas moi vinculadas á, cuestión que quedou pendente e que se atopaba paralizada por mor da pandemia”.



GALICAL

CALES Y DOLOMITAS AGRICOLAS

LÍDER EN EL SECTOR

Gama completa en cales, carbonatos y dolomías para uso agrícola



C/ Gallastegui Unamuno. Vial G - N.º 7
Polígono Industrial As Gándaras 27003 Lugo

Tel.: 982 22 14 84
info@galical.es - www.galical.es

ENCALADO AGRÍCOLA SOBRE EL TERRENO CON GPS



MEZCLAS PARA CAMAS DE GANADO VACUNO



ENVASADO DE CALES Y DOLOMITAS ALIMENTACIÓN ANIMAL

EN BREVE

COHEMPO. A Asociación de Comerciantes, Hostaleiros e Empresarios de As Pontes, Cohempo, conta cunha nova presidenta, Montserrat Gastelu Fernandez, que releva a Jose Rodríguez no cargo. Estará David Docampo Rodríguez, de Marmoreira Pontesa, como vicepresidente da asociación; María José Ramos Bouza, de Vilaboy Moda, como nova secretaria do colectivo, e Laura Rodríguez Román, do espazo infantil Picariños, exercerá como tesoureira. Como vogais foron nomeados Pablo Paz Carreira, de Texas Moda Nova; Elbio Martínez Sorriba, da empresa de limpeza Ecovapor; Ana Belén Fresco Bellas, de Kaye Zapatería, e María Anidos Caaveiro, de Abnute Avogados.

OBRADOIRO. As asociacións Euroeume e a de informática Amigus desenvolverá dúas actividades formativas, previstas para finais do mes de agosto e que terán lugar no local social de Amigus, na Praza do Hospital. O primeiro dos seminarios, dirixido a mulleres de máis de 14 anos, impartirase os días 24 e 25 de agosto, en horario de 10.00 a 13.00 horas, e centrarase no modelado e na impresión en 3D. A continuación, os días 26 e 27 de agosto, no mesmo horario, terá lugar o de robótica en familia, cunha iniciación a Arduino. Ambas actividades son gratuítas, xa que están financiadas pola Secretaría Xeral de Igualdade e pola Consellería de Política Social, respectivamente. As inscricións poden formalizarse a través do correo euroeume@euroeume.org ou na web amiguslabs.org.

As Pontes ponse o mono de traballo

O Concello licita e executa numerosas obras na contorna rural e urbana durante este mes de agosto

O Concello aproveita este tempo de verán para a posta en marcha de numerosas obras. Así, a xunta de goberno local aprobou a licitación das obras de mellora do abastecemento na rúa Cabanas. O proxecto, cun orzamento de 47.092,66 euros, con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental, permitirá renovar a rede de abastecemento da zona urbana e forma parte do plan de renovación de infraestruturas municipais programadas polo grupo de goberno. Entre os traballos previstos atópase a reposición da actual liña de fibrocemento e a reposición do pavimento, tanto de beirarrúa coma de calzada.

ESTRADA AS PONTES-O FREIXO. Xa deron comezo as obras de mellora da estrada que une As Pontes co Freixo, que se prevé que culminen durante o verán.

O proxecto de ampliación desta vía de titularidade municipal, a DP-7009, comprende os 2,5 primeiros quilómetros, ata a zona do cemiterio, e supón a ampliación do ancho da calzada de catro a seis metros. As obras están ao cargo da Deputación da Coruña, que rolda os 160.000 euros de orzamento.

RÚA ANTONIO MACHADO. Tamén se aprobou a licitación das obras de mellora dun tramo do saneamento da rúa Antonio Machado, na súa marxe impar.

O proxecto, cun orzamento de 41.935 euros, con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental permitirá



Traballos de ampliación na estrada do Freixo

a renovación da actual rede de saneamento, executada cunha tubaxe antiga de formigón que serve tanto para recoller augas fecais como pluviais, executándose unha rede con tubo de pvc. Tamén se contempla a conexión das acometidas existentes, os sumidoiros e as baixantes dos edificios á nova canalización e ademais executaranse pozos de rexistros je formigón, con cuberta de fundición axeitada para o tráfico pesado. Ademais, levaranse a cabo traballos de repavimentación.

AVENIDA DE GALICIA. Remataron tamén os traballos de renovación da capa de rodadura da avenida de Galicia, Fase III, no tramo entre a praza do Hospital e a ponte de Isabel II. Os traballos financiados pola Deputación da Coruña, cun orzamento de 227.563,67 euros, permitiron a substitución da actual capa de rodadura por formigón impreso. Procedeuse a

eliminar o nivel existente entre a estrada e as beirarrúas así como á mellora da iluminación coa execución dunha nova canalización eléctrica, instalación de arquetas e o retranqueo das luminarias para realizar unha nova disposición ao tresbolillo así como a instalación de captafaros led nos pasos peonís. Ademais levouse a cabo a renovación da rede de saneamento.

IGREXA. Tamén se iniciaron as obras de rehabilitación do inmoble situado no número 3 da Rúa da Igrexa, no casco vello do municipio. Os traballos, financiados pola Deputación da Coruña, cun orzamento de 242.000 euros prevén, en cada planta, a creación dunha aula taller e un ámbito multiusos. Na zona central de cada planta, separando os distintos ámbitos, crearase unha zona que albergará todas as comunicacións verticais do edificio (ascensor

e escaleiras), os aseos e as zonas de almacenaxe.

Así mesmo, debido ao estado actual do inmoble, levarase a cabo unha rehabilitación integral da edificación que contempla a instalación de todos os elementos necesarios para dotar ao edificio de electricidade, iluminación, telecomunicacións, evacuación de residuos e recollida de pluviais así como de ventilación, fontanería, calefacción e climatización, apostando por sistemas que potencien o aforro e a eficiencia enerxética.

CAMIÑOS RURAIS. En licitación tamén están as obras de mellora dos camiños municipais en Terbá, O Brixeo e O Cornocelo. Este proxecto, cun orzamento basee de licitación de 48.444 euros financiado por Agader 2020/2021 actuacións de varrido de superficie e limpeza de marxes. Procederá ademais á limpeza das cunetas e á eliminación de vexetación que invada o vial así como ao fresado firme existente para realizar correctamente o entroncamento coas estradas existentes. O afirmado dos camiños municipais realizarase mediante a extensión dunha nova capa de rodadura de formigón bituminoso en Terbá e O Brixeo, e a execución dun primer rego semiprofundo e un dobre tratamento superficial con grava, continuando co mesmo tipo de afirmado existente na actualidade, no vial do Cornocelo, actuacións que se completarán coa sinalización horizontal e vertical dos tres viarios.

Licitan as obras de mellora do abastecemento municipal

A Xunta de Goberno Local aprobou a licitación das obras de substitución do sistema de bombeo para mellorar a eficiencia e rendemento do abastecemento municipal, uns traballos cun orzamento de 56.525 euros e que serán financiados a través da achega provinte do Fondo de Compensación Ambiental. A práctica totalidade da auga do sistema de abastecemento do Concello pasa polo bombeo da auga bruta situado na zona do encoro da Ribeira, que está en funcionamento unha media de 15 horas ao día, elevando a auga desde o Río Eume ata a Estación de Tratamento de Auga Potable de Pontoibo, situada enriba do bombeo de captación. A actual bomba de captación non é



Unha vista do encoro da Ribeira

capaz de elevar por sí mesma a auga ata a ETAP, polo que este equipo traballa unicamente como apoio ás bombas que captan a auga do Eume. Os traballos permitirán a adecuar as instalacións á normativa vixente optimizando e obtendo un maior

rendemento e eficiencia enerxética. Procederá á substitución e adaptación da caldeirería existente mediante a renovación dos colectores de aspiración e impulsión, á renovación da instalación eléctrica e a montaxe dun variador de frecuencia.

En marcha un servizo de atención temperá

O Concello das Pontes, ao abeiro dunha subvención da Consellería de Política Social e Fondo Social Europeo, pon en marcha un servizo de atención temperá co obxectivo de prestar atención individualizada a menores de 6 anos que presenten trastornos no desenvolvemento ou teñan riscos de padecelos. O programa, dirixido a nenos e nenas, de entre 0 e 6 anos e ás súas familias, inclúe os servizos de logopedia, terapia ocupacional e psicoloxía, que en palabras da concelleira responsable da área, Tania Pardo, “permite ofrecer unha atención integral nun momento crucial do desenvolvemento psicomotriz da poboación infantil para que adquiren habilidades básicas, tales

como falar, moverse, identificar a outras persoas, para potenciar así as súas capacidades e promover a integración dos/das menores na súa contorna”. No ámbito da logopedia traballaranse na aréa da comunicación e as súas alteracións coa finalidade de mellorar a linguaxe, a fala, a voz e deglución. Desde o ámbito da terapia ocupacional intervirase nos aspectos relacionais, lúdicos e funcionais mentres que o servizo de psicoloxía estará orientado a ofrecer unha atención integral en todas as áreas do desenvolvemento da poboación infantil, centrándose en aspectos de carácter cognitivo, social, emocional, motor, conductual e da comunicación.

Endesa retrasa as probas e pacta a marcha de cen traballadores

Endesa anunciou que as probas con biocombustibles que se tiñan previsto celebrar na segunda quincena deste mes na central térmica, claves para determinar o futuro da central pontesa, se celebrarán finalmente no mes de setembro.

Endesa xustificou esta decisión alegando que non están plenamente operativos os equipos necesarios para a execución destes test. Aseguran que para facer as probas necesitan que estea en pleno rendemento a nova desulfuradora, cuxas obras remataron, pero que agora se atopa nunha fase de axustes, imprescindibles para a súa posta en marcha e por conseguinte para a realización de probas con biocombustibles.

Nestas probas estudarán a viabilidade de dous tipos de mesturas, nas que se empregarán en distintas

proporcións carbón importado de Kazaxistán e de emendas orgánicas fóra de especificación, popularmente mal chamadas lodos. A decisión adoptouse esta mesma semana, logo de manter unha reunión con representantes da eléctrica, do Idae, da Xunta e do Concello.

Unha vez finalizados os test, que se prevé que se alonguen durante todo o mes, chegará o momento de avaliar a súa viabilidade técnica e económica, na que está posta a esperanza de continuidade da central, cuxa solicitude de peche e desmantelamento continúa a tramitarse.

ACORDO. Endesa acadou un acordo cos sindicatos para permitir a saída voluntaria dun máximo de 577 empregados afectados polo peche das súas centrais térmicas de

carbón, cun impacto non recorrente nas súas contas de 213 millóns de euros. A eléctrica conta en total cuns 10.000 operarios.

Nas Pontes, onde a empresa opera unha planta de carbón e outra de ciclo combinado (gas natural), aceptaron o ofrecemento case un centenar de empregados con 56 anos, aínda que se irán de forma graduada. O último día de xullo desvinculáronse medio centenar; o resto farano en decembro e en xuño do 2021, porque a empresa necesita persoal para seguir operando a térmica de carbón como mínimo durante un ano máis.

Os traballadores vanse con entre o 75 e o 80% do salario ata que cumpran os 60. Entón pasarán a cobrar o 80% ata os 62, cando se xubilarán de forma anticipada.

Un museo ao aire libre

Veciños embelecen todos os rincóns da vila a través do programa As Pontes enPezas, que ten o obxectivo de pintar este ano 25 obras a ceo aberto

A vila das Pontes continúa embelecendo aqueles rincóns desatendidos e conseguindo encandilar a todos os viandantes cunha proliferación da arte máis variable na propia rúa, arte que leva implícita a participación cidadá e a divulgación patrimonial.

Con esa finalidade naceu o programa As Pontes enPezas, que consistía na transformación ambiental a través da participación veciñal e da arte pública, unha iniciativa deseñada durante a lexislatura pasada pola concelleira Sonia Sueiro na súa vocación de converter o municipio un museo a ceo aberto.

E a iniciativa non quedou en saco roto. Xa son moitas as obras que se poden atopar nas fachadas cegas, murais e en outros espazos urbanos. E como embelecen a parte máis deteriorada non era suficiente agora están xa a traballar con novos lugares e con máis artistas e asociacións interesadas en participar neste proxecto de rexeneración urbana.

Dende o seu inicio, As Pontes enPezas apoiouse na participación de artistas con ampla traxectoria profesional e comprometidos coa realidade socio-cultural, como na implicación do tecido asociativo e dos veciños e veciñas con interese en ofrecer a súa colaboración neste proxecto. Esta colaboración tradúcese de diversos xeitos: participando activamente nalgún obradoiro, propoñendo posibles intervencións, cedendo espazos para a realización de novas pezas artísticas ou asistindo aos roteiros.



Dous exemplos da arte desenvolvida nas Pontes

Son moitos os artistas ou grupos de artistas que xa teñen rematados os seus traballos, outros están aínda en proceso e algún queda sen comezar pero o resultado namora por igual. A previsión era facer 25 murais e a estas alturas queda unha decena deles por rematar nun verán no que se está a traballar arreo para poder facer os traballos pendentes da primavera, cando todo parou por mor do coronavirus. E en vistas ao que pode vir no outono, xa adiantaron moitos dos traballos para poder fa-

cer o máximo posible no verán.

Pero os motivos tamén son variados, personaxes descoñecidos ou non tanto da historia ou da cultura popular, onde non faltan tampouco a defensa dos valores, como os da igualdade, o respecto, a ruralidade, ou mesmo as características da vila como os fungos ou setas. A intención é facer unha divulgación patrimonial e unha educación social a través da arte. Ademais, están dándolle un carácter plural e diverso, dando cabida a todo tipo de expresións artísticas.

Inmobiliaria JRoca
ROCA ABOGADOS

Avenida da Terra Cha 23, Vilalba
Terreno / Urbano (solar) | 215m² **130.000€**
Se vende casa en mal estado de conservación en la esquina de la Avenida Terra Llana y la calle de Guiriz de Vilalba (Lugo). Se puede edificar bajo, cuatro plantas y ático.

Lugar Vilar do Castelo 7, Xermade
Casa rural | 2 Dorm | 0 Baño | 184m² **30.000€**
En la localidad de Cazás, municipio de Xermade (Lugo), a unos 11 km de Vilalba, se vende casa rural, a reconstruir por dentro. Fachada y tejado en buen estado.

Cidade de Viveiro 57, Vilalba
Piso | 2 Dorm | 1 Baño | 75m² **55.000€**
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso de 2 habitaciones y sala, baño y cocina. Tiene ascensor, garaje y trastero.

Sancobad, Vilalba
Chalet independiente | 5 Dorm | 4 Baños **250.000€**
Se vende chalet independiente, 5 habitaciones y sala, 4 baños, comedor, cocina equipada, garaje amplio, calefacción y finca cerrada de 3.480 metros.

Calle Garda Mato 1, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 1 Baño | 110m² **30.000€**
Se vende piso céntrico en la localidad de Vilalba (Lugo). Dispone de 3 dormitorios, sala, 1 baño y cocina. Esta en la planta tercera de un edificio que hace esquina y que no dispone de ascensor.

Supena s/n, Vilalba
Casa rural | 2 Dorm | 0 Baño | 120m² **12.000€**
En la localidad de Vilalba (Lugo), en concreto, en la parroquia de San Simón, se vende casa adosada, fachada en piedra. La casa hay que reconstruirla. En las inmediaciones de la misma hay varias fincas que se incluyen en el precio.

A Casavella 4, Xermade
Casa rural | 0 Baño | 160m² **42.000€**
En la parroquia de Lousada, municipio de Xermade (Lugo), a unos 20 km de Vilalba, a unos 15 de As Pontes y a unos 30 minutos de las playas, se vende una casa con fachada en piedra, tiene echada la placa del piso y del tejado. El resto hay que hacerlo. La casa tiene un garaje y una finca de unos 7.000 m.

Belesar, Vilalba
Casa / Chalet independiente | 6 Dorm | 3 Baños | 354m² **220.000€**
En la localidad de Vilalba (Lugo), en concreto, en la parroquia de Belesar, se vende chalet de tres plantas, en el sótano tiene el garaje y la caldera, en la planta baja tiene la sala, la cocina, tres habitaciones y dos baños y en la planta alta, tres habitaciones y un baño y varios trasteros. El chalet está ubicado en una finca de unos 5000 metros, en la que hay una piscina. La casa está a 30 minutos de Lugo y Ferrol y a 45 minutos de A Coruña.

Porta de Cima 45, Vilalba
Terreno / Urbano (solar) | 114m² **36.000€**
Se vende casa en mal estado como solar edificable. La edificabilidad posible es bajo, dos plantas más ático.

García Hermida 7, Vilalba
Local | 130m² **40.000€**
En la localidad de Vilalba (Lugo), en las proximidades de los Juzgados de la localidad, se vende local acondicionado como garajes, con posibilidad de elevar 2 plantas más sobre el bajo.

Plácido Peña 107, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 1 Baño | 120m² **45.000€**
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso segundo, sin ascensor, de 3 habitaciones y sala, un baño y cocina. Tiene la cocina y la sala amuebladas.

Picoucelo, Xermade
Casa rural | 4 Dorm | 2 Baños | 200m² **100.000€**
Del terreno de la casa se pueden segregor 3 parcelas edificables. La casa tiene alcantarillado y traida municipal y privada. La propiedad está dispuesta a dar facilidades de pago.

Inmobiliaria JRoca C/de los Pepes 1 - 27800 Vilalba, Lugo Tel.: 600 828 720

ROCA ABOGADOS

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal
Roca Abogados Carril de Catesol, 1 - 1ªA, Lugo Tel.: 982 230 337 - 600 828 720
www.rocaabogados.info

O Concello adxudica numerosas obras por valor de 400.000 euros

O Concello de Friol vén de adxudicar as obras de realización dun centro colaborativo, no que se investirán case 300.000 euros. A empresa adxudicataria, entre unha decena de propostas presentadas, foi Covisam Norte SL. Na proposta seleccionada reducirase o prazo de execución en 10 semanas, as cales deben estar terminadas antes de final deste ano 2020, e o prazo de garantía será de dez anos. Ademais a empresa en cuestión comprométese a realizar unha serie de melloras indicadas nas cláusulas administrativas da licitación das obras. Este espazo realízase para dar un impulso económico e tecnolóxico ao municipio, algo que persegue o Equipo de Goberno que preside José Ángel Santos.

Para a súa execución cóntase cunha axuda da Agader, dependente da Consellería do Medio Rural, e dentro do marco do Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020, en concreto a

través do Programa Leader, por importe de 160.000 euros.

O contrato de obra de aforro e eficiencia enerxética na iluminación pública nas parroquias de Ramelle, Carballo e Vilalvite foi adxudicado á empresa Solarel S.L.

Na proposta seleccionada o prazo de garantía será de dez anos, a empresa en cuestión comprométese a realizar unha serie de melloras indicadas nas cláusulas administrativas da licitación das obras e ademais incluírá 25 luminarias a maiores das proxectadas. O prazo de execución será de dous meses.

Este proxecto supón un investimento de case 50.000 euros financiado desde a Xunta de Galicia dentro do Fondo de Compensación Ambiental.

PEDRAMAIIOR. Outro dos contratos adxudicados recentemente é o da construción dun centro sociocultural en Pedramaior, na pa-

rrquia de Silvela, cuxa empresa adxudicataria foi Cholo S.L.

Esta oferta presenta unha redución de prazo de 155 días hábiles polo que o prazo total de execución é de 25 días hábiles e comprométese a realizar as dúas melloras reflectidas no prego.

Neste proxecto invístense máis de 73.000 euros con cargo a fondos propios do Concello de Friol. José Ángel Santos sinala que “apostamos por realizar estas importantes inversións, con un esforzo tamén moi importante para o Concello, porque todo o Equipo de Goberno apostamos pola dinamización da poboación e a posta ao día, tanto con ofertas formativas como con prestación de servizos TIC, así como a posta a disposición de locais de reunión, debemos coidar estes aspectos se queremos axudar a fixar poboación no medio rural, ademais de perseguir un aforro e eficiencia enerxética dos servizos públicos.”

Alberta Lorenzo gaña o Premio de Investigación



O momento de entrega do premio a Alberta Lorenzo

O Concello de Friol acolleu o acto de entrega de premios correspondente á terceira edición do Premio de Investigación, celebrado por esta entidade pública, en colaboración coa asociación Carballo Vivo e a USC.

O xurado nomeado para valorar os traballos presentados en esta edición fallaron o primeiro premio a favor de Alberta Lorenzo Aspres polo traballo *Friol como paradigma de estudo do románico rural galego*, do que resaltaron a boa metodoloxía empregada, o estilo claro e accesible a todas as persoas, a gran calidade documental e gráfica e a súa boa contextualización, entre outras cousas.

O segundo premio foi para as autoras Cristina Barreiro Abuín e M^a del Carmen Prado Penas polo traballo *Catalogación etnográfica do*


patrimonio hidráulico do Concello de Friol: Os muíños, no que fixeron un inventario dos muíños do Concello de Friol cun gran valor e unha aportación documental de fotos e localización do patrimonio moi interesante.

No acto de entrega dos premios participaron representantes das tres entidades organizadoras, as premiadas fixeron a súa aportación realizando unha pequena exposición dos traballos realizados, e tamén participou no acto de entrega o periodista friolés David Espiño.

O alcalde, José Ángel Santos, destacou a importancia deste premio “para seguir na liña de impulsar e promocionar o noso patrimonio porque este tipo de traballos son unha ferramenta básica para axudar á súa dinamización”.

O adestrador Felipe Barata publica un libro sobre as xestas do atletismo

O profesor de Educación Física do colexio de Friol e adestrador do club de atletismo de dita localidade, Felipe Barata, vén de publicar o libro de *Edwin Moses naceu en Vallehermoso*, unha colección de 57 relatos sobre as xestas atléticas que se produciron ao longo da historia deste deporte. O libro naceu en pleno confinamento, cando o profesor friolés mandáballes un capítulo diario os seus xoves atletas para axudarlles a coñecer un pouco máis a epopeia dun deporte que está considerado como



Portada do libro de Felipe Barata

o máis olímpico de todos iles e onde se desprende un amplo abano de historias marcadas polo sacrificio, a superación e a capacidade de saír dunha contorna nada propicia de todos os seus protagonistas. Como reseña o autor, “son historias que van máis aló do puramente deportivo e que entronizan os valores do atletismo como un elemento educativo de importante calado para todo aquel que se queira achegar ao deporte con maior connotación olímpica de todos cantos existen”.



Un momento da sesión realizada

A vila acolleu unha xornada sobre smart village

O centro sociocultural de Friol acolleu unhas xornadas sobre Smart Village e a nova ruralidade organizadas polo GDR4, correspondente á comarca de Lugo.

Nestas charlas informouse do que son as Smart Cities e cales son os seus obxectivos, así como outras

dos conceptos vinculados como son subámbitos e territorios smart. Tamén se expuxeron algúns dos casos de éxito de cidades e territorios e se falou da aplicación da tecnoloxía smart ao medio rural. A charla estivo ao cargo de Xaime Garaboa, de Fundación Galicia Sostible.

ATABERNA

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS
OLVIDATE DE TODO
Y SABOREA

REVUELTOS
FRIOLTA COMIDA
DE BARCELONA

HAMBURGUESAS
FRESAS DE VERDAD
ENSALADAS

PASTAS
CON SALSA VARIADA

ALCO
PARA

COMPARTIR
TAPAS

NUESTRA
CARTA

ALCO
PICAR

SABOREAR
TORTILLAS

NUESTROS DELICIOSOS

Reabre a piscina pero suspenden os cursos de natación para nenos

Despois de realizar un estudo de seguridade e desenvolver un protocolo que garanta a seguridade dos usuarios das instalacións os responsables da piscina pública da Pastoriza decidiron reabrir este mes de agosto.

Malia que a piscina está aberta, estableceron unhas novas normas para convivir na mesma neste tempo de pandemia. Así, canceláanse os cursos de natación para nenos e nos de adultos redúcese o aforo. Ademais, os cursos daranse en dúas rúas para garantir a distancia de seguridade. Tamén modificaron a porta de acceso á piscina, á que se entrará pola de emerxencia e saírase pola principal.

En relación ao ximnasio, as máquinas estarán sinaladas cun cartel de operativa ou non dependendo de se están desinfectadas ou non despois do seu uso. Ademais, cambiáronse horarios e cursos co fin de non coincidir dous grupos no vestiario á vez. Para facer uso libre das instalacións é necesario reservar praza, ben chamando ao teléfono da piscina ou a través do sitio web.

Todo o material utilizado almacénase



Suspendidos os cursos infantís e reducido o aforo nos de adultos

se illando o usado do desinfectado. Tamén teñen establecida unha ruta de circulación dos usuarios con espazos definidos que garanten a seguridade e distancia entre usuarios. Os traballadores usarán máscara e haberá xel hidroalcohólico ao dispor dos usuarios.

Por outro lado, os usuarios están obrigados ao uso da máscara dende que entran agás nos momentos de realizar a actividade. Ademais, debe-

rán manter a distancia de seguridade e respectar a circulación imndicada e utilizar a propia toalla no ximnasio.

CIRCUÍTO. O circuío da Pastoriza acolle o 9 de agosto un novo curso de formación de particulares. Trátase dunha nova sesión que completa ás realizadas no mes de xuño tras retomar estas actividades, suspendidas durante po estado de alarma.

Construirán dúas balsas de auga en Aguarda e Bretoña



Un exemplo do tipo de obra que se fará na Pastoriza

A Xunta de Goberno do Concello da Pastoriza adxudicou os contratos para a construción de dúas balsas na zona de Miñotelo (Aguarda) e en Bretoña. Trátase de balsa de grandes proporcións que ten a dobre finalidade de utilizarse como depósito de auga para o servizo de protección contra incendios e tamén para usos gandeiros, xa que se pode utilizar para alimentar ao gando nos tempos de seca.

Estas dúas balsas teñen un orzamento de 35.000 euros e comezará a construírse a vindeira semana cun prazo de execución de dous meses. Estas non son as primeiras

balsas que se constrúen xa que son moi utilizadas neste Concello, onde o sector gandeiro ten moita relevancia.

CENTRO DE SAÚDE. A Xunta impulsará o desenvolvemento de proxectos de enerxías renovables nun total de 28 centros de saúde i+que permitirán mellorar a eficiencia enerxética dos edificios e importantes aforros nas facturas.

En concreto, substituíranse os sistemas actuais que utilizan gasóleo, propano e acumuladores eléctricos por caldeiras de biomasa no centro de saúde da Pastoriza.

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

982 55 86 00

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42



*Hijos de
Ramón Rubal*

MÁS DE 80 AÑOS COMPRANDO MADERA

**COMPRAMOS
MADERA**

PINO Y EUCALIPTO

**VENDA SU MADERA SIN SALIR DE CASA
LLÁMENOS NOSOTROS NOS ENCARGAMOS DE TODO**

ASERRADERO Y EXPLOTACIÓN FORESTAL

castro de rei

Rematan as obras de rexeneración da vía en O Tourodal e Prevesos



Unha imaxe do estado no que quedaron as obras

O Concello de Castro de Rei está a rematar os traballos de rexeneración da vía que une o barrio de O Tourodal coa parroquia de Prevesos.

Trátase dunha obra moi demandada polo estado no que estaba o firme, no que se fixo unha rexeneración con tres capas de asfalto.

Esta obra está a cargo de rema-

nentes do Plan Único da Deputación correspondentes á pasada anualidade así como a recursos municipais. O orzamento total foi de 38.990,84 euros dos cales a achega municipal é de 8.413,35 e a Deputación pon 30.577,49. Ademais da rexeneración do firme, a obra contempla a roza das marxes da estrada.

O Concello anuncia exencións nas taxas aos afectados polo covid-19

O Goberno de Castro de Rei anunciou durante a celebración do último Pleno que prevé eximir do abono de taxas e impostos aos negocios e autónomos que se viron afectados economicamente pola crise sanitaria do coronavirus xa que tiveron que pechar as súas portas ou mesmo cesar a actividade.

O alcalde, Francisco Balado, que contestou deste modo a un rogo do BNG, descartou as axudas directas, que considerou "inviables" pero si anunciou que as axudas irán suspendendo o abono de recibos como os da auga ou o lixo.

Aínda que fixo este anuncio, o Concello está a estudar como levará á práctica esta iniciativa.

O Pleno aprobou tamén os orzamentos, que ascenden a 5,6 millóns de euros. O alcalde, durante a presentación, destacou o investimento de 2,5 millóns de euros destinados a investimentos reais entre os que figuran a renovación da depuradora de Castro Ribeiras de Lea así como actuacións en



Imaxe da travesía principal de Castro de Rei, onde están moitos comercios

vías, beirarrúas, mellora enerxética ou parques. Destacou tamén sobre o mesmo que non ten deudas e presenta un carácter máis social.

Houbo unanimidade noutros puntos cruciais como foi a solicitude á Xunta para recoñecer un Área de Rehabilitación Integral no centro histórico de Castro de Rei, así como a solicitude da Deputación dos terreos da Granxa Gayoso Castro para ampliar a

vía que une a vila con Matadoso. Así mesmo houbo acordo para solicitar á Xunta a reapertura do centro de saúde de Castro de Rei, proposta polo PSOE. Malia votar a favor, o alcalde indicou que o Sergas comprometeuse a volver abrir despois do verán.

Tamén aprobaron a iniciativa socialista para reparar a cuberta da gardería e a popular para demandar á Deputación que poña en funcionamento a planta de biogás.

A Xunta aproba tras dez anos, o Plan Xeral

Tras dez anos de espera, o Diario Oficial de Galicia publicou a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Urbanística de Castro de Rei. Foi exactamente hai dez anos cando se abriu o proceso de elaboración do Pxom en Castro dende o Pleno do Concello. Este foi un tempo por tanto de tramitación de informes sectoriais e modificacións que agora vén a luz trala aprobación por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

O resultado deste plan, que en realidade iniciou a súa redacción en 2008, tiña como obxectivo ordenar as 25 parroquias e os 177 quilómetros cadrados do municipio. En 2010 aprobouse inicialmente no pleno e nel a Xunta investiu máis de 120.000 euros.

Agora, ábrese unha segunda etapa na que se poden realizar modificacións puntuais en especial naquelas zonas en crecemento e só queda un último trámite para a súa entrada en vigor, que o Concello publique a normativa e as ordenanzas do plan no BOP e a súa inscrición no Rexistro do Planamento Urbanístico de Galicia.

DOUS NÚCLEOS. Este Pxom recoñece dous núcleos urbanos, os de Castro de Rei e Castro de Ribeiras de Lea, e máis de 170 núcleos rurais. O Concello está agora pendente da declaración de Área de Rehabilitación Integral (Ari) na zona histórica de Castro de Rei mentres estudan a redacción dun Plan Especial de Protección e Reforma Interior (Pepri).

Adxudicada a xestión da residencia de Castro de Rei

O Concello de Castro de Rei vén de adxudicar á firma Troncoso Casares SL a xestión da residencia de maiores San Xoán por un orzamento de 3.504.052,94 euros e por un período de catro anos prorrogable.

A empresa adxudicataria foi a mellor valorada na mesa de contratación, xa que mellorou tanto o canon mensual que lle corresponde ao Concello, que fixa en 8.556 euros, como os prezos máximos das prazas, con tres tramos estipulados: 990 euros para os residentes con autonomía e asistidos de grao I, 1.353 euros para os de grao II e 1.413,50 euros para os de grao III.

O alcalde, Francisco Balado, comunicou que o cambio de xestión

non conleva cambios no persoal debido a que no prego de cláusulas administrativas figura a subrogación dun total de 25 traballadores.

As instalacións ubicadas nunha antiga edificación do colexio Ramón Falcón, saíron a concurso co contrato de xestión de servizo en réxime xurídico concesional, en marzo pero coestado de alarma e o confinamento, os prazos administrativos paralizáronse e o proceso retomouse en maio.

Unha vez pechado o prazo de ofertas houbo dúas firmas interesadas e que cumprían todos os requisitos, tralo seu estudo a mesa de contratación otorgou a máxima puntuación á Troncoso

Casares SL que xa é a responsable da xestión de outras residencias de maiores e centros de día, principalmente na provincia de Ourense.

A oferta que quedou en segundo lugar foi a presentada por Asociación Edad Dorada Mensajeiros de la Paz Castilla La Mancha e Galicia, que foi a entidade responsable da xestión do centro residencial de Castro de Rei desde a súa apertura en xaneiro de 2014.

Esta entidade estivo vinculada ao proxecto desde os seus inicios no ano 2002 pero a posta en marcha deste servizo foise demorando polo que o acordo acadado entre Concello e a entidade tivo que ser revisado en Pleno en varias ocasións.



gato con botas

zapatería

C/ Plácida Peña, 8 - Baño
27800 Vilalba (Lugo)
Telf. 982510550

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas



San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES

SEOANE





Membros da comisión coa subdelegada do Goberno

Continúan os apoios para que as Letras Galegas se dediquen ao poeta Crecente Vega

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, recibiu a unha representación da comisión que promove a candidatura de Xosé Ramón Crecente Vega para o Día das Letras Galegas de 2021 formada por Xulio Xiz e Mario Crecente Vega.

A subdelegada expresou o seu apoio á campaña que leva a cabo esta comisión para pedir que a Real Academia Galega homenaxe a Crecente Vega no próximo Día das Letras Galegas, cadrando co ano no que se conmemora o 125 aniversario do nacemento deste poeta.

“Penso que persoeiros como Crecente Vega, que traballaron a prol da cultura galega cando non era tan doado facelo, merecen ser recordados por quen nos beneficiamos do seu esforzo”, manifestou Isabel Rodríguez que tamén eloxiou a vitalidade cultural da provincia de Lugo e agradeceu a iniciativa e o entusiasmo das persoas e colectivos que promoven a candidatura

do poeta chairego.

Crecente Vega, que naceu en Castro de Rei en 1896 nunha familia de labradores e morreu en Segovia en 1948, formouse no Seminario de Mondoñedo. Foi poeta, profesor e sacerdote e a súa obra máis coñecida é o poemario *Codeseira*.

A comisión está integrada por estudos e escritores, así como por asociacións e entidades da provincia.

COMISIÓN. A Comisión reuniuse tamén con Francisco Balado, para presentarlle as iniciativas que se están a impulsar. O alcalde comprometeu o apoio do Concello para a publicación do libro *O mundo nun puño de remol* (poesía póstuma). Tamén obtiveron o apoio da vicepresidenta da Deputación, Tareixa Antía Ferreiro Tallón para presentarlle os proxectos da elaboración dunha páxina web dedicada á Crecente Vega e dunha produción audiovisual sobre a súa obra poética



Polígono industrial de Castro Ribeiras de Lea, onde se instalará o viveiro

Castro Ribeiras de Lea contará cun viveiro industrial

O Concello de Castro de Rei contará cun viveiro industrial no que investirá 416.300 euros, dos que a Xunta achegará o 57,6% do orzamento total, 240.000 euros.

O viveiro situarase no polígono de Castro de Ribeiras de Lea, que dispón dunha superficie de 249.423 metros cadrados, con 26 empresas instaladas. O edificio deste novo servizo estará formado por tres espazos

diferentes onde se instalarán as novas empresas. Ademais, incluírá un bloque administrativo con oficinas e un salón de actos, entre outras dotacións. A Consellería de Economía, Emprego e Industria anunciou que destinará 240.000 euros para a creación do viveiro empresarial. Segundo indicaron dende a Xunta, foi escollido este concello ao ser un dos que conta con moito emprendemento.

Atopan en Coea unha casa de orixe romana durante unha obra

As obras de construción dunha torre eléctrica sacaron á luz os restos dunha vila romana na parroquia de Coea.

Está a realizarse unha intervención arqueolóxica para documentala, e de momento recuperáronse materiais que confirman o achado como tellas con marca de fábrica case intactas, ou a base dunha cheminea construída con pedra e columnas de ladrillo confirman que podería tratarse dunha casa grande romana.

Detectáronse tamén muros de varias estancias que dan idea da magnitude da residencia, que debeu ser de gran importancia. Está situada nunha planicie fluvial nas inmediacións da desembocadura do río Azumara, no leito do Miño, aproximadamente a 500 metros das vivendas da localidade de Coea, nunha posición elevada que permitiría a observación privilexiada da contorna. Estimouse que a vila po-



Unha imaxe das escavacións de Coea

dería ser do século II ou III despois de Cristo.

Os muros áchanse a medio metro de profundidade no chan, e foron detectados por georradar aínda que segundo apuntan en declaracións á prensa local, ao estar situada nunha pequena pendente a profundidade pode variar segundo que zonas.

Na casa apareceron restos de fundición de ferro, que provirían dunha

mina de ferro próxima onde se extraería e fundiría para limpalo. O lugar chámase Os Escouredos, que fai referencia ás escorias.

A aparición da vila fará rexurdir de novo a teoría de que puidese ser a casa natal do emperador romano Teodosio O Grande. Sábese que naceu no 347 en Cauca, pero algúns avalaron a teoría de que Cauca non sexa Coca (Segovia), senón Coea.

Ponte de Outeiro avanza unha parte do seu programa de festas virtual

A comisión de festas de Ponte de Outeiro anunciou que este ano terá unhas festas virtuais os días 11, 12 e 13 de setembro debido á situación sanitaria do país.

Nun comunicado, a comisión indicou que “non queremos contaxios” razón pola que decidiron cambiar as habituais festas presenciais por unha convocatoria virtual, emprazando á veciñanza ás do próximo ano.

Así, este setembro as redes sociais acollerán unhas festas virtuais nas que haberá moita música baixo a máxima *Se non hai festa faise*.

As festas desenvolveranse polo tanto nas redes sociais de facebook e instagram con música, poesía e maxia como principais atractivos.

A programación consistirá en que cada hora da fin de semana irase subindo un vídeo ás redes sociais para que a xente vexa “os grandes músicos da nosa terra tocar e saudar á xente de Outeiro”. Estarán presentes artistas como Luis Caruncho, Ruxe-Ruxe, Los Jinetes del Trópico, García MC, Germán Díaz... e outros máis coñecidos, como Cristian Silva, que irán informando nos próximos días a

través das redes.

Ademais, a partir de agosto haberá sorteos de máscaras, camisetas, chapas e ata bolsas de tela de diferentes marcas galegas. Ademais, para rematar, o domingo á tardiña a música que presentarán vai ser exclusivamente outeirán, coa participación dos músicos da Ponte de Outeiro.

As festas abriranse o venres ás 22:30 cun directo dende o campo da festa no cal haberá música en vivo e directo, pero esto queda pendente das recomendacións sanitarias do momento.

A túa NOVA vida ben amoblada

GAÑA UN COCHE

Mercando en Mobelrias

PARTICIPA NO SORTEO

www.cochemobelrias.es

PLAmoble

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

Implantan un servizo de recollida de enseres a domicilio



O Concello de Guitiriz ofrece un servizo de recollida de enseres aos seus veciños. Para poder facer uso deste servizo, habilitou o teléfono do concello (982 370 109) para estes avisos. A recollida levarase a cabo o primeiro e o terceiro mércores de mes. Os enseres a recoller deixaranse fóra do domicilio o día anterior á recollida. Este servizo é para recoller os residuos que non teñen cabida nos contenedores nin nos puntos de plásticos agrícolas. Recóllense voluminosos como mobles, electrodomésticos e demais enseres de gran tamaño.

Organizan unha xornada de rafting e kaiak polo río Ulla

O Concello de Guitiriz organiza para o mércores, 26 de agosto, unha xornada de aventura no Galipark de Padrón. Alí, os rapaces e rapazas participantes poderán facer rafting e kaiak polo río Ulla. Está dirixida á mocidade con idades comprendidas entre os 16 e 25 anos cumpridos. O prazo de inscrición remata o 20 de agosto e terán preferencia as persoas empadroadas, que ademais tamén se beneficiarán dunha redución do prezo, pagando 45 euros mentres que os non empadroados terán que aboar 75 euros. A saída cara Padrón será ás 9 horas desde o Campo da Feira e o regreso as 22 horas. Para máis información e inscricións no teléfono 982 370 109, no correo mambroa@concellodeguitiriz.com ou na web www.concellodeguitiriz.com

Novos grupos confirman a súa presenza no Parga Rock 2020

O Parga Rock continúa avanzando na organización do próxima edición do festival, que ten previsto celebrarse o 5 de setembro.

Así o primeiro grupo invitado é Dark Embrace, conxunto galego de Death Metal Melódico, que fan un metal de corte clásico pero á vez escuro, con reminiscencias dun King Diamond moderno mixturado coas sinfonías eclesásticas de Powerwolf. Estes galegos foron invitados por bandas tales como Amon Amarth ou Sepultura para abrir os seus concertos. Incluso o seu cantante Oscar Rilo foi invitado ao escenario por Moonspell.

A esta primeira confirmación súmase a de Raze, que volverá tocar en Parga nun escenario, tras catro anos sen cautivar coa música en directo. Representantes do metal en xeral, con base no Thrash metal clásico pero con influencia tanto do heavy metal como de estilos máis extremos como o death metal. Tamén está confirmada a actua-



ción de Nuada, banda de rock en galego nada no 2015 tras reunións dun grupo de amigos de Teixeira. Engádesse no programa a actuación de Gran Reserva, grupo musical de versións Pop-Rock anos 80, 90 e 2000 en español e inglés. Por último e como referentes do Rock Bravú mesturado co punk máis indecente, irreverentes e la- retos, inimigos do totalitarismo ata a saciedade, volven os Rastreros.

Parga Non Se Divide denuncia listas de espera no centro médico

A asociación veciñal Parga Non Se Divide alerta das consecuencias que están a sufrir os veciños e veciñas de Parga e de todo o Concello de Guitiriz polo peche do Centro Médico de Parga.

Por iso, preparan unha asemblea aberta no Campo da Feira de Parga o xoves 6 ás 21.00 horas.

Segundo aseguran dende a plataforma “estamos a ver xá listas de espera de máis de unha semana para unha consulta médica que, aínda por riba é vía telefónica, con moi poucas consultas presenciais, aínda en doenzas de certa gravidade. Ao peche de Parga únese o desfrute de vacacións dos médicos sen que se cubra nin tan sequera parcialmente o servizo. Isto deriva nun empeoramento obxectivo do servizo, tanto para usuarios de Parga coma para o resto. É unha vergoña” dín. Dende a Plataforma denuncian que

aínda están a agardar pola contestación oficial da Xerencia do Sergas sobre “as propostas que se puxeron enriba da mesa” e lamentan que se estea a cumprir o que se leva advertindo dende fai tempo pola veciñanza: “O Sergas está moi cómodo nesta situación, co centro pechado e cos médicos encerrados nos seus despachos en Guitiriz sen atención presencial e apostando fortemente pola atención telefónica que xá prometeu Feijóo e que se está a instaurar pola porta de atrás coa excusa do covid-19”.

Asimesmo, dende a Plataforma veciñal queren valorar positivamente o acordo unánime acadado no Pleno da Deputación Provincial para esixir a reapertura total do centro médico de Parga e o de Castro de Rei. No Pleno aprobouse unha iniciativa do Goberno impulsada dende o BNG para a súa reapertura.

O Concello renovará camiños municipais en catro parroquias

O Concello de Guitiriz executará a renovación de catro camiños municipais situados nas parroquias de Os Vilares, Santa Cruz de Parga, Vecín e Mariz. O orzamento do proxecto é de 75.966,29 euros dos que 12.844,29 euros proveñen das arcas municipais e os 63.122 euros restantes fináncianse a través dunha subvención concedida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader).

Nos Vilares actuarase nun camiño en As Reixas que dá acceso a parcelas agrícolas nos núcleos de As Reixas, O Laxoso, A tiñaz e Os Vilares. En Santa Cruz de Parga no que



Zona dos Vilares

dá acceso a parcelas en As Lobeiras, Ixavara e Penabico. En Becín,

no camiño da Graña que dá acceso a parcelas de A Graña e Moeiro. Por último, en Mariz, ao camiño que serve de acceso a parcelas en Mezonzo, A Cuíña e O Campizo.

En total, melloraranse 7.856 metros de firme. Os traballos inclúen a limpeza de cunetas o barrido do firme existente, bacheo e a execución dun dobre tratamento superficial. A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, explicou que “é unha actuación necesaria xa que, debido ao paso do tempo e á circulación de maquinarias agrícolas pesadas, estes camiños non están nas mellores condicións”.

O Pleno aprobou o plan municipal de prevención de incendios

O Pleno de Guitiriz aprobou o plan municipal de prevención de incendios por unanimidade, e o plan económico 2020-2021 validouse coa abstención do BNG e PP.

Os populares guitiricenses criticaron o alto gasto en persoal, sobre todo pola incorporación dos antigos GES trala demanda, ao que o Goberno local respondeu “que había que acatar a sentenza”. O grupo socialista rexeitou dúas mocións do PP, a da solicitude de crear un centro de día no colexio de Parga e de reparar unha rúa na mesma parroquia, e tamén descartou a defendida polo BNG sobre o mal estado do río Veiga.

Aínda hai prazas libres nos campamentos de verán

Xa está en marcha a segunda quenda dos campamentos verán que leva a cabo o Concello baixo o título Concilia Vacacións.

Así, trala primeira quenda, que tivo lugar en xullo, o día 3 empezou a segunda, que se prolongará ata o 14 de agosto. A continuación haberá unha terceira ata o día 30,

Este lévase a cabo en horario de 8.30 a 14 horas e está dirixido a nenos e nenas nados entre os anos 2011 e 2016. O prazo para matricularse xa rematou pero aínda quedan prazas vacantes polo que os interesados poden poñerse en contacto co Concello para comezar.



Un Pardiñas diferente

O covid-19 deixa un festival organizado con actividades durante todo o mes trala xornada inaugural do sábado 1 celebrada na carballeira de Parga e que se centrou na mostra de instrumentos

A Asociación Cultural Xermolos decidiu celebrar o XLI Festival de Pardiñas nun novo formato, tendo en conta as medidas de seguridade vixentes, “convencidos da necesidade de manter viva a cultura e música, mesmo nos tempos máis arriscados”.

Desenvolverase nas fins de semana de agosto en distintas paisaxes do Concello, nas que ao longo do ano se manteñen diversas actividades. Principiaron o 1 de agosto no campo da feira de Parga coa XXVII Mostra de Instrumentos de Música Tradicional na que participaron preto de 40 artesáns de todo o país e o grupo de música tradicional Tres pesos ofreceu un concerto. As actividades continuarán ao longo de todo o mes, abertas e gratuítas, agás o concerto de Uxía Senlle que xa se celebrou.

O sábado 8 haberá un parladoiro sobre o Camiño de Santiago, cinema ao aire libre e unha exposición sobre postais históricas a cargo do repertorio gráfico Xosé Manuel Salgado.

O domingo 9 volverán as actividades ao aire libre con cinema e música de Nuada e Berta Franklin, o sábado 15 será a presentación do libro e do do-

cumental de Mini e Mero.

Xa o domingo 16 haberá un concerto musical de pequeno formato ao aire libre e unha proxección dun video adicado a Bebel e a súa familia dos Irmans da Lexía, o sábado 22 no Campo da Feira de Guitiriz será o Urban Witrucus, a presentación do cd de David Gómez: *Ausencias*, a homenaxe ás e os nenos, cinema ao aire libre, e a entrega dos premios do XLI Certame Terra Chá (os gañadores poden consultarse na web www.terrachaxa.com).

O domingo 23 na Casa Habanera Xulio Xiz fará unha homenaxe a Ricardo Carvalho Calero cun libro e unha exposición co seu paso polo colexio Fingoy. O 29 na Casa das Artes de Pardiñas será a homenaxe aos Artesáns de Pardiñas coa presentación do caderno *O canteiro de Pardiñas*, e o libro *Palleta maldita* de Sito Carracedo no seu obradoiro. Ademais haberá un concerto no recinto.

Rematarán no Vilar cunha homenaxe ás aldeas no Camiño Norte cun parladoiro de Alfonso Blanco e cinema e concerto. A media tarde será a presentación do cómic *Lendas do peregrino* de Xavier Varela.



Dúas imaxes da edición da xornada do sábado

O Concello repartiu material de protección entre autónomos e pemes



Material de protección

O Concello de Guitiriz repartiu material de protección a un total de 118 autónomos e pemes do municipio para que puidesen reabrir os seus negocios de cara ao público garantindo tanto a súa seguridade como a da súa clientela. Desde que comezaron as diferentes fases da desescalada o goberno local iniciou esta campaña pola que, aqueles establecementos que fosen a ter atención ao público, podían solicitar o material de protección e este entregábase na casa consistorial.

Así, actualmente xa se fixo entrega de 96 dispensadores de xel, 97.200 ml. de xel hidroalcohólico, 5.420 máscaras, 9 pantallas faciais e 1.100 luvas.

Inviste en Friol



CONCELLO DE FRIOL



Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol

“Rábade é para o fútbolín o que Roland Garros é para o tenis”

O rabadense José Manuel Candal, Lolín, organizador do Máster anual, vén de ser elixido vicepresidente da nova Federación Española de Fútbolín

Toda unha vida, máis de corenta anos leva José Manuel Candal, Lolín, vinculado ao mundo do fútbolín, aínda que competindo en grandes torneos a nivel nacional, uns 25 anos. “Quizais podemos poñer o punto de partida nese sentido no ano 95 cando xogamos o primeiro Mundial e demos a coñecer o máster de Rábade a nivel nacional e creamos a Pena Bóla Meiga”, explica. Agora, ademais vénd e ser elixido vicepresidente da debutante Federación Española de Fútbolín.

Como xurde a idea de crear unha Federación de Fútbolín?

O tema da federación xa vén de vello, é máis, en España xa existía unha pero non era deportiva, é dicir, para que sexa unha federación deportiva como pode ser o fútbol, o baloncesto ou o billar, ten que estar regulada e pertencer ao Consello Superior de Deportes. E iste, ao mesmo tempo, ten que recoñecer o xogo do fútbolín como deporte. E agora que en España aumentou como nunca a afección e a participación en ligas e torneos; están a crearse asociacións, clubs, etcétera, cremos que chegou o momento de que o fútbolín pase da categoría de simple xogo a todo un deporte competitivo, rexido por unhas normas e coa súa correspondente federación.

Que obxectivos persegue a federación?

A unificación de todos os estamentos do mundo do fútbolín para lograr un fin común, regular as competicións, os regulamentos e as normas de forma oficial e por suposto entrar dentro dos orzamentos do estado como unha federación máis.

Que pasos faltan por dar?

Que o Consello Superior de Deportes recoñeza ao fútbolín como deporte

e a legalización oficial de moitas peñas, asociacións e sobre todo que os afeccionados e xogadores crean niso e apoién o proxecto que sei que se pode conseguir.

Que lle aportará aos deportistas a existencia dunha federación?

Todo... Ter subvencións, axudas, seguros, seguridade e saber que as competicións estarán sempre garantidas, reguladas e controladas. E o máis importante, polo menos para min, o recoñecemento oficial dos logros conseguidos e das vitorias.

Como chega a ocupar este posto?

Pois mo pediu xente que comparte comigo esta afección e loitan para que o deporte do fútbolín alcance cotas máis altas e, supoño, porque levo moito tempo neste mundo sendo un dos pioneiros en crear competicións (organizando, xogando...)

e igual ser un referente para moita xente do mundo do fútbolín sobre todo para os que me coñecen ben, aprécianme e querenme.

Que lugar ocupa Rábade na competición de fútbolín?

Uff, non sei se serei obxectivo con esta pregunta jaja... Pero para min e para moitos afeccionados Rábade é para o fútbolín o que Roland Garros é para o tenis.

Como inflúe o covid-19 no fútbolín?

Mal non, o seguinte diría eu. Tanto como deporte en si paralizándose as competicións, as quedadas de afeccionados etc, como para o sector das máquinas recreativas, onde os fabricantes, operadores e todo o que rodea ao mundo do fútbolín onde o golpe foi moi duro tanto socialmente como economicamente, xa que a maior actividade está nos locais de



José Manuel Candal

lecer como os bares ou as salas de xogo. E pensando nun futuro non moi afastado as consecuencias que pode traer o Covid-19 en canto aos orzamentos dos torneos pode resultar un gran hándicap para as organizacións.

Canta xente está vinculada a esta práctica en España? E en Rábade?

A nivel nacional é difícil dicir unha cifra exacta na competición, agora mesmo podería haber un 5.000 xogadores que participan nos distintos torneos xuntando por suposto todas as modalidades, sistemas e mesas de xogo. E en Rábade... Bastante.

Creamos a asociación Bóla Meiga, da cal son presidente, fai agora precisamente 25 anos e agora temos outra peña creada por uns 40 mozos de Rábade e os arredores que se chama RábadeFútbolín, fundada hai 3 anos. E por suposto, en canto aos eventos que se fan, é importante a implicación de moitos amigos do pobo, empresarios e do Concello en xeral, encabezado polo alcalde e o concelleiro de deportes ambos dous participantes no Máster. Danlle un plus extraordinario sobre todo ao máster e todo o que o rodea.

Respecto a Rábade. Que proxección ten o seu Máster anual? Está en período de crecemento?

O crecemento é espectacular, cada ano a participación vai a máis e por iso estamos a estudar o aumento dos premios e ofrecer algo máis tanto aos xogadores como todos os que nos visitan nesas datas. Situándose como un dos grandes eventos a nivel nacional dentro do que son os deportes minoritarios.

Que supuxo a suspensión deste ano?

Pois como todo, supuxo un duro revés para todos nós. Pero gardamos certas esperanzas de podelo facer en outubro na ponte da Hispanidade.

Haberá o ano que vén algunha novidade máis?

Pois se... Como sempre algunha haberá e será unha sorpresa, pero a día de hoxe o único que nos preocupa é que se poda facer e saber cando será a seguinte edición.

Sede da final da liga lucense

O pavillón municipal de Rábade acolleu as finais da Super-Liga Lucense de Fútbolín e Super-Cegas Galegas en Movemento.

Esta decisión tomouse tras unha reunión da organización e xogadores que acordaron por maioría primeiro rematar a liga os días 10 e 11 e segundo, facelo en Rábade por ter un aforo grande e poder cumprir coas normas de seguridade:

Resultados:

- Campión Mini-Honra - Rabade K. L (Kañero-Luaces-Alberto)
- Campión Mini-Honor Movi - RSMZ (Raúl-Suso-Mario-Zule)
- Campión Honra - Punto Mar (Meizoso-Álvaro-Carlitos)
- Subcampión Honra - Covirán (Diego-Faustino)



Gañadores na categoría Mini

- Campión Prata - Cafetería Morrigan (Javito-Reinin-Cris Lage)
- Subcampión Prata - Avj Prf (Anxo-Varela-Jesús)
- Campión Bronce - Os Castro LM (Adrián-Mario)
- Subcampión Bronce - Gusilus

Prf (Támoga-Varela)

- Campión Muralla - Pt. Diego-Jose (Diego-Jose)
- Campión Cegas Galegas - Miguelón e Boli
- Subcampión Cegas Galegas - Manuel e Brian

LA CASILLA
HOSTAL RESTAURANTE

BODAS - COMUNIONES - BANQUETES

zona para Boda Civil

www.lacasilla.es

Asesoría Enerxética

Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓN
SUBVENCIONES - AUDITORÍAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓN FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)
 Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

O Concello licita a colocación de contedores e obras de asfaltados

O Concello de Abadín sacará a licitación dous proxectos de obra nos que se inclúe asfaltado de camiños e colocación de contedores.

O primeiro proxecto, que conta cun orzamento de 73.447 euros, inclúense a mellora de camiños rurais en Ratoeira, Labrada, Guntín e Fonteceal (Castromaior). Estes días anunciárase no perfil do contratante na propia páxina web do Concello. As obras contemplan coma sempre unha nova capa de rodadura e a limpeza e acondicionamento de beiravías.

Ademais, saca a licitación un proxecto de protección do medio ambiente e o espazo natural que contempla dúas actuacións que supoñen un total de 263.885 euros. A partida máis importante, 214.827 euros irán destinados



Concello de Abadín

a novas obras de asfaltado e reparación de vías nas parroquias de Romariz, Labrada, Baroncelle, Moncelos, Graña e Vilarén. Estas partidas conta cunha subvención do Plan Agader.

Así mesmo, o resto, 49.058 euros irán para a colocación de contedores en toda a zona rural. Trátase

de pezas de 770 litros que contarán cunha base de formigón de 1,5 por 1 metro e cun suxeita contedores de inox. A obra estará financiada polo fondo de compensación e completa outra actuación subvencionada con cargo ao Plan Único que xa se levou a cabo recentemente.

O PSOE fai varias propostas para investir os cartos do Plan Único

O PSOE de Abadín elaborou un documento recollendo as propostas veciñais sobre onde investir o orzamento do Plan Único da Deputación, que neste Concello ascende a 335.452,02 euros. A recollida de propostas levouse a cabo a través das redes sociais e con ese documento, o grupo presentou unha moción onde se recollen.

O fomento do emprego lidera as solicitudes de investimento, seguido de servizos sociais dirixidos á xente maior, á infancia e as persoas dependentes. Tamén apostan por plans de formación en todas as parroquias; fomentar actividades deportivas, culturais e turísticas; levar a cabo o arranxo definitivo do céspede do campo de fútbol de Abadín; dotar ás parroquias de traídas de auga públicas; eliminar as barreiras arquitectónicas para cumprir a lei de accesibilidade nos espazos

públicos, e fomentar as feiras e a cabana gandeira.

O PSOE explica que a meirande parte da subvención vai destinada para aglomerado, “coma sempre...” e consideran que hai “outras necesidades que tamén hai que cubrir”. Por outra banda, o PSOE volveu dirixirse ao alcalde da localidade para demandar unha resposta á pregunta realizada en decembro sobre os traballos que están a realizar os concelleiros Jesús Cendán Seijo e Judit Anido Vigo, que teñen unha dedicación parcial e polo tanto contan, cada un, cunha retribución anual de 6.600 euros.

O primeiro realiza as funcións de delegado do servizo de medio ambiente e a segunda de desenvolvemento sostible. Nos dous casos teñen unha xornada de 10 horas semanais equivalentes ao 35% da xornada completa do Concello que é de 25 horas e media.

Organizadores da I Festa do motor buscan unha nova data

A I Festa do Motor organizada por un grupo de rapaces de Abadín non puido celebrarse finalmente o 23 de maio como estaba previsto. Foi unha das consecuencias culturais que trouxo para a provincia o paso do coronavirus.

Esta Festa do Motor, que naceu coa ilusión de converter a Abadín nun referente nesta práctica deportiva pola vinculación que teñen co mundo, tiña xa todo o programa deseñado e pechado

cando tiveron que aprazalo. E foi aprazado porque tanto esforzo non queren que quede en saco roto e non perden a esperanza de celebrarlo antes de que remate o ano e sempre que o covid-19 segua dando tregua.

Así, a festa do motor contaba no seu programa con sesión vermú, rutas turísticas e verbena ademais de exposicións de vehículos, presentación de coches de competición e clubs e sorteo de

agasallos sen que faltase tamén a animación para os máis pequenos.

E para todos os participantes, cabía a posibilidade de comer cun menú pechado.

Mentres todo isto intentan manterse para cando a situación sanitaria o permite, a organización avanzou que sorteará un coche ese mesmo día que se celebre a festa, polo que anima a todos a estar pendentes.



O vehículo sorpresa que se sorteará na edición aprazada

pol

Este verán non abrirá a piscina nin haberá Festa do Emigrante

O Concello de Pol anunciou que non abrirá este ano as piscinas debido ao temor de expansión do covid-19 entre a poboación. Pol únese así ao listaxe de concellos que optan por unha política preventiva xa que ademais de non abrir as piscinas mantén tamén pechadas o resto de instalacións públicas como polideportivo e demais.

Do mesmo xeito, non hai que pedir cita previa para visitar a casa consistorial pero si que hai unha limitación de aforo de non máis de dúas per-

soas. Tamén o Concello anunciou que se este ano non haberá festas en agosto, coñecidas coma as do Emigrante e que se celebraban na carballeira de Mosteiro.

O motivo é evitar a aglomeracións de persoas no lugar, momento no que poden producirse o contaxio masivo de persoas.

Ademais, recomenda o uso de máscaras para todas as actividades e para facer vida social lembrando aos veciños todos os cambios de normativas que se produciron.

NUEVO SERVICIO

Alquiler de herramientas y maquinaria de construcción y jardinería a particulares y profesionales

constru fer

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y BALENAMENTO
PABLO RABADE PAREDES

Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO) - Telf: 982 511 200



Visita da conselleira á zona de obra

A senda do polígono de Matela estará lista para o seu uso en outono

Os usuarios do polígono industrial da Matela, en Outeiro de Rei, terán á súa disposición neste outono unha senda segura e sostible, grazas a un investimento da Xunta de preto de 350.000 euros.

A titular de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, e o alcalde de Outeiro de Rei, José Pardo, supervisaron as obras da senda peonil que o Goberno galego está a executar na marxe esquerda da estrada autonómica LU-115, entre as dúas glorietas que dan acceso ao parque empresarial da Matela.

Partindo da vía de servizo existente, estase a habilitar un itinerario peonil de 2,5 metros de ancho e unha plataforma de formigón de cor area. A senda, cunha lonxitude de 245 metros, transcorrerá, en parte, como unha pasarela sobre a vía do ferrocarril adosada ao paso superior existente.

Segundo explicou Ethel Vázquez, un dos obxectivos principais da actua-

ción é “salvar a división entre as dúas zonas do parque empresarial” que crea a liña de tren que enlaza A Coruña e Palencia. Para iso instalárase unha pasarela metálica de case 17 metros de lonxitude e 2,30 metros de ancho que incluírá a colocación dunha mampara antivandálica de 2,50 metros de alto, para reforzar a seguridade viaria.

A actuación inclúe a construción de muros de granito para paliar os desniveis existentes e para acadar a altura precisa para salvar o paso sobre a vía do tren, ademais de elementos de drenaxe para a correcta evacuación das augas e a renovación da sinalización, tanto horizontal como vertical.

As obras iniciáronse hai un mes e contan cun prazo de execución de 8 meses, pero a titular de Infraestruturas adiantou que a previsión é que estean totalmente rematadas e á disposición dos veciños e dos usuarios do polígono neste outono.



Ponte de Uriz. Un grupo de veciños do Concello de Outeiro de Rei manifestáronse na ponte de San Esteban ou ponte Uriz-Gaioso, que une este Concello con Begonte e que cruza o río Ladra, pola limitación de tonelaxe imposta recentemente pola Deputación de Lugo e que está a afectar “o desenvolvemento comercial da zona”, segundo indican.

Construirán un novo complexo deportivo en Santa Isabel

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Outeiro de Rei sentaron as bases para colaborar na creación dunha nova área deportiva para os veciños.

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, e o alcalde de Outeiro de Rei, José Pardo Lombao, asinaron un protocolo de colaboración no que se comprometen a impulsar esta actuación en materia urbanística, que consiste na modernización dos equipamentos públicos municipais. Concretamente, construírase unha nova zona deportiva ao servizo da poboación, consistente nun complexo de piscinas, centro BTT e os espazos de lecer asociados aos mesmos, unha dotación necesaria e demandada polos veciños.

Coa construción destas instalacións preténdese dotar ao municipio duns servizos dos que carece na actualidade e que redundarán na potenciación dunha mellora dos hábitos saudables da poboación ao potenciar a realización de activida-



des deportivas tales como a natación e a práctica do ciclismo.

Para a localización, elixiuse unha parcela de titularidade municipal sita na urbanización Santa Isabel, moi preto da área recreativa de Santa Isabel, a carón do río Miño na desembocadura co río Ladra, na Reserva da Biosfera Terras do Miño. O enclave se atopa ao pé da ruta BTT Outeiro-Castro de Rei que atravesamos ambos os dous municipios amosando a súa riqueza natural e patrimonial. Pola área de Santa Isabel discorre ademais a Ruta do

Miño, ruta de sendeirismo que atravesamos o municipio de norte a sur a carón das ribeiras do Miño, cun percorrido duns 18 km.

A conselleira de Medio Ambiente destacou que con este tipo de colaboracións dáse cumprimento ao reto do Goberno galego de apostar pola recuperación das vilas e ao obxectivo de establecer lazos de colaboración cos municipios en proxectos que buscan mellorar e potenciar espazos públicos xa existentes para facilitar a accesibilidade e poñer en valor certas zonas.

O Pleno aprobou unha subida de taxas e un orzamento de 6,2 millóns

O Concello de Outeiro de Rei celebrou onte o Pleno extraordinario, no que con oito votos a favor fronte aos catro da oposición, aprobouse o orzamento, que ascende a 6,2 millóns de euros.

Dentro deste orzamento 2,5 millóns destinaranse á xestión dunha palloza e o restante usarase para a mellora de vías públicas, centros deportivos e outras necesidades do Concello.

Ademais aprobaron incrementar as taxas de recollida de lixo un 40%, así como o abastecemento da auga un 20%, unha medida que xa causara malestar entre os veciños e que xerou numerosas protestas antes da celebración do Pleno.

O BNG presentou emendas para que non se aplique ningunha subida alegando que “no medio dunha crise non é normal subir as taxas”. Tamén pediron conxelar ditas taxas mentres dure os efectos da pandemia, pero esta emenda foi rexeitada polo Goberno local.

Pola súa banda, o alcalde, José Pardo, manifestou que o pago destes servizos no Concello é moi baixo e a porcentaxe da subida reflectida en euros supón un aumento de un ou dous euros cada dous meses na factura que reciben os veciños. Segundo engade o alcalde, “hai un déficit pola situación que se está a vivir e a iso hai que facerlle fronte pero a subida polo que se paga de servizo non é significativa”.

As piscinas de Bonxe abren con limitacións

Xa están abertas ao público as piscinas de Bonxe aínda que en atención á situación sanitaria actual o aforo será limitado a 82 prazas ou ata cubrir as parcelas previstas (10 parcelas de 4x4 para 3 persoas ou 13 parcelas de 5x5 para 4 persoas).

O aforo completárase por orde de chegada e no caso de chegar ao límite pecharase o acceso á instalación ata que quede unha parcela dispoñible.

Ademais dun límite de persoas que poden acceder á instalación está previsto tamén un límite de persoas que poden estar ao mesmo tempo na piscina que no caso da infantil establécese en 7 e na piscina grande é de 40.

Os prezos serán de 2 euros para os menores de 18 anos empadroados en Outeiro de Rei e de 4 para os maiores. En caso de non empadroados, os prezos serán de 4 e 10 euros, respectivamente.



Natureza no corazón da provincia

A Deputación ofrece viaxes en catamarán polos ríos Miño e Sil nun territorio que aspira a converterse en Patrimonio da Humanidade

A provincia
atesoura
patrimonios da
Humanidade,
como a Muralla
de Lugo, as
catedrais de
Mondoñedo
e Lugo e os
Camiños de
Santiago

A crise sanitaria da COVID-19 fai que a aposta que viña facendo a Deputación de Lugo por un turismo sostible e non masificado, baseado na riqueza paisaxística, patrimonial e cultural que atesoura o seu territorio e a súas xentes, pasase de ser unha alternativa a converterse nunha fortaleza, nun valor seguro, como destino turístico na nova normalidade. A provincia de Lugo é a máis extensa de Galicia, pero tamén a máis rica en diversidade. Desde o mar da Mariña, á Chaira, pasando pola capital lucense coa súa Muralla romana, subindo ás montañas do Courel, recoñecidas como o primeiro Xeoparque Mundial do Noroeste peninsular, e os Ancares e acabar no Val de Lemos que abraza o río Miño e o Sil para conformar a Ribeira Sacra, coa súa viticultura heroica. Lugo é a única provincia de España na que máis do 55% do seu territorio está declarado Reserva da Biosfera, unha distinción que a converte en referente internacional e que se ampliará co recoñecemento ao que aspira a Ribeira Sacra. A provincia de Lugo atesoura ademais patrimonios da Humanidade, como a Muralla de Lugo, as catedrais de Mondoñedo e Lugo e os Camiños de Santiago. En 2021 tamén está previsto ampliar a lista de bens mundiais coa Ribeira Sacra. Polo tanto, a provincia de Lugo ofrece múltiples alternativas para gozar dun tipo de turismo, de vacacións e de lecer con garantías de seguridade e tranquilidade. Unha das mellores opcións son as rutas en catamarán pola Ribeira Sacra que a Deputación de Lugo reactivou, logo de que o servizo quedase suspendido pola declaración do Estado de Alarma, con todas as medidas de seguridade necesarias fronte á COVID-19. A Deputación de Lugo volve a apostar así por ofrecer este servizo turístico de calidade que xera un efecto multiplicador na provincia de Lugo en



Diferentes imaxes do peirao do Canón do Sil e do catamarán

xeral, e na Ribeira Sacra en particular, en termos de pernoitas e de consumo no sector hostaleiro e comercial, sendo un incentivo para a iniciativa privada en xeral. As rutas fluviais en catamarán contribúen

deste xeito ó desenvolvemento económico da provincia a través do turismo e, singularmente, á proxección do territorio da Ribeira Sacra, favorecendo tamén a candidatura a Patrimonio da Humanidade.

O servizo ofrece a posibilidade de percorrer a bordo das embarcacións turísticas da Deputación o corazón da Ribeira Sacra, seguindo os cursos fluviais do Miño e do Sil polos encoros dos Peares e Santo Estevo.

Punto de partida

Unha viaxe polos mares interiores de Galicia, seguindo os cursos fluviais do Miño e do Sil

As rutas

Dúas son as rutas operativas nesta temporada: a ruta fluvial do Canón do Sil e a ruta fluvial do Cabo do Mundo. Calquera delas son o punto de partida ideal para coñecer as peculiaridades da xeografía da Ribeira Sacra, da súa historia e da súa realidade actual como candidata a Patrimonio Mundial da Humanidade.

Canón do Sil

42°24'35.7"N 7°26'37.8"W

Esta ruta percorre o encoro de Santo Estevo polo Canón do Sil, espazo declarado Zona de Especial Conservación no marco da Rede Natura 2000.

No primeiro treito do percorrido, dende Ponte do Sil a San Cosmede, a ruta fluvial permite achegarse á realidade da viticultura heroica, singularizada nas empinadas ladeiras que alcanzan desniveis de gran verticalidade nas zonas de maior pendente, correspondentes á subzona de produción Amardi, da Denominación de Orixe Ribeira Sacra. E é precisamente o viño o que fixo deste territorio un lugar cheo de dinamismo que nos últimos anos se consolidou como un referente para o turismo rural, enolóxico e sostible.

No segundo tramo da travesía, desde o Priorado de San Cosmede ata o mosteiro de Santa Cristina, perfílase a profunda e rochosa garganta do Sil. Aquí atópase un dos grandes prodixios xeolóxicos de Galicia e desta terra de ermitáns, onde a pegada medieval deixou na contorna dos cursos fluviais unha das maiores concentracións de románico rural de Europa.

Cabo do Mundo

42°35'34.0"N 7°43'30.7"W

Esta ruta percorre o río Miño no seu curso medio polo encoro dos Peares. A travesía bordea os municipios do Saviñao, Pantón e Chantada e caracterízase por transcorrer nun marco xeográfico de gran exuberancia natural caracterizado pola presenza de vexetación autóctona,



Vista dos embarcadiros do Canón do Sil e do Cabo do Mundo

pobos de ribeira de notable valor etnográfico, así como vides cultivadas da Denominación de Orixe Ribeira Sacra.

Percorrer o Miño supón mergullarse nun auténtico remanso de paz, revivir a memoria dos pobos asolagados tras a construción do encoro e achegarse á historia e á cultura fluvial dunha época na que a presenza do río rexía a vida cotiá dos seus habitantes. Ademais, permite contemplar unha das paraxes míticas e imprescindibles da Ribeira Sacra: o coñecido meandro do Cabo do Mundo, unha pronunciada curva que o río describe entre os municipios de Chantada e O Saviñao.

Horarios e reservas

Co novo escenario post Covid-19, a Deputación adaptou as frecuencias das viaxes e o seu aforo para evitar masificacións.

Deste xeito, as embarcacións reducen o seu aforo ao 50% de forma inicial, xa que a institución irán adaptando as medidas seguindo as disposicións que vaian pautando as autoridades sanitarias. Tamén se modifican os horarios das viaxes, prevenindo saídas espaciadas para minimizar o número de persoas que estarán de maneira simultánea nos embarcadiros. No caso do embarcadiro Ponte do Sil as embarcacións non sairán á vez senón que se ofertarán ata 5 horarios diferentes para poder realizar as viaxes e o límite de aforo fíxase para 26 pasaxeiros nunha e de 53 na outra. No caso de Belesar, poderán viaxar de cada vez 31 pasaxeiros, con flexibilización horaria. Priorízase a compra de billetes na web reservas.rutasembalses.es e, no caso de que se deba facer in situ, é preferible que os pagamentos se fagan

con tarxeta bancaria. Tamén será obrigatorio o uso de máscaras de protección e quedarán habilitados dispensadores de xel hidroalcohólico tanto nas instalacións para que se poidan realizar desinfeccións de mans. A información de interese turístico pódese descargar mediante códigos QR e están instalados paneis informativos e infografías onde se lembran as medidas e normas de seguridade implantadas. Flexibilízanse as condicións de cambio de data ou cancelación, así como para a devolución do importe do billete durante toda a temporada de viaxes. O persoal que traballa no servizo segue protocolos específicos, e desinfectará as embarcacións ao remate de cada viaxe, co obxectivo de que o risco de contaxio ao realizar unha das rutas sexa o mínimo posible.

Percorrer os ríos

Miño e o Sil,

supón

mergullarse

nun auténtico

remanso de paz,

revivir a

memoria dos

pobos asolagados

e achegarse á

historia

Toda a beleza e con seguridade

Este ano as rutas contarán con medidas para a prevención do contaxio por Covid-19



O servizo de viaxes turísticas en catamarán na Ribeira Sacra, promovido pola Deputación de Lugo, arrincou este verán e estará operativo, coas medidas necesarias para a prevención da covid-19, ata final de ano. Para garantir o distanciamento, os barcos "saen coa metade de prazas ocupadas e fíxase un calendario de saídas coa intención de que coincida o mínimo número



Imaxe dos viñedos da Ribeira Sacra co pobo de Belesar ao fondo

ro de persoas no embarcadorio". Entre viaxes, así mesmo, desinfectaranse as embarcacións, dixo a responsable de Turismo de la institución provincial, Pilar García Porto.

1. Compra o teu billete con antelación na web reservas.rutasembalses.es.

2. Trae a túa propia máscara. É

obrigatorio o seu uso en todo momento.

3. Mantén a máxima distancia de seguridade posible en todo momento.

4. Preséntate no embarcadorio 30 minutos antes da hora de saída.

5. Desinfecta as mans antes de

embarcar e durante a travesía. Terás dispensadores de xel á túa disposición.

6. Uso os códigos QR que atoparás no embarcadorio para descargar información turística

Lembra: se te atopas mal ou presentas síntomas de Covid-19, queda na casa e cóidate para disfrutar máis a próxima vez.

Planifica a túa viaxe pola provincia de Lugo con



1. Entra en: turismo.deputacionlugo.gal/gl/planifica/guia (ou escanea o código QR) e preme no banner 'PLANIFICA A TÚA VIAXE'

2. Dáte de alta como usuario de Inventrip

3. Deseña a túa viaxe pola provincia de Lugo

E comparte nas túas redes sociais o código QR da túa viaxe con quen ti queiras!



EN LUGO, SI

Esta campaña da Deputación dá pulo á economía revitalizando o tecido produtivo e empresarial


Para potenciar os valores e fortalezas da provincia como lugar seguro, de confianza, de calidade e de oportunidades para comprar, para consumir, para o lecer e para pasar as vacacións, a Deputación de Lugo puxo en marcha a campaña EN LUGO, SI, unha iniciativa que inclúe diversas accións. Por unha banda, dirixidas aos propios negocios, traballadores e profesionais dos sectores produtivos, co fin de dotalos das ferramentas que precisan para facer fronte á denominada nova realidade e, pola outra, dirixidas á cidadanía, difundindo, os valores e fortalezas da provincia e do seu tecido produtivo.

EN LUGO, SI busca revitalizar o tecido económico de Lugo ante os efectos da pandemia e, con iso, o emprego, sobre todo nas pequenas e medianas empresas, microempresas e autónomos.

“Por unha banda inclúe accións dirixidas aos propios negocios, traballadores e profesionais dos sectores produtivos, para dotalos das ferramentas que precisan para facer fronte á denominada nova realidade e, pola outra, iniciativas dirixidas á cidadanía, difundindo, os valores e fortalezas da nosa provincia e do seu tecido produtivo”, explicou o presidente da Deputación, José Tomé Roca. Baixo o paraugas de EN LUGO, SI, celebrouse un programa formativo online, pensado para apoiar aos negocios e profesionais do comercio, da hostalería e do turismo na aplicación de medidas de prevención e hixiénico sanitarias nos establecementos.

Así mesmo, entre outras accións, tiveron lugar de xeito telemático os encontros de debate Abrindo as portas: o rexurdir do turismo como un espazo de intercambio de información, análise e debate de opinións e tamén de escoita das necesidades do sector e das súas perspectivas sobre a reactivación turística da provincia de Lugo. Nestes foros virtuais do turismo reuníronse representantes dunha vintena de asociacións

Potenciar os valores e fortalezas como lugar seguro, de confianza, de calidade e de oportunidades para comprar, consumir, lecer e pasar as vacacións



Dúas imaxes dos canóns do Sil e unha das sesións da reunión virtual con representantes de diferentes institucións

de profesionais e de empresas, da sociedade civil, de entidades que traballan polo desenvolvemento do sector e de organismos oficiais con competencias no turismo.

De feito, a deputada de Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, subliñou que destas xornadas se extraeron fundamentos sólidos e as claves para afron-

tar o futuro do turismo post-covid-19. “Estou segura de que cos axustes necesarios a provincia de Lugo consolidarase como un destino seguro, capaz de manter ou incluso de incrementar a confianza que xa xeraba no mercado nacional e internacional”, asegurou. A deputada apuntou que “percibimos un moderado optimismo, varias asociacións manifestaron que

as reservas foron tímidas para xullo, pero en maior grao para agosto e setembro, un optimismo que vai ligado á seguridade sanitaria, o tema transversal de todas as citas”. Ademais, quedou palpable que “é preciso establecer colaboracións público-privadas, así se fixo ver, para compartir información e traballar xuntos para harmonizar as ofertas”.

O PSOE di que é o único Concello sen axudas a afectados do covid-19

O PSOE de Cospeito manifestou a súa insatisfacción polas respostas recibidas polo alcalde, na última sesión plenaria. Os socialistas fixeron chegar o seu malestar “pola desidia” do equipo de goberno á hora de facer fronte á situación económica e sanitaria xerada polo covid-19. “Somos o único Concello que non está a ofrecer axudas aos grandes perxudicados da situación sanitaria derivada do coronavirus”, indicou Rosa Morán, voceira socialista.

Indica tamén que “mentres noutros concellos buscan opcións para facilitar a economía local en Cospeito non se destinan cartos para iso e desestimaron todas as nosas propostas que se trataron no último pleno”. Tamén fixeron constar que non se convocou a Xunta de portavoces que foi aprobada no pleno do mes pasado, o único punto que apoiou o PP do decálogo que presentaron.

“E mentres noutros concellos buscan solucións para axudar aos veciños en Cospeito comezamos a cobrar as taxas das terrazas cando nunca antes se cobraron”, di. De feito, o Concello aprobou a modificación puntual do calendario fiscal para o exercicio 2020, polo que se fixa un novo período voluntario de ingreso de seis taxas municipais. O novo prazo para abonar estes impostos será desde o 3 de agosto ata o 1 de outubro. As taxas afectadas por esta modificación son polos servizos de abastecemento de auga, sumidoiros e recollida domiciliar de lixo, así como o canon autonómico de auga.

PLAN XERAL. Os socialistas tamén se interesaron polas alegacións presentadas ao Plan Xeral, que se estiman que rondarán as 300 ou 400. O alcalde informou que algunhas destas alegacións son sencillas e outras máis complicadas e que en setembro estarán resoltas. O PSOE afirmou que moitas delas son erros de localización e de nomenclatura.



Queixas polo estado de vías

O PSOE de Cospeito fixo pública unha queixa polo estado no que se atopan varias das estradas rurais do Concello, debido a numerosas fochancas e deterioro do firme.

Os socialistas aseguran que continúan en mal estado vías que había compromiso plenario de arranxar e que supoñen numerosas queixas veciñais, en especial na zona de

Roás, Xermar ou Momán.

Engaden que unha das “técnicas máis empregadas no noso concello para suavizar as fochancas, é a de estender grixo, area e polvo sobre as mesmas. Convertendo as estradas en camiños rurais. Con sorte algunhas reciben este penoso tratamento. Pero na de Xermar, nin tan sequera iso”, din.

INTERESES DE DEMORA. Os socialistas tamén presentaron unha pregunta coa intención de recabar información sobre a situación dos intereses de demora. “As débedas do Concello provocaron que nos últimos tempos pagáramos sobre 30.000 euros só en intereses de demora, non entendemos como é posible que preguntemos cada pouco e nos digan que non hai facturas pendentes e mes a mes teñamos máis intereses de demora que pagar, en especial cando eses cartos poderían ir mellor dirixidos a axudar aos veciños”, resume Morán. Tamén preguntaron pola xestión da páxina web municipal “que paga máis de 12.000 euros ao ano en mantemento e está desfasada, con moitos erros e sen actualizar”.

O pleno aprobou coa abstención do PSOE unha transferencia de crédito de 28.000 euros no orzamento municipal coa que se fará fronte á achega que lle corresponde facer ao Concello en tres proxectos, que reciben subvencións de distintas enti-

dades. Así, o Concello conta cunha axuda da Consellería de Economía e Industria para continuar coa mellora da estrada que vai desde O Arneiro ao polígono de Muimenta.

Outro proxecto é o acondicionamento de distintas vías municipais, a través dunha axuda do Plan Marco da Xunta. O investimento rolda os 100.000 euros e o Concello debe facer fronte ao IVE e aos honorarios de elaboración do proxecto.

As estradas que se arranxarán son a que vai de Xustás a Veiga do Pumar, a coñecida como Costa da Zapateira, e a que conduce desde o cemiterio de Veiga do Pumar á parroquia de Momán. A terceira intervención é o acondicionamento de varios camiños que parten da Lagoa de Cospeito e pasan por Feira do Monte, grazas a unha subvención de Rede Natura. O orzamento ascende a 27.000 euros. No pleno tamén se deu conta da liquidación do exercicio do 2019 e aprobouse a gratuidade da gardería municipal a partir do segundo fillo.

A Deputación fai unha achega á Moexmu e á Festa da Filloa



Firma do convenio de colaboración entre a Deputación e os empresarios

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e a presidenta da Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionais, Gandeiros e Autónomos de Muimenta, Dolores Darriba Lamela, asinaron no Pazo de San Marcos dous convenios de colaboración entre a institución provincial con esta entidade. No acto tamén estivo presente o xerente da Asociación José Manuel Rus. A través destas colaboracións, a Deputación destina 3.000 euros á XXIX Festa da Filloa de Muimenta, declarada Festa de Interese Tu-

rístico de Galicia, e unha axuda de 8.000 euros para colaborar coa XXXVI Mostra Exposición de Muimenta (Moexmu).

Ambas as dúas citas están aprazadas debido á actual situación derivada da crise sanitaria da COVID-19. Polo momento, non hai data prevista para a celebración destes dous eventos e desde a asociación están estudando diferentes posibilidades para levar a cabo estas dúas citas asegurando todas as condicións de seguridade recomendadas polas autoridades sanitarias.

Renovado o convenio coa USC

A USC estende e reforza as diversas liñas de colaboración que mantén desde unha década co Concello de Cospeito e nomeadamente coa Asociación de Empresarios de Muimenta para favorecer o desenvolvemento socioeconómico sostible deste municipio chairgo e, en consecuencia, a mellora do grao de benestar da súa veciñanza.

Así, firmaron entre as tres entidades un novo acordo de colaboración entre a vicerreitora de Coordinación do Campus de Lugo, Montserrat Valcárcel Armesto, o rexedor do Concello de Cospeito, Armando Castosa, e o coordinador da Mostra Exposición Muimenta (Moexmu), José Manuel Rus, en representación do dinámico

e heteroxéneo tecido empresarial desta localidade chairga, serviu para facer visible e, no seu caso, para revitalizar as sinerxías que manteñen as tres entidades desde 2010.

A USC seguirá a estar presente no futuro tanto na Moexmu como no seu concurso de gando frisón, dous certames fondamente arraigados nunha provincia cun marcado perfil agrícola, gandeiro e forestal, ámbitos nos que tanto a Facultade de Veterinaria como a Escola Politécnica Superior de Enxeñaría do Campus de Lugo gozan de recoñecido prestixio internacional. Remarcaron tamén a importancia de transmitir as tradicións culturais a través de eventos de impacto como o é a Festa da Filloa.

A piscina non abrirá este ano

A preguntas do PSOE, o alcalde Cospeito, Armando Castosa, comunicou na sesión plenaria, que este ano non abrirá a piscina municipal pola situación sanitaria a causa do coronavirus, xa que recomenda “prudencia”.

O alcalde respondeu de esta maneira a unha pregunta que fixo o PSOE sobre as medidas que se están tomando no Concello con relación ao covid-19 despois de

non teren convocado a xunta de portavoces na que se quedou no pleno anterior.

O alcalde indicou que non só está pechada a piscina, están tamén sen uso o resto de instalacións agás o consistorio, que atende con cita previa, e as feiras, que se realizan seguindo todos os protocolos. Xunto á piscina permanecerán pechadas outras instalacións públicas.



muras

O Concello licita as obras de abastecemento de auga á zona da Balsa

O Concello de Muras sacará estes días a licitación as obras da traída de auga á Balsa, obras que está previsto comezar a executar xa no mes de agosto. Trátase dunha obra que conta cun orzamento de 380.000 euros con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental. Como explicou o alcalde de Muras, Manuel Requeijo, “con esta obra completáramos o servizo de auga da traída municipal a todas as parroquias, aínda que

quedan pequenos puntos que iremos solventando co tempo, pero o servizo quedaría deste xeito plenamente extendido”. A obra contempla a construción dun depósito de auga así como 17 quilómetros de tubaxe, ademais de todo o demais que leva como arquetas e outras actuacións en diversos puntos. O obxectivo sería rematar a obra nun prazo de tres meses polo que no mes de outubro podería estar rematada a obra.



Técnicos visitando a zona

Técnicos do plan Life estudan a conservación de montes

O equipo do proxecto europeo Life In Common Land que lidera a Deputación de Lugo no Xistral coas universidades de Santiago e da Coruña retomou as visitas no terreo para estudar as zonas onde se desenvolverán as actuacións demostrativas de conservación dos montes veciñais en man común compatibles coa produción agroforestal e o aproveitamento do rural. Nas 5.000 hectáreas da serra do Xistral desenvólvese un pastoreo extensivo con gando vacún e cabalar salvaxe e demostrouse que a

súa xestión sostible ten un efecto positivo para conservar as matorrales de brezais e turbeiras da zona catalogadas como de enorme valor ecolóxico para protexer a biodiversidade no noroeste Ibérico. Persoal técnico da USC e da UDC desprazouse, logo do confinamento, ata os montes comunais de A Balsa onde analizou os condicionantes e solucións nunha zona de actuación para eliminar o piñeiral e restaurar a turbeira de cobertor, de maior importancia medioambiental para este ecosistema.



Energía eólica. A área Recreativa da Veiga acolleu a xornada *Pasado, Presente e Futuro da Enerxía Eólica* na que se deu información a respecto de posibles e futuros novos parques na contorna. Estiveron presentes expertos do Observatorio Eólico de Galicia e das universidades de Vigo e Oviedo. A xornada estivo moderada polo alcalde Manuel Requeijo.

xermade

O Encontro de Torneiros da Madeira de Xermade será virtual

O que ía ser o XX Encontro Internacional de Torneiros da Madeira cambiará de formato este ano debido á situación sanitaria que atravesamos o país porque, como indicou a organización “hai que poñer a seguridade das persoas ante todo”. Engadiron que coas condicións das instalacións “faise difícil manter totalmente as medidas de prevención ao 100%” polo que decidiron que este ano non se faga de forma presencial. Así a intención é facer a exposición de pezas de forma virtual utilizando para elo as novas tecnoloxías das que dispoñen. Así, estiveron preparando a web, encontrodetorneiros.org para acoller o evento de forma dixital. Na páxina haberá ademais das seccións habituais de Galería, relatorias



que pasaron por Xermade, historia, camisetas, etc, unha sección dedicada ao XX Encontro de Torneiros, onde se poden enviar facilmente as fotografías das pezas ou dos participantes traballando co torno. Ata o día 6 de setembro recibirán as fotos e con ese material farán unha expo-

sición na web que se abrirá o venres 18 de setembro. Para animar á participación, os habituais colaboradores, Comercial Pazos e Tornyfusta, doaron un obsequio de produtos de tornería cada un que se sortearán entre todos os que envíen fotos. Ademais todos os participantes recibirán un kit dun chaveiro, un lapis, un bolígrafo-calibre e un catálogo de Comercial Pazos. Os obsequios enviaranse aos gañadores dentro do territorio nacional. Avanzaron tamén que non haberá exhibición en vivo do torneado. “Confiamos que para o ano a situación esté controlada, que sexa máis fácil manter as condicións de seguridade que eviten o rebrote de novos focos de contaxios e que poidamos ofrecer todo presencial”, concluíron.



Unha vista do salón de plenos recuperado

Operarios municipais renovan o salón de plenos

Os operarios do Concello de Xermade finalizaron estes días unha reforma no salón de plenos para mellorar o seu aspecto nunha das salas abertas ao público xa que se trata de sesións públicas. Os operarios puxeron a tarima nova, pintaron o salón e restauraron os mobles que alí se atopan. Trátase

de varias pezas de mobles chineiros de distintas épocas e que conservan no seu interior pezas de porcelana procedentes na súa maioría de distintos agasallos así como libros e outras pezas de propiedade municipal. Tamén figura unha mesa cunha máquina de escribir e material de escritura do século pasado.

Suspendido o campamento de verán Concilia

O concello de Xermade decidiu finalmente suspender a celebración do campamento de verán Xermade Concilia, unha cita que tiña como obxectivo facilitar o acceso das nenas e nenos do termo municipal a un tempo e espazo de ocio e diversión. O fin é poder axudar ás familias a conciliar a súa vida familiar e laboral neste período estival. A razón da súa suspensión foi non acadar o número de nenos mínimo para organizalo. O campamento tiña previsto facerse desde o luns 27 de xullo ata o venres 14 de agosto, en horario de mañá e con servizo de madrugadores. O prazo de inscrición rematou esta semana. As inscricións faranse no Rexistro do concello (planta baixa), por estrito orde de inscrición. O número de prazas é de 50. O campamento estaba subvencionado pola UE e a Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral da Igualdade.

Atopan un castro e tres mámoas

Patrimonio dos Ancares e a asociación de recreación histórica de Lugo Tir Na n' Og veñen de anunciar a existencia dun castro e tres mámoas no Concello de Xermade. O asentamento castrexo téñeno localizado e documentado na parroquia de Miraz, concretamente na Chousa do Castro, a unha altitude de 525 metros.

O asentamento ten forma oval nun espazo de dimensións de 87 por 70 metros. Malia estar alterado polo paso do tempo e o traballo agrícola os investigadores atoparon restos da muralla perimetral e parte dun foso defensivo. Unha das mámoas está na parroquia de Momán, no lugar coñecido como Pena dos Corvos, e ten

19 metros de diámetro, polo que é a maior das tres. As outras dúas atópanse no lugar coñecido como Escoriscada, na parroquia de Cazás, e teñen 18 e 15 metros de diámetro. Todos estes vestixios, que non estaban catalogados, foron xa comunicados ao Servizo de Xestión Cultural da Consellería de Cultura en Lugo.

O Virxe do Corpiño contará cunha segunda aula de infantil

O Ceip Virxe do Corpiño de Begonte contará o ano que vén cunha segunda aula de Educación Infantil debido ao aumento do número de matriculados.

Segundo informan dende o centro, o aumento da matriculación de alumnado no centro foi dun 130% con respecto ao curso anterior, o que lles permite aumentar o número total de alumnado do colexio nun 25% a partir de setembro.

Este aumento trae consigo importantes melloras a nivel pedagóxico, posto que se creará unha segunda aula de Educación Infantil.



Vista do colexio de Begonte

A CHMS limpa o río Ladra á altura da ponte de Uriz



Estado no que se atopaba o río na zona de Uriz

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, mellora a capacidade de desaugadoiro da ponte de Uriz, situado entre os municipios de Begonte e Outeiro de Rei.

A ponte de Uriz, sobre o río Ladra, data do século XIX, de fábrica de pedra, e que polas súas características acumula con facilidade restos de árbores no leito o que supón

unha diminución importante da capacidade hidráulica do mesmo, que, pola forza da auga, podería deteriorar a propia infraestrutura. Para evitalo, procedeuse á retirada dos troncos, entre os que destaca unha árbore de gran porte e unha cepa, así como a vexetación retida e acumulada nos alicerces da ponte. Os traballos foron executados por unha brigada composta por catro operarios co apoio mecánico dun camión-guindastre.

Farán unha pista de pádel ao lado do centro sociocultural

O Concello de Begonte construíra unha pista de pádel nas inmediacións do centro sociocultural e do centro de saúde, na zona axardinada do interior deste recinto, unha obra que responde á iniciativa veciñal e que terá un orzamento de 30.000 euros, a cargo dunha subvención da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta.

O recinto terá unhas dimensións de dez metros de ancho por 20 de longo, cunha zona de xogo de

césped artificial. A instalación, que será descuberta, contará con peche perimetral e iluminación artificial. A construción da pista de pádel implicará un cambio de ubicación do parque biosaudable existente na zona.

O Concello estima que a actuación estará terminada no prazo dun mes. Ademais, non descartan mesmo instalar unha pista cuberta, que permita a práctica durante todo o ano.

O Concello dará axudas aos afectados pola pandemia

O Concello de Begonte vén de convocar axudas para impulso da reactivación da actividade económica no termo municipal de Begonte, co obxectivo de paliar os efectos do covid-19.

O obxecto da presente convocatoria é paliar ou minimizar na medida do posible as consecuencias derivadas da grave crise económica, impulsando desde o Concello a reactivación da actividade económica e a protección do emprego no termo municipal de Begonte, mediante a concesión das correspondentes axudas

aos autónomos e empresas con domicilio fiscal no termo municipal.

As axudas contarán cun orzamento de 12.000 euros con cargo aos orzamentos municipais e consistirán nunha contía fixa de 500 euros para as persoas físicas e xurídicas que se visen afectadas polo estado de alarma. Concederase unha única axuda por establecemento. Dado o carácter complementario das axudas reguladas pola presente convocatoria, a súa concesión será compatible coas que se puideran

obter de calquera outra Administración Pública.

O prazo de solicitude xa está aberto e prolongarase ata o 1 de agosto. Estas poderán presentarse no rexistro xeral do Concello de Begonte no modelo normalizado, preferiblemente por vía electrónica a través da Sede Electrónica do Concello, debendo empregar o modelo de presentación electrónica de solicitudes Instancia Xeral, prégase que indique no asunto a seguinte lenda *Solicitude de axudas para paliar os efectos do covid-19*.

Tomé visita os clubs fluviais e escoita os proxectos das directivas

O Presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o Deputado de Promoción Económica e Social visitaron as instalacións dos clubs fluviais de Begonte e de Baamonde e mantiveron un encontro con representantes dos colectivos.

Durante a reunión, os membros do Centro Recreativo Cultural e Deportivo (Cercud) de Baamonde lembraron o seu proxecto para a rehabilitación integral do muíño ubicado xunto á praia fluvial de Baamonde, para convertelo nun museo etnográfico sobre o pan, a súa elaboración e toda a cultura que engloba en Galicia. O proxecto técnico -cuxa elaboración financiou a comunidade de montes de Baamonde- presentouse ante a CHMS en outubro de 2018 e aínda segue en trámites.

A petición inclúe tamén o aproveitamento deste caudal para o funcionamento dunha moa das tres que ten o muíño para a súa demostración no futuro museo etnográfico Muíño do



Visita de Tomé ao club fluvial de Begonte

Pan. O obxectivo do museo etnográfico é que conte cunha exposición permanente sobre a historia e evolución tecnolóxica dos muíños de auga ademais doutras temporais, para acoller visitas escolares así como a celebración de obradoiros.

FESTIVAL 27273. Pola súa banda, o Castiñeiro Milenario comunicou a cancelación do Festival 27373 de

Begonte que se ía celebrar en agosto no club fluvial.

“Levamos semanas valorando todas as posibilidades, pero a día de hoxe non podemos garantir a seguridade das persoas e vendo que as recomendacións sanitarias van cambiando día a día, a decisión máis lóxica, sensata e dolorosa é suspender a edición deste ano 2020”, dixerón.

FINALIZAN OBRA EN CALLE FOZ, 6
A 150 m da Praza da Constitución
Vivendas de 2 e 3 dormitorios

982 512 444 - 659 080 853 / www.folgueirasinversiones.com
Desexamos saúde e ánimo. Nunca choveu que non escampara!

riotorto

O Concello acometerá a mellora dos accesos a Aldurfe

O Concello de Riotorto adxudicou estes días a obra de mellora de accesos ao núcleo de Aldurfe, unha obra que executará Construcciones Isidro dentro dun mes.

Estas obras, que contan con achega do Plan Marco do Agader, teñen por obxecto proceder á mellora dun camiño público moi deteriorado debido á súa antigüidade, uso e inclemencias meteorolóxicas.

O camiño público sobre o que se proxectan actuacións discorre entre dúas explotacións agrícolas dando servizo a numerosas parcelas situadas entre elas. É un camiño que sae do núcleo rural de Aldurfe e conéctao coas explotacións que se sitúan á súa marxe oeste. Trátase dun camiño que desde a LU-P-4404 discorre cara ao oeste virando cara ao norte nas proximidades do río Miñotelo.

As actuacións previstas para a mellora do pavimento deste camiño consistirán na extensión dunha capa de mestura asfáltica en quente de 6 cm de espesor executándose un bacheo previo con pedra e rego asfáltico en diferentes puntos. Tamén se procederá á limpeza e apertura de cunetas. A obra ten un orzamento de 48.353,95 euros e un prazo de execución de dous meses.

Comezan coas obras do saneamento no lugar de Vale



A pasada semana deron comezo as obras de construción da rede de saneamento de Vale que dará servizo a 32 residentes nos dous barrios, denominados Penela e Aldea, e outro núcleo secundario formado por un barrio máis pequeno que se coñece como Souto de Vale.

As obras consisten na construción dunha rede de colectores no lugar de Vale que canalizarán as augas residuais procedentes das vivendas cara a un punto de vertido onde se situará o conxunto de depuración.

Os colectores recorrerán polas marxes dos camiños e estradas do lugar e na maior parte dos casos, debido á particular orografía do lugar e dispersión das vivendas, por fincas particulares, coa fin de axustar o trazado ás esixencias técnicas e particulares das obras.

O prazo de execución desta obra é de catro meses e ten un orzamento de 49.668'29 euros.

Estrea dun documental sobre Santa Comba da Órrea

A igrexa de Santa Comba da Órrea acollerá o sábado 8 de agosto a estrea do documental Santa Comba da Órrea á vista do lamego, un documental que realiza unha viaxe aérea pola parroquia e a súa realidade actual. Esta peza está producida pola propia asociación de veciños e realizado por Kiko Varela.

A estrea terá lugar ás dez da noite no adro da igrexa e para asitir será obrigado o uso da máscara así como gardar a distancia de seguridade. Ao finalizar a sesión entregárase unha copia do documental así como doutros producidos pola asociación de veciños que poderán levar para casa. Trátase dunha actividade englobada dentro da programación das festas de este ano que perderán o seu aspecto habitual por mor do coronavirus.

meira

Empezan as obras en Vilar da Corota e na área recreativa

O Concello de Meira vén de adxudicar varias obras pendentes no termo municipal. Unha das primeiras en convocarse foi a das obras de mellora do pavimento e recollida de augas pluviais no núcleo de Vilar da Corota.

Estas obras teñen un prezo final de 21.578,27 euros, dos que 3.744,99 corresponden ao IVE. Deses cartos, 16.313,17 euros corresponden a unha subvención da Xunta de Galicia a través do fondo de compensación e que lle foi concedida ao Concello de Meira o 27 de maio. O resto do orzamento estará ao cargo da financiación municipal. As obras teñen un prazo de execución dun mes dende o momento do seu inicio. Este será nos próximos días. Tamén foron adxudicados os traballos de renovación do pavimento na senda peonil na área recreativa Pro-



Área recreativa Profesor Río Barxa

fesor Río Barxa, situada no centro da vila. Estas obras teñen un orzamento de final de 44.214,74 euros. As obras executaranse con cargo ás subvencións do Fondo de Compensación Ambiental. Estas obras terán un prazo de execución de dous meses e darán comezo en setembro xa que como indican dende a Alcaldía,

estes días o parque está sendo moi utilizando polos veciños e “non queremos entorpecer”.

A renovación da senda foi posta en marcha debido aos problemas que ocasionaba nos viandantes xa que faltaban lousas, outras estaban rotas e había problemas de estabilidade de coa choiva.



Intersección coas vías a reparar

Licitadas mellora de vías en Vilaxuso, Pumarega e Val da Cal

O Concello de Meira destinará un total de 32.680 euros á reparación de camiños municipais en Vilaxuso, Pumarega e Val da Cal, obras que sairán nos próximos días a adxudicación.

Estas obras contarán cunha subvención do Plan Marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrarias 2020-2021confinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural de 27.354,29 euros. As obras consistirán no asfaltado dos accesos ás casas e o amaño das propias vías.

Goteira volve á rodaxe de ‘Welcome to ma maison’

O director de cine meirés Andrés Goteira (impulsor do galardoado film Dhogs, de 2017) retomou en Santiago a rodaxe de *Welcome to ma maison*, unha longametraxe documental con partes ficcionadas, que narra as desventuras de Igor Fernández, un actor que, tras un colapso emocional, decide afastarse da interpretación por un tempo e centrarse na investigación cinematográfica. Igor comeza a escribir un libro que versa sobre a linguaxe non verbal das mans na filmografía do director daniés Nicolas Winding Refn (*Drive*).

O seu fin último na vida pasa do desexo de perdurar nas pantallas a encontrarse co seu idolatrado director e escribir un final para o seu libro. O documental producido por Gaitafilmes conta co apoio de Agadic, a Deputación de Lugo e a CRTVG.

O PP pide transparencia na denuncia do SAF

O voceiro do Grupo Municipal do PP de Meira, Carlos Veiga, amosou a súa preocupación sobre o funcionamento do servizo de axuda a domicilio no municipio; así coma da situación das traballadoras tras coñecer nos últimos días un caso de suposta explotación laboral por parte de dúas mulleres a traballadoras inmigrantes en situación irregular relacionadas coa empresa adxudicataria do servizo de axuda no fogar no municipio.

O popular esixe explicacións ao alcalde porque “o Concello é o encargado da contratación, adxudicación e xestión” da prestación deste servizo.

Os populares de Meira queren ser prudentes ante esta cuestión porque “é a xustiza a que debe aclarar o caso”; pero sosteñen que “o

gobierno socialista de Meira debe explicar aos veciños e veciñas e, polo tanto, aos grupo municipais, todo o relacionado co caso”.

Nese sentido, esixen ao goberno local “a máxima transparencia sobre este asunto; especialmente neste momento no que os servizos sociais deben ser fortalecidos para prestar uns servizos de calidade aos usuarios e usuarias”.

DEPUTACIÓN



O reparto de fondos do Plan Único foi aprobado na última sesión plenaria

O Pleno aproba por unanimidade a distribución do Plan Único 2020

O pleno ordinario do mes de xullo aprobou por unanimidade a relación de actuacións e proxectos que os 67 concellos da provincia propuxeron para executar ao abeiro do Plan Único 2020, e que suporán unha inxeción de máis de 24 millóns de euros. Os municipios priorizan os investimentos -aos que dedicarán preto do 64% do total dos fondos-, seguido de iniciativas para a creación de emprego e de medidas sociais e económicas para combater a covid-19, unha nova liña que o Goberno da Deputación decidiu incluír este ano para axudar ás entidades locais a facer fronte aos efectos da crise sanitaria. Aínda que todos os grupos da Corporación provincial deron luz verde á distribución dos fondos do Plan Único, á hora de aprobar o trámite administrativo imprescindible para poder levalo a cabo, como é a adaptación das partidas do Orzamento 2020 ás solicitudes dos concellos, o PP decidiu absterse.

Para o Plan Único a Deputación achega dos seus orzamentos 21,3 millóns de euros que, sumando as aportacións dos concellos, consegue inxectar na sociedade e na economía da provincia máis de 24 millóns de euros de fondos públicos. Os concellos presentaron as súas propostas para destinar esta achega da institución provincial aos distintos programas establecidos: investimentos; Servizo de Axuda no Fogar (SAF); fomento do emprego; actividades culturais; actividades deportivas; actuacións/ eventos turísticos; feiras, mercados e análogos; administración electrónica e protección de datos; protección civil; e emerxencia sanitaria coronavirus Covid-19.

Dos 21,3 millóns de euros do programa, 15,2 millóns vanse destinar a **investimentos**. Destacan as melloras e acondicionamento de estradas, accesos a núcleos de poboacións e pavimentación de vías públicas. En total son 329 obras ou subministra-

cións, repartidas entre os 67 concellos da provincia.

En relación co fomento do **emprego**, os municipios destinarán 3,6 millóns a impulsar iniciativas que permitan a creación de postos de traballo no municipio. En total, vanse realizar 297 contratacións en 59 concellos da provincia.

Con motivo da **crise sanitaria**, a Deputación tomou a decisión de incorporar unha nova liña para que as entidades municipais puidesen facer fronte a gastos correntes derivados desta situación. En total, os municipios destinan máis de 1,2M€ para actuacións moi diversas. Por exemplo, a compra de material de protección, adecuación dos lugares públicos ou reforzar os servizos sociais para atallar as necesidades que

Os cartos irán para investimentos, servizos sociais e actividades e enerxencia sanitaria

xorden nos concellos.

En materia de **servizos sociais**, os concellos investirán máis de 3M€ ao Servizo de Axuda no Fogar. A día de hoxe aténdense a máis de 3.000 veciños e veciñas, que inclúe un conxunto de atencións e coidados moi variados. Entre esas actuacións inclúense atencións de carácter persoal na realización de actividades básicas da vida diaria no domicilio, acompañamento e seguimento de tramitacións e atencións de carácter psicosocial e educativo enfocadas ao desenvolvemento das capacidades persoais básicas, entre outras, que contribúan a mellorar a calidade e ritmo de vida que levan.

Ao abeiro do Plan Único os concellos incluíron actividades ou eventos de

promoción turística. Para este programa destinaranse 167.480 euros para o total dos municipios, entre os que destacan spots publicitarios, impulso de novas rutas, sinalización turística, plans de redes sociais ou campañas en medios de comunicación, entre outras.

Este ano os concellos seguen apostando por investir na **administración electrónica** e protección de datos, programa que ascende a 140.737 euros, superando a cantidade do ano anterior de 105.000 euros.

O Plan Único tamén inclúe nas súas bases un apartado propio para **Protección Civil** ao que poden acceder aqueles concellos que dispoñen destas agrupacións. Neste programa este ano vanse incluír gastos correntes relativos a estas unidades que ascenden a 16.000 euros.

En canto ao programa relativo a **feiras**, mercados e outros, nesta anualidade os municipios decidiron destinar preto de 112.000€. Pola súa banda, en actividades **culturais** tales como escolas de música, teatro ou actuacións ou eventos que se celebren no ano 2020, o orzamento ascende a 278.730 euros.

A Deputación destinará ao **deporte** a través deste plan un total de 148.058 para gastos de escolas deportivas, cursos de ximnasia, carreiras populares ou calquera outro evento co espírito de promover os hábitos saudables dende a óptica deportiva.

Con este programa de investimentos a Deputación de Lugo dá resposta a situacións e necesidades concretas de cada concello, reforzando a súa autonomía e responsabilidade xa que son eles os que deciden en que e como gastar as achegas. Ponse de manifesto que a cooperación entre administracións é a canle para satisfacer as necesidades dos veciños e veciñas da provincia de Lugo, en accións de gobernanza, deseñadas e aplicadas pensando nas persoas.

Abre a listaxe de contratación para os Centros de Maiores

A Xunta de Goberno aprobou as bases que rexerán o procedemento selectivo para ampliar a lista de traballadores sociais de emprego temporal que prestan servizo na institución provincial. A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, informou de que “esta é unha convocatoria pública aberta para traballar, principalmente, nos centros de atención a maiores da Deputación, tanto nos que xa están abertos como nos que se abrirán nas próximas datas, e dá conta do compromiso da Deputación coa provincia e con prestar un servizo de benestar de calidade”.

A sesión tamén aprobou a licitación do contrato da subministración mediante arrendamento dos sistemas de impresión de todas as dependencias da Deputación. O orzamento de licitación é de preto de 403.000 euros e o contrato é por dous anos, prorrogable por un máis. “Para este contrato incluímos nos criterios de valoración o con-

sumo enerxético das máquinas, valorando aquelas que teñen un menor consumo e que sexan máis respectuosas co medio ambiente”, subliñou a Deputada.

Así mesmo, quedou tamén aprobada a licitación do contrato do servizo de mantemento de instalacións térmicas e o control de prevención de lexionelose. O orzamento é de 167.000 euros para un contrato por dous anos, que se pode prorrogar por outros dous. Tamén saíron adiante un conxunto de actuacións que se van realizar con remanentes do Plan Único do 2019 como a mellora da estrada LU-234 que conecta Lugo con Outeiro de Rei.

Na Xunta de Goberno aprobáronse cinco contas xustificativas do programa de Recuperación e incorporación de terras para posta en produción de recursos agrogandeiros. Suman preto de 5.500 euros para a posta en produción de máis de 10 hectáreas nos concellos de Baralla, A Fonsagrada e A Pastoriza.



Manifestación socialista reclamando a apertura do ambulatorio de Castro

Acordo político para reclamar a reapertura dos centros de saúde de Parga e Castro de Rei

A situación da atención primaria a raíz da crise sanitaria da covid-19 centrou parte do debate do pleno provincial celebrado este martes na Deputación de Lugo. O BNG defendeu unha moción de goberno que reclama á Xunta de Galiza a reapertura inmediata dos centros de saúde de Parga e Castro de Rei, sen atención médica desde a alarma.

O Sergas, que explicou os peches coma unha medida temporal, mantén os consultorios sen facultativos catro meses despois e sen ofrecer data para a recuperación do servizo malia as mobilizacións e demandas da veciñanza.


“Digan cando van abrir os centros e que medidas van tomar para que sexan seguros”, reclamou o voceiro nacionalista, Efrén Castro, quen acusou á Xunta de “aproveitar a pandemia para precarizar a sanidade pública”. Efrén Castro tamén criticou a extensión da atención telefónica na atención primaria coa “excusa do coronavirus” cando hai profesionais que cuestionan a súa calidade. Ademais, evidenciou a intención da Xunta de manter a senda de recortes nos servizos sanitarios do rural. “Vostede mesmo recoñeceu que, se hai menos cartillas, pecharán os centros de saúde”, apuntou o deputado sarriao.

TERRA CHÁ

A provincia supera tres gromos

Mantense arredor dos 70 casos repartidos entre A Mariña, O Saviñao e Vilalba principalmente, onde se produciron as repuntas

A provincia de Lugo, igual que Galicia e o resto de España e do mundo, continúa a loitar contra a pandemia do coronavirus. Unha vez desaparecido o estado de alarma, e coa xestión en mans da Comunidade Autónoma, Galicia optou pola prudencia e estableceu unhas ríxidas normas entre as que figuran o uso continuado da máscara por toda a poboación e a última normativa de facer un seguimento á poboación nos seus traslados fóra de Galicia. Aínda que o coronavirus segue presente, agora mesmo os diferentes gromos que se producen están controlados. O primeiro, na Mariña, que fixo chegar a cantidade de contaxios ata os 200 xa está neutralizado cunha trintena de casos, a maior parte cunha sintomatoloxía leve e dous ingresados. Pola súa banda, Vilalba tamén contou co seu gromo que malia o susto inicial quedou concentrado nunha única familia con seis persoas afectadas, dúas delas na parroquia de Cabreiros, en Xermade.



Fonte: Sergas

O mesmo pasou no Saviñao e malia que continúan aparecendo pequenos casos as altas seguen aumentando con controis exhaustivos en familiares e contactos dos afectados. A boa nova é que non se produciu na provincia ningunha morte neste

tempo de reputas e hai tres ingresados. A maior parte destas repuntas estanse dando tras reunións familiares a través da xente moza. En Galicia a situación é moi similar e contan con 359 casos activos (a 3 de agosto) xa que non só hai repuntas

en Lugo, o que fai aumentar de novo o número de contaxios. En crecemento tamén están en España aínda que os expertos aseguran que están controlados os contaxios cun seguimento dos contactos e peches puntuais por zonas ou confinamentos.

VIAXEIROS

Co obxectivo de protexer a saúde puxéronse en marcha unha serie de medidas hixiénico sanitarias. As persoas, sexan residentes en Galicia ou non, que proveñan ou estiveran nos últimos catorce días en **territorios de alta incidencia** epidemiolóxica deberán cubrir un **formulario** que se atopa na web do **Sergas** ou no **teléfono 881 00 20 21** nun prazo máximo de 24 horas desde a súa chegada. Os territorios de alta incidencia a data do 3 de agosto son Aragón, Cataluña, Navarra, País Vasco e A Rioxa. Así como calquera dos países do continente africano, e un amplo número dos continentes americano, asiático e europeo. Pódese consultar a listaxe na web.

Concellos dinamizan o programa Ler conta Moito con actividades

34 entidades locais da provincia de Lugo programarán actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e axencias de lectura integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, ao abeiro do programa Ler conta moito. As axudas concedidas aos concellos lugueses na edición deste ano suman 30.000 euros. En canto aos municipios beneficiarios, doce son da Mariña (Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Lourenzá, Mondoñedo, Ourense, Ribadeo, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove); dez da Zona Sur (Bóveda, Carballedo, Chantada, Monforte de Lemos, Pantón, A Pobra do Brollón, Quiroga, O Saviñao, Sober e Taboada); cinco da Terra Chá (Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba e Xermade); ademais dos municipios de Antas de Ulla, Monterro-

so, Sarria, O Páramo, A Fonsagrada, Riotorto e a capital luguesa. A través desta liña de achegas, as entidades locais programarán un mínimo de dúas actividades do catálogo Ler conta moito 2020 de maneira que cada concello poderá recibir unha achega que cubra ata o 75% dos gastos. Trátase dunha programación que ten como obxectivo contribuír á promoción da lectura como un vehículo de enriquecemento e de aproveitamento persoal, ofrecendo espazos de encontro para descubrir e compartir. **COMPRA DE LIBROS.** Por outra banda, estes concellos recibirán unha achega para adquirir novidades editoriais en galego en formato físico e para mellorar as coleccións

bibliográficas de bibliotecas e axencias de lectura municipais. Os concellos chairegos que se beneficiarán serán Guitiriz, Meira, Muras, A Pastoriza, Riotorto, Vilalba e Xermade. Esta orde de axudas ten dúas liñas. Unha delas serve para que os centros poñan ao dispor das persoas usuarias as novidades editoriais en galego no momento da súa entrada no mercado, mediante a compra de libros en formato físico. O segundo programa vai dirixido á mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas, coa finalidade de actualizalas e incrementar a oferta e o servizo ás persoas usuarias, atendendo de forma especial ás campañas de verán e Nadal, nas cales se incrementa a demanda deste servizo.



Labores de limpeza nunha estrada da provincia

Rematan a limpeza das estradas autonómicas da comarca

Xa remataron os traballos de roza e limpeza nas marxes de estradas autonómicas das comarcas de Noia, Fisterra, Lugo, Terra Chá, O Condado e Pontevedra. A empresa pública Seaga completa así neste mes as tarefas de acondicionamento nas franxas de dominio público, realizadas en máis de 30 vías autonómicas das catro provincias, para previr lumes e reforzar a seguridade viaria. En concreto, concluirán os traballos nas vías autonómicas da provincia de Lugo: AG-64, entre Vilalba e Xermade; e a C.G-2.2, entre Lugo e O Corgo.

As tarefas centráronse na retirada de especies pirófilas, aquelas que son máis propensas á propagación do lume, co fin de previr incendios forestais. Tamén se acometeron rozas para completar o traballo ordinario de conservación das estradas e reducir progresivamente o uso de herbicidas, dando cumprimento a un acordo parlamentario. Ademais, realizouse o acondicionamento de zonas verdes e sendas peonís, para que estean en condicións axeitadas, pensando xa no incremento de uso que experimentan no verán.

Rúa dos Capiteiros, 29-31
Pol. Ind. do Coto - Lugo

Tel/Fax 982 267 323
info@cristalerialucense.com

A psicodelia de Magical Colors

Este trío vilalbés está formado por músicos de longa traxectoria que contan cada un cos seus propios proxectos



Á esquerda, os tres membros da banda vilalbés, e, ao lado, o grupo no concerto do FaCeLa de Lugo. FOTOS: Brais Rouco

Javier Corra, Marcos Maoxu e Alberto Guntín son as caras agochadas tralo nome de Magical Colors, unha banda vilalbés que leva moitos anos facendo desfrutar a moita xente coa súa música.

O nome da banda está escollido dunha canción de Jon Spencer Blues Explosion e “aínda que musicalmente non estamos moi cercanos a esa banda, o nome pareceunos perfecto para o que facíamos”, comentan.

Ao principio comezaron sendo catro, cando tamén se atopaba Iria, unha excelente baixista, que tivo que deixar o grupo alá polo Nadal de 2018.

Todos os membros son vilalbeses, dous deles de adopción como Marcos, que é asturiano, e Javi, que naceu en Ferrol. O propio da terra é Alberto.

Aló polo 2015, Javi, Marcos e Iria tocaban noutra banda, os Moondogs Blues Party, a cal fixo un parón e eles tres, que non podían descansar da súa paixón pola experimentación e a improvisación, xuntáronse para seguir tocando e desfrutando.

Déronse conta de que quizais lles faltaba unha persoa máis no grupo pois Javier toca a guitarra, Marcos os teclados e Iria o baixo, así que decidiron incorporar a Alberto á batería. “De tocar unhas versións para pasalo ben, pronto comezamos a compoñer temas

propios”, di Marcos.

Estes rapaces non pararon nunca de traballar e teñen unha ampla bagaxe. Así, Alberto tocou en Diógenes, Insert Coin, Mi Perro Vincent..., Marcos leva desde os 90 en bandas como Los Trankis, Balandrán e Moondogs Blues Party e colaborando con moitos músicos, bandas, poetas e obras teatrais; e Javi en Meskalina e Moondogs Blues Party.

Todo o seu repertorio son composicións propias e os tres participan na creación das cancións, ademais de que o seu estilo achégase ao

rock dos 60 e 70, “facemos un rock aberto a diferentes estilos, con ambientes psicodélicos e improvisacións, optando pola liberdade tanto a nivel compositivo como de expresión musical”, din. Este verán non saben como resultará o tema dos concertos e a xira que tiñan esta primavera en Galicia e Asturias tivo que ser cancelada e polo de agora están á espera de que salas e festivais podan retomar a normalidade.

O primeiro concerto é algo que nunca se esquece e para eles foi na festa de fin de campaña de Vi-

lalba Aberta en 2015, “cando aínda só tocábamos versións”. Ademais teñen un amplo percorrido pois teñen un gran recordo do seu concerto no Fardela en xaneiro de 2016, “o primeiro no que tocamos cancións propias, con cheo total, e que ademais foi o derradeiro concerto que se fixo nese local que rexentaba César, que tanto fixo pola música neste pobo e ao que lle temos moitísimo cariño”, lembran con especial agarimo.

Outro concerto que destacan foi o do FaCeLa Fest en Lugo, “chamáronnos nunha época complica-

da na que acabábase de quedar como trío e deunos o empurrón necesario para tirar cara adiante e consolidarnos con esta formación”. O futuro, aínda que está por vir, téñeno bastante claro. “A nosa idea é gravar un novo disco nun futuro máis ou menos inmediato e retomar os directos en canto sexa posible”, ademais de Magical Colors todos os membros

“A nosa idea é gravar un novo disco nun futuro máis ou menos inmediato e retomar os directos”



O grupo nun dos seus habituais concertos. FOTO: Brais Rouco

contan con diferentes proxectos paralelos musicais e artísticos, como Javi, que está a facer unha serie de vídeos con Iria chamada *Música en Noche* e que comezaron durante o confinamento e que se poden ver no Facebook. Marcos continúa tocando co cantautor Rafa Lorenzo, co que leva moitos anos colaborando e está comezando co grupo de César Maltrago. Finalmente, Alberto agora mesmo está como baixista en Irmandades do Falo e segue co seu proxecto persoal experimental Tapioca Pudding.

CHAIREGOS
SERVICIOS VETERINARIOS

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA
CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20
(O Ramal) Rábade
Telf. 982 871 103

URXENCIAS
24 HORAS

terracháxa
xornal independente da chaira www.terrachaxa.com

Para calquera suxestión, información ou comentario
non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323 redaccion@terrachaxa.com

Impulsan o cultivo de froitos do bosque

O presidente da Deputación da Lugo, José Tomé Roca, asinou un convenio de colaboración co presidente da Asociación Sectorial Forestal Galega (Asefoga), Jacobo Feijóo Lamas, para impulsar o cultivo sostible de froitos do bosque na provincia co fin de diversificar a produción do sector primario e xerar valor engadido no rural lucense. No acto participou tamén o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón. A través deste proxecto, os profesionais de Asefoga establecerán unha parcela piloto demostrativa de froitos do bosque, ofrecerán asesoramento, difundirán información de utilidade e organizarán unhas xornadas técnicas sobre este cultivo.

A Deputación achega 37.000 euros para impulsar esta iniciativa, que concorda cos obxectivos da institución para o sector agrario e forestal da provincia. Na sinatura do acordo de colaboración, Tomé Roca destacou que “o proxecto de cultivo de froitos do bosque conxuga moi ben coas tendencias de consumo, a demanda real dos mercados e a nosa tradición

agrícola”. Engadiu ademais que “é unha iniciativa que tamén concorda coas liñas de traballo que a Deputación impulsa para xerar emprego no rural e frear o abandono dos montes e o despoamento”.

Neste senso, o presidente subliñou que a Deputación traballa “da man do propio tecido produtivo, da Universidade e de asociacións profesionais como Asefoga por un sector agrario e forestal con capacidade para xerar riqueza, emprego, asentar poboación na provincia e tamén como unha parte fundamental na ordenación do territorio”.

As moras, arandos e framboesas e demais froitos do bosque son na actualidade un produto á alza moi demandado e apreciado polos consumidores para consumo en fresco, como ingrediente culinario ou en produtos cosméticos. O cultivo destes froitos supón un elevado valor engadido que abre novas posibilidades de aproveitamento do rural e xeración de postos de traballo vinculados á súa recollida, manipulación e comercialización.

O operador Adamo chega a máis parroquias da Terra Chá

O operador de internet de fibra óptica Adamo xa hai dous anos que comezou a despregar a fibra máis rápida do país nas zonas rurais de Galicia. Por agora prestan servizos de internet a preto de 35.000 fogares desta provincia, pero co novo despregamento cumprirán o seu obxectivo de chegar a 85.000 casas destas áreas para acabar coa fenda dixital.

Esta compañía traballa para reducir a fenda dixital e que todo o que queira apostar polo mundo rural e volver ao campo poida facelo sen ter que renunciar a estar conectado.

Adamo, cuxo obxectivo prioritario son as zonas rurais, xa está en moitas parroquias da Terra Chá como os concellos de Vilalba, o de Meira, o de Rábade, e nas parroquias de Robra, Guillar, Silvarrey, Buxán, Matela e San Martiño do Concello de Outeiro de Rei.

Adamo, o operador de internet de fibra óptica con maior crecemento en España e en plena expansión, lanza unha nova



Unha vista aérea da vila de Vilalba

campaña e conta cun novo aliado para cumprir a súa misión de levar a fibra óptica máis rápida a todos os recunchos. Desde Adamo, queren fomentar o rexurdir da España rural e acadar que a España baleirada non sexa sinónimo da España desconectada.

CONFINAMENTO. Ademais din que “este ano vivimos unha conxuntura excepcional. O confinamento provocou un cambio de perspectiva na xente e fixo

que moitas persoas quixesen afastarse das grandes cidades durante o período de illamento. Moitas persoas déronse conta durante estes últimos meses de que necesitan cambiar de vivenda e queren gozar dunha casa máis grande e con máis comodidades, sacrificando a boa localización dunha zona céntrica. Os movementos non só producíronse das grandes cidades aos municipios, senón tamén das zonas urbanas ás rurais”.

Viesgo rexistrou en 2019 unha mellora na súa calidade de subministración

Viesgo obtivo en 2019 uns resultados récord en canto á calidade da subministración eléctrica ofrecida aos seus clientes de Cantabria, Asturias, Galicia e Castela e León nos máis de 31.700 quilómetros da súa rede de distribución. Así o acreditan os datos rexistrados de TIEPI (Tempo de Interrupción Equivalente da Potencia Instalada), o indicador que mide a calidade do servizo eléctrico, que no último exercicio rexistrou na zona de Viesgo unha interrupción media por cliente de 32,4 minutos. Esta é a mellor cifra lograda na historia da compañía e que supera o dato rexistrado en 2018 nun 13,6%. Na comunidade autónoma, o TIEPI foi de 41,7 minutos, polo que a calidade de subministración na rexión foi un 9,34% mellor que o ano anterior. Miguel Antoñanzas, presidente de Viesgo, explica que “estes datos avalan o traballo que cada día desempeñan os nosos profesionais e anímanos a seguir cumprindo cos obxectivos marcados, mellorando cada vez máis a calidade do servizo que prestamos aos nosos clientes”. Ao seu xuízo, “o investimento fai posible que o servizo que prestamos sexa cada día máis eficiente”.

Mellorarán a eficiencia enerxética en colexios da Pastoriza e Riotorto

A Xunta mellorará a eficiencia enerxética de 28 centros de saúde de Galicia, repartidos polas catro provincias galegas, co fin de reducir os custos enerxéticos e apostar pola mellora ambiental, repercutindo tamén na calidade de vida dos cidadáns.

Para iso, a Consellería de Economía, Emprego e Industria e o Servizo Galego de Saúde asinarán un acordo marco, que permitirá a instalación de caldeiras de biomasa e de aerotermia nestes centros de saúde emprazados nas áreas sanitarias da Coruña e Cee, Ferrol, Santiago de Compostela e Barbanza, Lugo -A Mariña e Monforte de Lemos-, Ourense -Verín e O Barco de Valdeorras- e Vigo da Consellería de Sanidade.

No relativo á provincia investirán en 5 centros, dos cales dous pertencen á Terra Chá, o de Pastoriza para substituír o gasóleo, cunha obra na que investirán 45.000 euros, e en Riotorto tamén substituirán o propano cun investimento de 45.000 euros.

A Administración autonómica investirá un total de 2,5 millóns de euros, a través de fondos Feder,



Unha imaxe do colexio da Pastoriza

neste proxecto (1,5M millóns de euros) e no desenvolvemento dun plan de district heating con biomasa no complexo educativo da Xunqueira de Pontevedra (1 millóns de euros).

Para levar a cabo a instalación das caldeiras, priorizouse aqueles centros de saúde que contan na actualidade co uso de gasóleo, propano e acumuladores eléctricos. A Xunta aposta polas enerxías renovables para reducir os custos enerxéticos das empresas, entidades sen ánimo de lucro e administracións públicas, podendo dedicar os seus recursos económicos a outros fins. Así mesmo, a mellora

ambiental repercute tamén na calidade de vida da sociedade.

As distintas axudas que se van activar no eido das enerxías renovables e da eficiencia están aliñadas coas Directrices Enerxéticas de Galicia 2018-2020, a través das cales se busca mellorar a calidade de vida dos galegos —mediante o abaratamento dos custos e o aumento da calidade da subministración— e a competitividade do tecido empresarial, apostando pola eficiencia e a potenciación das enerxías renovables de carácter autóctono. Tamén vai en liña da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enxía 2050.

Caixa Rural aproba as contas na súa assemblea xeral

Caixa Rural Galega celebrou a súa Asemblea Xeral anual coa presenza do Consello Reitor da cooperativa de crédito, presidida por Manuel Varela, e os representantes de Xuntas Preparatorias celebradas durante estas últimas semanas nas localidades de Vilalba, Cambados, Pontevedra, Melide e Lugo, que este ano estiveron marcadas polas medidas de protección contra o Covid 19.

O punto máis relevante foi a aprobación das contas do exercicio 2019, das que destaca un beneficio neto que superou os 5,5 millóns de euros, cifra que supera lixeiramente a do ano 2018. Tamén estaba na orde do día a elección do presidente e varios vogais que concluían mandato. O actual presidente, Manuel Varela, que ostenta o cargo dende 2015, foi reelixido.

As contas recollen uns activos que acadan os mil douscentos millóns de euros e que supoñen un crecemento algo superior ao 11% respecto do ano anterior.

Os depósitos de clientes supoñen case mil cen millóns de euros e a inversión crediticia supera os cincocentos cincuenta millóns de euros, acadando ambas partidas crecementsos do 9,7% e 11% respectivamente.

AGRO



As axudas buscan favorecer a visibilidade do sector

A Deputación aproba subvencións para o comercio agrogandeiro


A Xunta de Goberno aprobou a concesión de axudas por importe de 142.000 euros para apoiar ao sector do comercio de proximidade e o agrogandeiro. Deste xeito, a institución provincial destinará preto de 37.000 euros á Asociación Centro Comercial Urbano de Monforte de Lemos "para colaborar co proxecto de dixitalización dos comercios asociados, que agrupa a preto de 150 establecementos de Monforte", subliñou a deputada Pilar García Porto.

Nesta liña, García Porto destacou a importancia de adoptar medidas extraordinarias "nos tempos nos que nos atopamos, en plena crise económica derivada da pandemia do coronavirus. Cun obxectivo ben claro: favorecer a visibilidade do sector incrementando as súas vendas."

A Xunta de Goberno tamén aprobou a concesión dunha achega económica de 105.000 euros, dividida en catro anualidades, á Asociación Profesional de Gandeiros de Lugo. O obxectivo é fomentar o desenvolvemento e a competitividade do sector ata o ano 2023.

A Asociación Profesional de Gandeiros de Lugo é a única entidade en toda a provincia que realiza este tipo de actividade e as actuacións que se recollen neste proxecto son: identificar os principais sistemas agrícolas que utilizan os pastos permanentes; identificar tamén prácticas para mellorar a produtividade e eficiencia dos sistemas de produción de carne, e recoñecer novas prácticas de manexo de pasto que melloren a saúde animal, benestar e produtividade, entre outras accións.

ELISARDO BARCALA



Abre o prazo para as axudas para viveiros e agricultores afectados polo covid-19

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou a orde da Consellería do Medio Rural que establece as bases reguladoras para a concesión de indemnizacións en materia de sanidade vexetal aos viveiros ou explotacións agrícolas afectados por organismos de corentena. O orzamento dispoñible para estas achegas é de 65.000 euros.

En concreto, poderán solicitar estas subvencións tanto as persoas físicas e xurídicas como as entidades sen personalidade xurídica cuxos produtos vexetais fosen afectados polas medidas fitosanitarias adoptadas en virtude da declaración dunha praga pola autoridade competente, orixinada polo desenvolvemento dun programa oficial de erradicación dalgún dos organismos de corentena determinados na orde.

Así, poderán solicitar fondos os produtores afectados por estes 4 organismos en concreto: o fusarium circinatum, fungo que afecta o piñeiro; a thekopsora minima, outro fungo que, neste caso, ata-

ca as plantas de arandos; o psílido africano, que afecta os cítricos e, por último, os que se visen prexudicados pola couza guatemalteca da pataca.

As subvencións están destinadas a financiar procesos de destrución, desinfección, esterilización ou calquera outro tratamento aplicado oficialmente a vexetais contaminados, a substratos de cultivo e terreos recoñecidos como contaminados ou a materiais de produción, acondicionamento, embalaxe ou almacenamento, así como a medios de transporte que estiveran en contacto con ditos vexetais. Tamén se poderán sufragar as inspeccións ou probas efectuadas oficialmente ou por mor dunha petición oficial, para verificar a presenza ou o grao de contaminación por parte dun dos organismos nocivos contemplados. O prazo de presentación de solicitudes será de tres meses a contar desde mañá, día seguinte á publicación da orde no Diario Oficial de Galicia.

Aumenta a presenza en Galicia da agricultura ecolóxica

O informe de actividade do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega) correspondente a 2019 indica que incrementou en case o 18% o volume de vendas certificadas de produtos de agricultura ecolóxica, ata chegar aos 100 millóns de euros. Tamén resalta o aumento nun 3% da superficie inscrita para a produción en ecolóxico, preto xa das 35.000 hectáreas. Cómpre destacar que a tendencia positiva se mantén e rexistra un incremento de preto do 144% nunha década. Así mesmo, no último ano tamén subiu un 2,6% o número de operadores certificados, ata acadar os case 1.200 en Galicia.

A Xunta pola súa banda anunciou que se vai pechar un acordo con Craega para que a produción agraria e gandeira de todas as aldeas modelo de Galicia sexa certificada en ecolóxica.

Deste xeito, o Plan de reactivación e dinamización do seu departamento contempla accións para seguir apoiando este tipo de producións. Así, dentro da iniciativa de mobilización de terras das aldeas modelo, que busca dinamizar pequenos núcleos de poboación en risco de incendios para a súa posta en valo.

Anaplasmosse

APUNTAMENTOS VETERINARIOS



Breixo González

Hoxe imos falar dunha zoonose que afecta a humanose cans. A anaplasmosse está causada por bacterias do xénero anaplasma, que son parentes cercanos das rickettsias (bacterias causante do tifo en humanos)

Sintomatoloxía:

Os veterinarios sinalan que a anaplasmosis é unha enfermidade que en moitos casos é asintomática, é dicir, que non manifesta signos clínicos. E de aparecer, os síntomas máis habituais son a febre, o letargo, a inapetencia e a diarrea, que á súa vez poden ser confundidos cos efectos que causan outras enfermidades, así dificultando a diagnose da mesma.

A pesares diso, síntomas como

a coxeira, a anemia, a aparición de trastornos relacionados co sangrado, (hemorrxias hematomas...) a trombocitopenia (disminución da cantidade de plaquetas e de ahí os problemas de coagulación e as hemorrxias) e a leucopenia ou redución da cantidade de leucocitos, son signos que deben tomarse como indicativos da presenza da enfermidade.

O veterinario pode detectar o contaxio desta enfermidade mediante un frotis de sangue nunha placa de cristal e que, despois de tinguida, é observada ó microscopio que mide a carga parasitaria no torrente sanguíneo, unha proba serolóxica que determina o funcionamento dos anticorpos do animal e a realización da PCR (unha técnica de bioloxía molecular capaz de detectar a infección entre cinco e dez días trala exposición do animal á garrapata, xa que busca o material xenético da mesma).

De resultados positiva calquera das probas, o tratamento a prescribir é de tipo antibiótico. A experiencia dita que se somos capaces de administrar de xeito temperado durante o avance da enfermidade, a resposta ao tratamento pode comprobarse ás 48 horas. Con todo, este tratamento debe realizarse de xeito continuado para reducir a carga bacteriana no organismo do animal.

Para previlo débese empregar uso preventivo de antiparasitarios, que reducirá a transmisión de patóxenos ao repeler e matar ás carrachas (como tamén a babesia e a enfermidade de Lyme). Con todo, estes produtos non son efectivos ao 100% e por isodebemos examinar ao animal en busca de carrachas e en caso de detectalas, proceder a extraelas de xeito inmediato. O ideal é convinar nas épocas de máis auxe das carrachas, varios métodos, pastilla, pipeta e repelente para usar conxuntamente.

DEPORTES

O I Slalom Concello de Guitiriz trasladarase ao 12 de setembro

O I Slalom Concello de Guitiriz, que tiña previsto celebrarse o pasado 28 de marzo e que foi suspendido polo estado de alarma ten como data de celebración o 12 de setembro. Trátase da proba inaugural do Campionato de Galicia que chega ao municipio da man da escudería Scratch Fene. Esta proba comeza a quentar motores co período de inscrición, e contará coa experimentada escudería na organización, sendo o Concello de Guitiriz o promotor da mesma.

A proba disputarase todo o sábado e tamén será puntuable para o campionato de Galicia da modalidade, para a II Copa Noroeste de promoción de Slalom e ofrece como premio a licencia de piloto e a inscrición nos slaloms por eles organizados en 2021 para o gañador da mesma.

O circuito urbano que se des-



envolverá en Guitiriz terá como escenario o Campo da Feira, no centro neuráxico da localidade. A proba combinará velocidade e habilidade para dar o pistoletazo de saída á tempada 2020 e contará co apoio de diversas asociacións e empresarios do municipio.

O CD Castro enfrenta a tempada con Juan Peón como adestrador

O CD Castro, equipo que milita na Primeira Autonómica, anunciou a fichaxe de Juan Peón, que será o adestrador do equipo sénior para a vindeira tempada. Esta profesional estivo en equipos como CD Lugo, RC Villalbés e SD Sarriana e ten como obxectivo devolver ao equipo a próxima tempada á Preferente.

A directiva do club tamén confirmou a renovación do capitán, coordinador deportivo e entrenador da base, Diego Pardeiro Morado *Dumi*.

No capítulo de renovacións hai xogadores das canteiras que ascenden este ano ao equipo sénior. É o caso de Adrian Fernández Lorenzo, medio centro defensivo; Miguel Ángel López Mangel, tamén defensa; Nacho, Jose Ónega, Raúl López Díaz ou Alex Gascón Torito. José Manuel Osorio *Josema* seguirá cubrindo a portería e na banda continuará Daniel Díaz Pedreira. Na faceta ofensiva con-



Juan Peón será o novo adestrador do CD Castro

tinuarán tamén Miguel Ángel Folgueira *Play* e Niko Edrosa. Seguirán tamén Lois, Martín Díaz *Chufi*, Brais, Noel, Sergio Begonte, Joel Folgueira Fernández e Sergio Quiñones. Outra das renovacións é a de Isaac Rouco Castro, como xogador e como adestrador da base.

No capítulo de fichaxes o equipo dá a benvinda a Yoel Astariz, ex xogador

do Ribadeo e Viveiro, ou Iago Alonso que chega ao club procedente da SDC Residencia. Adrián Yebra volve dende o Pol tras dous anos noutros equipos da provincia. Do mesmo equipo chega Xavier Alexander Folliadoso e Rober Sánchez. Regresa á súa casa Hugo Buide que fixo o seu debut como sénior neste club. Chega procedente da SD Sarriana.

Os equipos de fútbol sala presentan as súas novidades

VILALBA FS. Joaquín Martínez *Kini* confirmou a súa renovación no Vilalba FS para a tempada 2020-2021. O parón da competición por mor da pandemia da covid-19 impediu que o equipo xogara os play off de ascenso, xa que na xornada na que se interrompiu a competición o equipo vilalbés estaba quinto clasificado a un punto do cuarto e podía pelexar para quedar entre os catro primeiros.

Kini farase cargo tamén do equipo xuvenil e será o coordinador das categorías de base do Vilalba FS xa que José López deixa o corpo técnico do Vilalba por cuestións laborais. Por outra banda, deixarán o equipo Pablito Villar, o baluarte Asier González, o canteirán Xosé M. Iglesias e o veterán Iago Amarelo.

O club xa deu a coñecer como quedará o primeiro equipo a próxima tempada. Así, renovarán Juan na portería, Nuno, Paulo, Aitor e Antón mentres que *Chafa* sobe ao primeiro equipo tras rematar como xuvenil.

CONCELLO DE BEGONTE. David Pena será o encargado a vindeira tempada de liderar ao Concello de Begonte FS por quinta vez.

O adestrador deberá encargarse de conducir con éxito ao equipo na Terceira División, onde quedou tras conseguir o ascenso como cabeza do grupo Norte de Preferente este atípico ano no que se suspenderon



Kini, novo adestrador do Vilalba FS

as competicións pola irrupción do covid-19.

O rabadense David Pena Roibás estreouse como adestrador nun equipo sénior de fútbol sala co Concello de Begonte. Estivo ao dirixir tres campañas consecutivas e o ano pasado deixouno, pero seguiu vinculado á base. Tras este ascenso, terá a tempada 2020/21 un novo reto que cumprir. O capitán, Brais Cerejo tamén continuará no proxecto de Terceira División do Concello de Begonte FS sendo un dos piares fundamentais do equipo. Tamén renovaron Yago Tizón e David.

ÍNSUAS DO MIÑO. Tras unha boa tempada en Preferente o conxunto rabadense Ínsuas do Miño FS renovou á practica totalidade do equipo comezando polo seu adestrador Christian Costoya. Antes do parón,

o equipo estaba nunha situación cómoda na táboa e nunha moi boa dinámica de traballo.

Tamén anunciaron a renovación de Javi, un dos capitáns e piar fundamental do equipo na que será a terceira tempada no club. Así mesmo continuarán Sergio, tamén por terceiro ano, e Adri Varela. Tamén seguirán Josito, Antón, Chechu, Martín Novo, Suso, o porteiro Marcos Arias e o pichichi Michael Vázquez. David Lage non continuará a próxima tempada e Diego Díaz convértese na primeira cara nova.

CASTRO FSF. O conxunto de fútbol sala do Castro anunciou xa moitas das súas novidades que fundamentalmente apostan pola renovación. A primeira noticia do club foi a baixa do adestrador do conxunto de Segunda feminina, Martínez, que deixa o equipo por motivos persoais. Na bancada do Bloques Cando Castro FS estará agora Manuel Lombardía *Manu*. Tras moitos anos dedicados ao fútbol sala como xogador pasou a ser adestrador de equipos como o Prone Lugo e Valdetires Ferrrol, donde acadou numerosos logros con ambos equipos. Ademais diso, foi adestrador da selección lucense e galega en repetidas ocasións acadando títulos tanto a nivel autonómico como nacional. Pola súa banda repite Xavi como



Abraham García, do PM Friol

adestrador dos equipos base e Primeira Galicia, *Niky* como preparador físico e Xosé Varela como delegado do equipo de Nacional. Súmase ao club Sergio Veiga como parte do corpo técnico de base e Primeira Galicia xunto a Xavi.

No tocante ás xogadoras de Segunda renovarán Lara, Sainza, Vero, Area, Andrea *Pasto*, Ana López, Uxía Díaz, Uxía *Fonsa* e *Sandriña*. Ademais ficharon a Aroa Rodríguez, que chega ao club tralo seu paso polo Lumieira e Piringalla. Na Liga Provincial confirmaron a súa continuidade Noelia e Cortón.

PM FRIOL. O primeiro equipo feminino do Peluquería Mixta Friol comezará o seu segundo ano no Reto Iberdrola cunha cambio no banco. O equipo será dirixido a próxima tempada por Abraham García Gon-

zález, un gran coñecido no ámbito do fútbol feminino. De feito, adestrou en varias categorías do Sevilla CF, no CD Hispalis de Nacional e a pasada tempada estivo a cargo do UD Tacuense.

Pola situación xerada polo covid-19, o próximo ano o conxunto de Friol competirá na Segunda División Nacional con 31 equipos xa que co movemento dos ascensos quedan dous menos que a tempada que vén de rematar, onde o conxunto, ubicado non Grupo Norte, estaba na parte baixa da táboa.

LAGO DVSPORT. Tras dous anos de crecemento, esta nova tempada o club dá un paso máis e crea o seu primeiro equipo de categoría sénior que arrincará na liga Primeira Galicia. O obxectivo marcado polo club é que os xogadores xuvenís poidan ter continuidade despois da súa etapa de formación. O encargado de dirixir este equipo será Diego Paz, ao que se unen Jairo Campo, Andrés Pérez *Andy* e Pedro Vázquez. Entre os xogadores que formarán parte do equipo están Dani Martínez, Jacobo, Pablo, Manu, Santi, Pablo, Blanco, Alberto e os xuvenís Fran e Jorge.

SANTA ISABEL. O conxunto de Outeiro de Rei polo momento comunicou baixas, como a de Lucas Román e Adrián Seijas.

Clubs da comarca poñen á venda as súas propias máscaras

Os equipos prepáranse para a próxima tempada e, coa responsabilidade de concienciar do uso de máscaras, algúns están elaborando os seus propios sistemas de protección que lles permitan ademais identificarse co seu equipo ao usar as cores representativas do club.

É o que está a pasar en equipos xa coñecidos da Terra Chá. Por exemplo no Perruquería Mixta Friol, véndense máscaras reutilizables, lavables e deseñadas para usar filtro. Están á venda a 6 euros para socios e 8 para os non socios. Os interesados en compralas poden facelo contactando co club.

No Vilalbés, a acollida foi tan boa que as máscaras tamaño adulto están esgotadas provisionalmente. Nesta ocasión fixeron dous tipos, a de adulto e a de neno. Unha ten un



Máscaras do PM Friol e do Vilalba FS

prezo de 6 euros e dúas 10 euros. Trátase de máscaras de dobre capa e deseño ergonómico con certificación. Poden mercarse na cafetería A Pravia, Centro Cultural, librería Andel, nas parrilladas O Adro e A Revolta, na gasolinera Galp e nos bares O Porrás, Praia e Estudiante.

O Vilalba FS tamén puxo á venda máscaras hixiénicas reutilizables

coa cor verde do equipo para que todos os socios e simpatizantes podan protexerse fronte a covid-19. O prezo de cada máscara é de 6 euros e dúas son 10. A encarga poderase realizar enviando un e-mail á dirección de correo vilalbafs@yahoo.es indicando o nome e apelidos, teléfono de contacto e talla (adulto ou neno).

O Esteo FS e o CD As Pontes inician o proceso de cara á fusión

Os clubs deportivos Esteo FS e CD As Pontes asinaron onte, no salón de plenos do Concello das Pontes, un convenio de colaboración, no ámbito deportivo, social económico, a partir da tempada 2020-2021.

Os dous clubs traballarán un proxecto de futuro co obxectivo de que os grandes beneficiarios sexan os nenos e as familias tanto da vila como de toda a comarca.

Con este primeiro paso, ambos clubs traballarán conxuntamente, para que, a curto prazo, se as persoas socias de ambos os dous clubs o aprobasen, se poidese chegar a unha fusión definitiva para crear un gran club pontés. Desde o Concello das Pontes, o concelleiro de Deportes, Chicho



Representantes municipais e dos dous equipos, trala firma do convenio

Tembrás, e o concelleiro de Urbanismo e Coordinación do Goberno, Antonio Alonso, destacan a importancia deste convenio de colaboración entre os dous clubs deportivos do municipio que contan con máis integrantes, apostan-

do, desde unha absoluta xenerosidade, por aunar esforzos e poñer todo o que teñen en común para aproveitar sinerxias como, desde fai moito anos, se ven facendo noutros ámbitos con tan bos resultados.

Convocatoria para as bases

Os clubs, algo con retraso a causa do parón deportivo dos últimos meses polo problema sanitario que atravesou o país, está facendo a habitual chamada ás bases para formar os equipos de todas as categorías de pequenos de cara ao ano que vén.

Como todos os anos, o CD As Pontes abriu o prazo de inscrición para participar nas bases do equipo a próxima tempada, que se inicia en setembro. Así, os pequenos e pequenas de en-

tre 3 e 4 anos e 15 poderán inscribirse nos distintos equipos para as categorías biberón, prebenxamín, benxamín, alevín, infantil e cadete. Os conxuntos serán mixtos e ademais haberá un equipo só feminino para nenas a partir tamén dos 15.

Os interesados en anotarse poderán informarse nos teléfonos 620 401 459 preguntando por Iván ou no 616 523 779, preguntando por Suso. As novas altas e renovacións terán

que facerse a través do correo info@cdaespontes.es.

Tamén o CD Castro abriu estes días o prazo de inscrición para participar nas bases do equipo.

Así, os pequenos e pequenas de entre 8 e os 18 poderán inscribirse nos distintos equipos para as categorías benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil. Os interesados en anotarse poderán informarse no teléfono 627 903 692, preguntando por Dumi.

A Escola de porteiros do DVSPORT abre o prazo de inscrición para setembro

Xa está aberto o prazo de inscrición para a Escola de Porteiros de Lago DVSPORT para a próxima tempada 2020/21. Pódense apuntar xogadores federados, non federados ou que non formen parte de ningún equipo. Os adestradores serán Senén Bouza e Dani Purriños que sacaban hai uns meses o Curso Universitario Técnico de Especialización en Adestramento de Porteiros de Fútbol Sala, aumentando así os seus coñecementos para poder contribuír á formación e desenvolvemento das bases e tamén colaborarán nos entrenos dos porteiros do equipo sénior.

“Os nosos obxectivos céntranse en cubrir as diferentes etapas de aprendizaxe do porteiro. Na nosa escola trabállase con persoas de diferentes idades en grupos reducidos adaptando os exercicios para coidar ao detalle cada un dos puntos de mellora”, explican.

O obxectivo da Escola do Lago DVSPORT é adaptar os adestramentos ás diferentes etapas de aprendizaxe de cada un.



Presentación da escola de porteiros

Entre os obxectivos da escola está adaptar o adestramento ás diferentes etapas de aprendizaxe, mellorar a competencia motriz, mellorar de forma selectiva as accións técnicas específicas do porteiro con balón: blocaxes, desvíos, despexes, saques, elementos técnicos comúns; mellorar de forma combinada as accións técnicas específicas do porteiro, mellorar aspectos condicionais/coordinativos adaptados a cada idade e profundizar no coñecemento do regulamento.

O Galibudo de Vilalba terá o seu lado máis solidario

Un ano máis desde a Escola de Tae Kwon-Do Moo Duk Kwan de Vilalba celebrarán o Galibudo 2020, este evento de nivel nacional que se fará durante o 5 e 6 de setembro.

Este ano e debido á situación excepcional, as actividades veranse reducidas no referente ao número de persoas, 25 en clases prácticas e 30 en comidas.

Este ano sacarán o seu lado máis solidario poñendo á venda unhas pulseiras representativas do evento e de Vilalba, no que os beneficios irán destinados a apoiar aos que máis o poidan necesitar nestes momentos.

Desde a organización decidiron desenvolver varias accións paralelas, é dicir, ademais da práctica e teórica específica do contexto das artes marciais, terán a ocasión de coñecer paisaxes e lugares verdadeiramente emblemáticos da contorna.

O punto de reunión será o Parador Nacional de Turismo o sábado entre as 10 e as 10.15 horas procedendo á celebración das actividades previstas segundo o permita a climatoloxía. En caso de bo día realizarase unha excursión a un lugar especial para facer un adestramento na natu-



reza e sesións fotográficas e, na tarde, teremos salón de actos con charlas a cargo dos mestres asistentes.


En caso de mal día, procederase a realizar as actividades de salón de actos na mañá e a tarde será libre, podendo gozar daquelas actividades que puidese ter previstas o concello xa que son as festas patronais.

Xa na noite ás 21.30 terá lugar a cea de Galibudo no Parador Nacional de Turismo e o domingo a actividade será ás 10.30 no Parador Nacional de Turismo, ao que recomendan levar bañador. Xa ao mediodía será a despedida no restaurante da praia fluvial de Vilalba.

COLABORACIONES

Ruindade

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

O córrenselle a un moreas de cualificativos con parecido significado, malo por desconta-do, para referirmonos á trama que, supostamente —sempre cómpre utilizar este termo—, estaban levando a cabo as donas dunha empresa de axuda domiciliaria na nosa provincia. Resulta que, segundo as investigacións das forzas da orde, había un grupo de mulleres inmigrantes nunha situación de irregularidade que estaban a prestar as funcións de

coidadoras ou empregadas de fogar sen existir unha relación contractual entre elas e a compañía que contrataba os servizos coas familias ás que atendían.

Cando lemos novas coma esta, é inevitable que nos invada unha sensación de pena e desacougo. Primeiro, polas características de especial vulnerabilidade desas mulleres chegadas alén das nosas fronteiras e que deixaron o seu entorno habitual para viren acó co obxectivo de mellorar o nivel de vida delas mesmas e dos seus. Aproveitarse desa debilidade semella un déficit importante de moral, ademais dun abuso contra outras persoas que parten dunha situación polo xeral moi precaria. En segundo termo, doe que

este tipo de prácticas se podan estar cometendo nun sector que é un auténtico xacemento de emprego, cunha demanda en continuo aumento, como é todo o relacionado coa prestación de coidados na casa nas que residen persoas maiores ou en situación de dependencia. Nos últimos anos, o incremento do avellantamento da poboación levou consigo que desde os concellos se estean a prestar servizos de axuda no fogar cada vez con maior intensidade, onde a finalidade é que esa persoa atendida poda seguir vivindo no seu medio con garantías. Así mesmo, de forma privada, as familias tamén recorren a fórmulas parecidas con idéntica intención. De aí que xurdisen entidades privadas

que se dedican a este tipo de actividade, as cales ocupan a centos de mulleres —masivamente é o sexo feminino o que traballa no sector—, ó longo do País, resultando que en moitos concellos da Galicia Rural, a empresa responsable de prestar o servizo de axuda no fogar sexa unha da que ten máis empregados ten no municipio onde están a traballar. É evidente que non estamos a falar dun tema secundario, xa que por unha parte atinxe á dignidade e calidade de vida das persoas atendidas e das súas unidades familiares, e pola outra, como sinalamos, supón unha fonte de emprego considerable na zona.

Cómpre que estas presuntas actuacións cheas de ruindade e de falta de

escrúpulos por aqueles que as cometen, sexan destapadas e postas ante quen corresponda para que non se repitan. Apelemos entón ás administracións públicas que externalizando o servizo de axuda no fogar, contratan unha empresa, para que velen pola correcta relación laboral desas auxiliares que atenden os beneficiarios nas súas propias casas. E semellante chamamento deberiamos facer ás familias que pola súa conta acuden a estas entidades. Deste xeito evitaríanse circunstancias de explotación como a que está a ser investigada, ademais de favorecer a profesionalidade e bo facer dunha iniciativa empresarial tan necesaria nos tempos actuais e, moi probablemente, tamén no futuro.

1959, a vida de arredor

A CASA DOS MARIOS



Moncho Paz

O 1 de xaneiro de 1959, o presidente Fulgencio Batista tivo que fuxir de Cuba polo avance inexorable das forzas rebeldes dirixidas por Fidel Castro, un avogado de 32 anos con ascendencia galega por parte de pai. Co triunfo da Revolución, milleiros de persoas botáronse de súpeto ás rúas da Habana para celebrar a fin da ditadura. Respirábase un aire de festa, as bandeiras cubanas cubrían os balcóns e o xentío congregábase fronte á prisión do Príncipe, agardando que os xuíces do Tribunal Superior publicasen as ordes de liberación de centenas de presos políticos. Tras o éxito do proceso revolucionario, vivíronse algúns intres de confusión nas rúas da capital ao non haber ningunha autoridade responsable. A xente saíu á rúa armada con barras de aceiro e co firme propósito de acabar con algúns dos símbolos do goberno de Batista, como centenas de máquinas tragaperras dos casinos, que foron arrasadas e saqueadas. Asemade, foron baleirados fogares de parentes e de amigos do presidente, ao igual ca as residencias do ministro do Interior, Santiago Rey, e do xefe de Policía, o coronel Esteban Ventura, artífices da represión instaurada polo réxime. Neste novo escenario político e social, a familia

Yáñez Paz permanecía á expectativa, pendente de tomar decisións de cara ao futuro e prestando especial atención aos acontecementos de cada xornada.

Semanas despois, e poucos días antes de comezar a primavera, a miña avoa María dicía adeus a este mundo. Foi o 13 de marzo, un venres, ás cinco da mañá. Finou na casa familiar de Vilalba, por mor dunha síncope cardíaca como consecuencia da rotura por dilatación da arteria aorta. Tivo unha morte doce, foise apagando lentamente e sen dor, mentres o meu avó Mario Xosé lle acariñaba a man e cantaruxaba a letra de ‘Quiéreme mucho’, a súa canción preferida. Unha especie de “segundo himno cubano” que se estreou en 1912 e que despois dun século segue a entoarse dentro e fóra da illa caribeña: “Quiéreme mucho, dulce amor mío / que amante siempre te adoraré / yo con tus besos y tus caricias / mis sufrimientos acallaré. / Cuando se quiere de veras / como te quiero yo a ti / es imposible, mi cielo / tan separados vivir”.

Nada en Vilalba o 23 de xaneiro de 1899, bautizada como María Cándida Vicenta Irene Guntín Prieto, a miña avoa foi unha muller que conciliou como puido a familia e máis o traballo. Atendía os distintos quefaceres do ultramarinos, ao mesmo tempo que asumía a maior parte da responsabilidade na crianza dos seus fillos, tendo en conta a circunstancia adicional de que o meu avó non amosaba moito interese pola vida



social dende o remate da guerra civil. Ela foi o seu gran apoio moral nos momentos difíciles, sempre estiveron moi unidos. Os rapaces aprenderon axiña a maior parte das tarefas relacionadas co desenvolvemento do negocio, pois dende meniños acompañaran aos seus pais polas feiras da contorna, onde daban a coñecer os numerosos produtos de alimentación que comercializaban habitualmente na tenda. Como lembraba a miúdo o Chavito, na casa respirábase estabilidade e calor familiar, el e os seus irmáns tiveron unha infancia feliz.

Tras a marcha da miña avoa, Mario Xosé sumiuse nun estado de fonda tristura e, pouco a pouco, foi perdendo interese polas cousas cotiás, entrementes traspasaba toda a responsabilidade de xestión do negocio familiar aos seus fillos, Mario, Cándido e Ramón. Ademais do pasamento da súa dona, o meu avó non soportou algunhas malas novas que estaban a acontecer naqueles tempos escuros, como a inaugura-

ción do Val dos Caídos, monumento suntuoso construído principalmente con man de obra escrava dos presos republicanos, ou a visita oficial do presidente Eisenhower, que supuxo o recoñecemento internacional ao réxime de Franco, quen incluso se atreveu a declarar fachendoso “agora si que gañei a guerra”.

Estes feitos fixeron que perdera vitalidade durante 1959, proclamado pola propaganda franquista como “o ano da nova ordenación económica”. Nin sequera os seus fillos foron capaces de animalo o día no que o maior, Mario, comentou na casa a súa intención de achegarse ata A Coruña o 21 de xuño, pois quería asistir á XIV edición do trofeo Teresa Herrera no estadio de Riazor. Estaba previsto que dende o Bar Roca partise unha expedición a mesma mañá do partido, no que se enfrontaban dous equipos brasileiros: Santos Futebol Clube e Botafogo de Futebol e Regatas. Vírono tan esgotado que, finalmente, Mario decidiu non apuntarse á viaxe. Contaba Paco Roca

que o estadio presentaba un marabilloso aspecto, con preto de corenta mil persoas no público e unha tarde de temperatura moi agradable, o mesmo día que comezaba o verán. Aquel encontro deportivo rematou coa vitoria do Santos por 4 a 1. Unha oportunidade única para presenciar en directo as filigranas de dous artistas do balompé: Pelé, a estrela do Santos, e Garrincha, considerado o mellor caneador da historia. Aquel foi o verán dos brasileiros, no que varios equipos percorreron o territorio español acompañados por unha cuadrilla de xornalistas e fotógrafos. A vitoria de Brasil no Mundial de 1958 suscitara un particular interese por aquel xogo creativo, ofensivo e cheo de ritmo.

Transcorreron varios meses, e o 1 de abril de 1960, tamén nun venres, Mario Xosé foise paseniñamente tras o gran amor da súa vida, nun sono vespertino do que nunca esperou. Nos derradeiros días, como se estivera a repasar a súa existencia, falaba moito dos anos da mocidade e da etapa en Cuba, lembrando a vellos amigos e familiares. Atopouno meu pai, o Chavito, deitado sobre o leito cun xesto apracible; inmediatamente avisou aos seus irmáns, ao seu padriño Ramón Guntín e correu á procura do médico da familia, Plácido Orosa, a quen non achou na consulta, polo que acudiu ao domicilio de Daniel García Vázquez, o outro doutor da vila, que só puido certificar a súa defunción. Contaba sesenta e tres anos de idade.

Por unha prensa en galego para normalizar o país

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Este periódico, foi fundado en outubro de 2003 por Felix Jorquera Caselas, coa intención de crear un medio independente, que tivera moita incidencia a nivel cultural e dar unha información do que acontecía nos concellos da nosa comarca. Empezou con unha tirada de 2.000 exemplares e agora anda polos 4.000, o que nos amosa a aceptación que tivo ao longo da súa historia entre a poboación da chaira.

Hoxe, a pesar do cambio habido na dirección, segue coa mesma teima de acadar os mesmos fins para os que foi fundado, informándonos das diferentes actividades que se levan a cabo nos diferentes concellos da Terra Cha, tanto por medio da edición impresa como da virtual, dando voz ao noso agro e a outros sectores en perigo de extinción por culpa das políticas impostas, xa que Galicia, por desgraza, é unha nación sen Estado e a súa relación coa metrópole que nos desgoberna é puramente colonial, impoñendo-

nos a súa lingua e unha política favorable aos intereses do imperio, en detrimento dos nosos.

Proba do que estou a dicir é que producimos electricidade, exportando o excedente a outras zonas do Estado nas que alimenta as industrias que crean postos de traballo e riqueza neses lugares, mentres aquí nos pechan ALCOA, despedindo aos seus traballadores, e pagamos as facturas mais caras que os habitantes e as empresas deses pobos onde se consume; somos a nación do Estado Español que mais leite produce, pero, debido a inacción do goberno da Xunta, os nosos paisanos do rural teñen que vendelo ás multinacionais foráneas a un prezo por baixo dos custes de produción; temos que pagar a autoestrada AP-9, a mais cara do estado e axudamos a rescatar as ruinosas autovías madrileñas; están destruindo o noso sector primario e os nosos paisanos, para poder sobrevivir, teñen que plantar eucaliptos nos prados e fincas de labranza para maior gloria de ENCE e dos ex dirixentes políticos do PSOE e do PP, que utilizaron a "porta xiratoria" para colocarse no seu consello de administración e para que teñan mais materia

prima os pirómanos.

Todas estas verdades, e moitas mais que me deixo no tinteiro, probablemente non serían publicadas nalgún dos periódicos tutelados que adulan ao poder establecido. Teríame que aplicar a auto-censura si quixera velas publicadas neses medios, pero escribo este artigo para un periódico verdadeiramente independente e democrático, no que teñen cabida e se respectan todas as ideas, polo que estou seguro que estas verbas chegarán ao lector sen ningún tipo de recortes nin censuras.

É, para min e para todos os que amamos a nosa terra e o seu idioma, unha ledicia poder celebrar o número 200 deste periódico. Cando moitos diarios, editados integramente en galego, como Galicia Hoxe, o Xornal de Galicia, e semanais, como A Nosa Terra, tiveron que pechar, polo que hoxe so quedan -ademais doutras pequenas publicacións, como Tempos Novos e De luns a venres- o diario Nós, este Terra Chá, na nosa Chaira e A Peneira -tamén Mensual-, na Área Metropolitana de Vigo e o sur da provincia de Pontevedra. Estas dúas publicacións mensuais teñen aínda mais mérito ao ser

gratúitas, subvencionándose cos anuncios de establecementos comerciais e a publicidade de algún que outro concello. Sen embargo apenas aparece nestes medios publicidade institucional da Xunta de Galiza, que ten a obriga de defender a lingua propia de Galicia, polo que debéran contar co trato preferente desa Administración.

Pero non é soamente na publicidade onde marxina a estes medios verdadeiramente independentes, senón tamén no das subvencións a estes periódicos que fomentan o noso idioma, xa que as subvencións fanse aos grandes monopolios da información e non a aqueles que loitan día a día pola súa supervivencia e compre fomentar entre todos a lectura e potenciar o consumo destes medios. As axudas, para ser xustas, deberan ser inversas á tirada, como se fai en Madrid e non subvencionar a "El Corte Inglés" porque pon "Rebaixas" na vez de "Rebajas", polo Día das Letras Galegas e son precisamente os periódicos que non utilizan mais do 5% do galego na súa liña editorial os que mais diñeiro perciben, o que nos amosa o desinterese da Xunta polo idioma natural de Galiza.

É tal o desleixo da Xunta, que podemos ver diariamente como o oprime, na vez de potenciarlo, prohibindo dar clases de física ou matemáticas en galego, permitido dalas en inglés, coa sinistra intención de desprezar ante os estudantes a lingua que utilizou Alfonso X, o rei mais Sabio que tiveron os españois. Isto a pesar de que o Consello de Europa volve a reclamar á Xunta o fin das trabas para a ensinanza en galego e da contrarreforma lingüística nas escolas. O reproche europeo mais recente chegaba nos primeiros días de decembro do ano pasado, debido ao incumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias, tratado internacional rubricado polo Reino de España no ano 2001, con Aznar no Goberno central, no que o Comité de Expertos constatou diversos incumprimentos en Galicia derivados das medidas tomadas por Feixóo.

Por todo isto é necesaria esta prensa, que, sen complexos, dá valor ao noso, facendo un periodismo ameno, sinxelo e próximo, que axuda a normalización do noso país.

Mil primaveras mais para o noso idioma e para este medio que o utiliza!

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN

Concello: 982 50 80 21
Garda Civil: 982 50 80 11
Centro de Saúde: 982 50 81 22

A PASTORIZA

Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil: 982 34 90 20
Centro de Saúde: 982 33 21 41

AS PONTES

Concello: 981 45 31 16
Policía Local: 981 45 31 91
Garda Civil: 981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

BEGONTE

Concello: 982 39 61 43
Garda Civil: 982 39 80 08
Centro de Saúde: 982 39 69 02

CASTRO DE REI

Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil: 982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa): 982 21 10 18
Castro de Rei: 982 31 42 11
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

COSPEITO

Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil: 982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20
Feira do Monte: 982 50 34 69
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

FRIOL

Concello: 982 37 50 01
Garda Civil: 982 37 50 02
Centro de Saúde: 982 37 10 98
Cita Previa: 982 37 10 05

GUITIRIZ

Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil: 982 37 00 01
Centro de Saúde: 982 37 21 10
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

MEIRA

Concello: 982 33 01 02
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 35 69 27
Cita previa: 982 33 02 40

MURAS

Concello: 982 50 00 01
Garda Civil: 982 50 00 20
Centro de Saúde: 982 50 01 23

OUTEIRO DE REI

Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil: 982 39 00 05
Ambulancia: 982 23 16 13
Centro de Saúde: 982 39 25 98
Cita previa: 982 39 32 67
P.A.C.: 982 39 34 00

POL

Concello: 982 34 50 29
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

RÁBADA

Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil: 982 39 00 05
Centro de Saúde: 982 39 01 01

RIOTORTO

Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

VILALBA

Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil: 982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

XERMADE

Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03
/ 982 50 10 27
Garda Civil: 982 50 10 08
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

+ Teléfonos: www.terrachaxa.com

TELÉFONOS DE INTERESE



Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



terracháxa
xornal independente da chaira www.terrachaxa.com

Para calquera suxestión,
información ou comentario
non dubide en poñerse
en contacto con nós.

Teléfono: 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com



Edición: PORTAS COMUNICACIÓN SL
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 673 903 924 - 982 510 335
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións SL
Dep. Legal: LU-517-03





Gañadores do primeiro concurso Raíña do Chaira



Asubios da Chaira tocando na rúa, ao lado da casa da Cultura de Cospeito



Entrega do obsequio ao gañador do concurso de fotografía de hortas



Entrega de agasallos do programa Compite Vilalba



Club da lectura na Casa Museo Manuel María



Rapaces no primeiro campamento do Ceip Terra Chá



Entrega do premio de fotografía de Sotavento



Participantes nun dos primeiros cursos de condución segura no circuito da Pastoriza tralo confinamento



Leña verde, no seu primeiro ensaio tralo coronavirus



I Ruta Mirador Terra Chá en Pena de Rodas



Cumpreanos número 100 de Nicasia Criado na residencia de Vilalba



Viaxe dos nenos de Guitiriz ao parque acuático de Cerceda



100 cumpreanos de Manuel Álvarez Muíña, de Riotorto



Presentación do libro *La sirena de Fonmiñá* en Meira



Xornada de portas abertas no Castro de Viladonga

JANSU

Domingo Goás, 16 baixo
27800 Vilalba
Tel.: 982 510 367
651 577 247

Volvemos á normalidade, esperámoste!

DENDE 0 € - PREGUNTANOS COMO
JANSU VILALBA

- PERRUQUERÍA
- FOTODEPELACIÓN
- TAIKWONDO ADULTOS - INFANTIL
- DEFENSA PERSONAL
- ZUMBA ADULTOS - INFANTIL
- CROSS TRAINING
- T & X SUSPENSIÓN M. P. & S.
- SPINNING
- INDICACIÓN RETMOS LATINOS
- KINNASIA MANEJAMENTO SUAVE
- ADESTRAMENTO PARA MAIORES
- ADESTRADOR PERSONAL

PASATEMPOS

SUDOKU

Fácil

	8		5	2	6			7
					8	2	3	
	7		3					5
8	6		7			5		
7			4					8
4								3
					4			
3			2			7	4	9
5	4		9	3		6	8	

Difícil

		8						
	5			3	2			
		6				4	5	
	4	5	6			2		
		7		5		9		3
			3	4			8	6
			8		3			
5		3	1		6		2	
2		9	4				6	

Extremo

1				3		8		
				9			2	
				2		5		6
		6	3					5
	8			9				
		7					1	
		5						
6	2	9	8					
		8		6		4		


AS SETE DIFERENZAS



XEROGLÍFICOS



Terreo anegado



Como está o enfermo?

SOLUCIÓNS

5	4	2	9	3	7	6	8	1
3	1	8	2	6	5	7	4	9
6	9	7	8	1	4	3	5	2
4	2	5	6	8	1	9	7	3
7	3	9	4	5	2	1	6	8
8	6	1	7	9	3	5	2	4
2	7	6	3	4	9	8	1	5
9	5	4	1	7	8	2	3	6
1	8	3	5	2	6	4	9	7

Fácil

2	8	9	4	7	5	3	6	1
5	7	3	1	9	6	8	2	4
6	1	4	8	2	3	7	9	5
1	9	2	3	4	7	5	8	6
8	6	7	2	5	1	9	4	3
3	4	5	6	8	9	2	1	7
9	3	6	7	1	8	4	5	2
4	5	1	9	3	2	6	7	8
7	2	8	5	6	4	1	3	9

Difícil

7	3	8	1	6	9	4	5	2
6	2	9	8	5	4	7	1	3
4	1	5	7	2	3	6	8	9
5	9	7	6	4	2	1	3	8
3	8	1	5	9	7	2	4	6
2	4	6	3	1	8	9	7	5
8	7	4	2	8	5	3	6	1
6	5	3	9	7	1	5	2	4
1	5	2	4	3	6	8	9	7

Extremo



Terreo anegado: Pantanoso
Como está o enfermo?: Comatoso

XEROGLÍFICOS

RECOMENDACIÓNS

que ler?



Wolfram: Espías, nazis e maquis
Alberto Varela Ferreiro

1939, a Guerra Civil española remata pero un conflito moito máis grande está a piques de estoupar en Europa e no mundo, no que as novas tácticas e as novas armas van facer do volframio un mineral esencial e escaso no planeta. W. C. Morgan é destinado á sucursal de The Anglo South American Bank Ltd. en Galicia. Pero baixo a identidade dun banqueiro agóchase un axente de intelixencia británico coa misión de controlar os movementos nazis na zona, contactar coa guerrilla e iniciar unha guerra comercial que dificulte todo o posible a subministración de volframio á Alemaña do Terceiro Reich. Na viaxe coñece a Molly Morrison, unha intrépida axente norteamericana coa que vivirá moitas aventuras...

a elección de...



Constantino Fernández
Voceiro do grupo socialista da Pastoriza

un libro



Cousas da vida de Castelao

un disco



Famous Last Words de Supertramp

que escoitar?



Hate for sale
The Pretenders

Hate for sale é un álbum de The Pretenders, o primeiro en toda a súa carreira que se grava pola mesma formación que sae de xira. É o undécimo álbum de estudo e o primeiro en ser escrito entre Chrissie Hynde e o guitarrista James Walbourne. Con *The buzz* como primeiro single. Dan continuidade a pista titular, *You can't hurt a fool*, *Turf accountant daddy*, e *Didn't want to be this lonely*.

unha película




La vida de Bryan dos Monthy Phyttons

unha personaxe histórica



Hipatia

que ver?



Superagente Makey
Comedia, policía

Leo Harlem interpreta a Makey, un axente de policía humilde e campechán que sen esperalo acabará envolto nunha perigosa trama internacional de narcotráfico na Costa do Sol. Completan a repartición Jordi Sánchez, Silvia Abril, María Sabaté e Maite Sandoval entre outros. Alfonso Sánchez, director de *El mundo es nuestro* e a súa secuela *El mundo es suyo*, ponse detrás das cámaras nesta comedia escrita por Jorge Lara e Fernando Pérez.

un lugar para visitar



Viena

un sitio onde vivir



A Pastoriza

unha comida



Polbo

unha bebida



Un bo Amandi

TAPAS DESAYUNOS

CAFÉS RACIONES

PINGHOS CENAS

BOCADILLOS TOSTAS

A TABERNA DE PANCHO

Avenida de Galicia N°15-17 bajo. (As Pontes)

Tlf: 981074524

DESCUBRINDO O PATRIMONIO



Miriam Fernández

A vila romana de Coea



Tres vistas da última escavación no lugar de Coea, en Castro de Rei

A principios do mes de xullo un importante achádegalo arqueolóxico veu a luz na parroquia de Coea, Castro de Rei, concretamente no lugar de Escouredos, unha interesante nova que permitiu ós historiadores seguir recollendo datos significativos para tratar de completar a historia e os coñecementos en canto ó prolífico patrimonio cultural deste concello.

Estamos a falar do descubrimento dos restos dunha vila romana, os cales viron a luz no contexto das obras para a instalación dunha torreta eléctrica de apoio no tendido que evacúa a enerxía do parque eólico de Corvelle cara a subestación eléctrica de Ludrio. O terreo no que apareceu a vila sitúase a medio kilómetro das casas do barrio, próximo ó río Azúmara e destinado actualmente á produción de forraxe, nunha pequena elevación que

de seguro se aproveitou para o posicionamento da facenda dentro do seu dominio territorial.

Aínda que o acontecemento foi sorprendente para todos, algúns achádegos fortuítos previos (fragmentos de columnas, unha pia pétrea e escoura de ferro), xunto cos datos obtidos de dúas sondaxes a un metro de profundidade realizadas cun ano de antelación que revelaban a presenza de muros, apoiaban xa a máis que posible existencia dun importante xacemento baixo a capa de sedimentos que rexurdaría de novo despois de anos de letargo.

Os traballos arqueolóxicos que permitiron o estudo preliminar da vila tiveron vinte días de duración, unha labor executada nunha superficie aproximada duns corenta metros cadrados, unha pequena porción do que sería esta casa rural romana que combinaría as funcións de residencia e de centro produtivo, da

cal os datos apuntan que tería máis de dous mil metros cadrados de superficie e dataría entre os séculos II e IV.

Durante as escavacións saíron á luz varias estancias da casa, cuns muros e superficies bastante ben conservadas, fragmentos de tégalas (das que algunhas pre-

O terreo no que apareceu sitúase a medio kilómetro das casas do barrio, próximo ao Azúmara

sentan marcas de oleiro), ladrillos, anacos de escoura de ferro de distintos tamaños e as columnas dunha lareira. A gran cantidade de escoura que se atopa no xacemento e nas inmediacións confirma a idea de que nesta vila se desenvolveron tanto a la-

bres agropecuarias coma a de transformación do ferro, polo menos en canto ó relacionado coa redución e limpeza do mineral extraído dunha mina de ferro existente na contorna. A mesma toponimia do lugar, Escouredos, de seguro que recolleu directamente a existencia desta actividade e a mesma presenza da escoura de ferro, conxunto de impurezas producido ó fundir nun forno a mena do mineral para o seu posterior tratamento. Os datos extraídos das exploracións magnéticas do terreo e os datos do xeorradar (aínda por rematar de estudar), axudarán tamén a a coñecer a extensión total das estruturas habitacionais, os distintos niveis de ocupación e outros importantes datos que de seguro verán a luz nos meses vindeiros. Co afloramento desta vila tamén rexurdiron con forza as hipóteses dalgúns estudosos sobre a posibilidade de que esta residencia pertencese a

Teodosio O Grande, emperador romano nacido en Cauca no 347, localización identificada tradicionalmente coma Coca (Segovia) e que quizais podería referirse realmente á Coea de Castro de Rei.

Despois do estudo e catalogación dos restos procedeu a tapalos de novo con terra ata acadar o nivel orixinal (empregando un xeotéxtil como elemento separador) para protexer as estruturas mentres non se proxectan novas intervencións ou plans de musealización da vila, ideas que, de executarse e xestionarse correctamente, se converterían nun novo atractivo para o concello e a comarca.

Polo momento, á vila romana de Coea tócalle durmir de novo por un tempo, máis os veciños e amantes do patrimonio gardan a esperanza de que algún día se poda contemplar esta xoia arquitectónica en todo o seu esplendor.




CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

Cursos y Certificados

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista



formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
 alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
 Telf.: 982 51 36 05